

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 21

SESION ORDINARIA DO 25 DE NOVEMBRO DE 2020

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abel
Aguiar Castro Yolanda
Aneiros Pereira Jaime
Blanco Iglesias Eugenia Dolores
Caride Estévez María José
Espinosa Mangana Elena
Estevez Rodríguez, Pablo Luis
Fernández Pérez José Manuel
Gomez Días Gorka
Iglesias González Ana Laura
Lago Barreiro M.^a del Carmen
López Font Carlos
Losada Alvarez Abel Fermín
Mejías Sacaluga Ana Maria
Pardo Espiñeira Francisco Javier
Rivas González Ángel
Rodríguez Calviño Patricia
Rodríguez Díaz Santos Héctor
Rodríguez Rodríguez Nuria
Silva Rego M.^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Gonzalez Castillo, Jesus Marco
Lopez Roman, Patricia
Marnotes González, Jose Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Mendez Fuentes Oriana
Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

Con motivo do estado de alarma decretado polo Presidente do Goberno, o día 14.03.2020, e posterior remate do estado de alarma en Galicia o día 15.06.20, este Pleno segue realizándose por vídeo conferencia.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e cinco de novembro do ano dous mil vinte, coa Presidencia do Excmo. Sr.

Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e a asistencia presencial dos Tenentes de Alcalde Sres. e Sras., Silva Rego, Pardo Espiñeira, Espinosa Mangana e Caride Estevez, así como os voceiros dos grupos municipais, Sres. Lopez Font, Marnotes González, Perez Correa e Pérez Igrexas, e os demais concelleiros presentes na video conferencia, Sres. e Sras., Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Sr. Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Días Gorka, Gonzalez Castillo, Iglesias González, Lago Barreiro, López Roman, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Mendez Fuentes, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Diaz e Rodríguez Rodríguez, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. Jose Riesgo Boluda (tamén presente na Sala), constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente na Sala o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Bos días señores/as concelleiros, iniciamos Pleno sesión ordinaria, convocado para o día de hoxe ás 9,00 horas, orde do día en poder das señoras/es concelleiros, constamos quórum presencial e telemático e iniciamos a orde do día non sen antes facer unha expresión pola miña parte de condolencias á familia de Carlos Mantilla e dun recordos sobre Carlos Mantilla, antigo concelleiro deste Pleno, persoa entroncada na cidade de Vigo, en defensa da cidade durante tantos anos e transmitindo o noso pesar e noso lamento polo seu falecemento e a nosa aperta cariñosa a toda a súa familia.

Procedemos coa orde do día se lle parece aos señores/as concelleiros.

PARTE RESOLUTIVA

1(207).- ACTAS ANTERIORES: (ORDINARIA DO 30.09 E EXTRAORDINARIA DO 15.10.2020).

Por unanimidade dos vinte e sete membros da Corporación (sete presenciais e vinte por control remoto) que a constituén de dereito e de feito, apróbanse as actas ordinaria do 30 de setembro e extraordinaria do 15 de outubro de 2020.

.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

2(208).- INTERVENCIÓN DE DONA CONCEPCIÓN MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, VOGAL DA ASOCIACIÓN DE MULLERES LÚA, COLECTIVO INTEGRANTE DO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER PARA EXPOÑER O TEXTO PROPOSTO CON MOTIVO DO DÍA 25 DE NOVEMBRO “DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES”. EXPTE. 10517/224 (REXISTRO PLENO 2696/1101).

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de novembro, número 2696/1101, a xefa do Servizo de Igualdade co conforme da concelleira delegada de Igualdade e Normalización Lingüística, remiten a seguinte proposta creada no seo do Consello Municipal da Muller,

“Preséntase, para a súa valoración, a proposta de texto para a Declaración Institucional do Concello de Vigo que con motivo da próxima conmemoración do 25 de novembro, Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres, propón o Consello Municipal da Muller.

En representación do Consello, lerá a dita Declaración Dña. Concepción Martínez Rodríguez, vogal da Asociación de Mulleres Lúa, colectivo integrante do Consello Municipal da Muller.

De seguido transcríbese a dita proposta co obxecto de que poida ser remitida á Corporación municipal para a súa valoración.

Texto proposto:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLO 25 DE NOVEMBRO “DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES” – PLENO 25/11/2020

“Chegamos de novo ao 25 de novembro, son tempos difíciles, pero dende o Consello Municipal das Mulleres da cidade de Vigo seguimos traballando a prol da xustiza e da liberdade, porque ningunha muller pode quedar sen voz, e máis neste ano 2020, un ano que silencia todo aquilo que considera secundario, ante unha crise sanitaria que vemos que non fixo máis que intensificar as desigualdades sociais, máis concretamente as situacións das violencias contra as mulleres. Neste 2020, máis ca nunca, seremos a voz das sen voz.

Queremos trasladarlle á cidade unha mensaxe de esperanza, de optimismo, aínda que as cifras que manexamos cada día nos indiquen o contrario, aínda que cada vez que acendemos a televisión aparezan de xeito continuo noticias nas que as mulleres son as protagonistas, e non polo seu traballo, senón por seren as destinatarias da grande cantidade de feitos violentos que acontecen cada día.

Queremos unha sociedade igualitaria, na que as mulleres teñamos o que nos corresponde, eliminando calquera tipo de violencia, ben sexa física, sexual, psicolóxica... Queremos que as mulleres teñamos o papel que nos corresponde, que poidamos chegar a calquera das metas que nos propoñamos, que saiamos a rúa sen medo, e que esteamos satisfeitas co noso corpo, a nosa procedencia e a diversidade que temos.

E para conseguir todo isto precisamos da axuda das administracións, especialmente deste Concello como administración máis próxima á cidadanía.

E especialmente neste ano, no que a terrible pandemia provocada pola Covid está a aumentar as dificultades que moitas mulleres teñen a cotío na súa vida, onde cada día senten medo e non poden manifestarse de xeito libre.

Dificultades que tamén afectan aos seus fillos e fillas, vítimas tamén desta situación.

Esta crise sanitaria intensificou problemáticas que o movemento feminista xa tiña enriba da mesa, como a necesidade de conciliar, poñer o valor dos coidados no centro, a situación do persoal sanitario, das limpadoras, das coidadoras, das traballadoras domésticas...todas na primeira liña do coidadoda sociedade, porque somos nós as que sostemos e mantemos o equilibrio dun sistema que non fai máis que invisibilizarnos e utilizarnos cando máis lle convén, ata o punto de chegar a suprimir os nosos dereitos humanos.

As mulleres representan o 70% da forza laboral social e sanitaria en todo o mundo, e unha elevada porcentaxe de nós mostrará secuelas tras esta crise, algunhas destas secuelas prolongaranse no tempo, tal e como sucedeu noutras epidemias e noutros contextos: ansiedade, depresión, tensión aguda... Isto requirirá intervencións específicas cos colectivos maioritariamente afectados, neste caso coas mulleres. Os gobernos teñen a responsabilidade de non deixarnos atrás e de pór en marcha estratexias eficaces, solidarias e equitativas, que polo menos non profunden nas desigualdades existentes.

O activismo feminista pode que mudara, pero non a nosa forza e a necesidade de seguir relacionándonos e traballando conxuntamente... En consecuencia creamos novas alternativas que fixeron posible a nosa colaboración con colectivos diversos en diferentes lugares do mundo. As sinerxias que creamos por obriga quedarán como novas ferramentas inclusivas e participativas dentro do movemento feminista. Precisamos que a situación que estamos a vivir sexa xestionada e aproveitada como unha oportunidade de cambio e transformación social, que redunde favorablemente no benestar e na calidade de vida de toda a sociedade. E máis concretamente das mulleres, xa que o confinamento fixo que denunciáramos menos, non podemos lograr a imaxinar as situacións que se poideron chegar a vivir. As mulleres vítimas de violencia xa vivían confinadas

antes da crise sanitaria, pero nese momento foron illadas xunto cos agresores, impedindo calquera vía de escape para elas e as súas crianzas. Lembramos que só elas son as que levan demasiados anos loitando contra a pandemia na que viven. É necesario poñer recursos para que as mulleres sintamos que non estamos soas. Son necesarios programas que sexan postos en marcha por profesionais coa formación suficiente para traballar coas mulleres. Que ningunha muller que teña que deixar a súa casa e non teña un lugar onde cobixarse e vivir sen medo mentres reorganiza a súa vida, xa que os recursos existentes seguen sendo insuficientes e paternalistas. Debemos traballar profundamente na educación das crianzas, esta é sen lugar a dúbidas unha ferramenta imprescindible para este avance. Eduquemos os nosos fillos e fillas no respecto, na igualdade, na tolerancia, na diversidade, no espírito crítico que faga que sexan capaces de valorar o que miran, de xestionar as súas emocións, de ter empatía con quen lles rodea...

E debemos recuperar os medios de comunicación para a sociedade, porque se converteron en medios de desinformación e manipulación, onde todo está baseado no sensacionalismo en favor dos intereses empresariais. Debemos recuperar o poder da información veraz e sen estigmas de xénero, deben darnos voz.

Sigamos crendo que somos quen de deter as violencias machistas, porque o número de compañeiras segue aumentando dentro dos movementos de mulleres e feministas. Sigamos crendo que somos quen de deter as violencias machistas, porque aumenta día a día a conciencia de xénero e as ferramentas cada vez son máis sólidas para que a perspectiva de xénero impregne todas as políticas e servizos que se implanten.

Porque a pandemia si entende de xénero.”

DEBATE:

PRESIDENCIA: Intervirá Dona Martínez Rodríguez, vogal da Asociación de Mulleres Lúa, colectivo integrante do Consello Municipal da Muller para facer lectura do texto proposto como declaración institucional de tódolos grupos presentes neste Pleno sobre o día de hoxe, 25 de novembro, día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres.

Dona Concepción Martínez.

SRA. MARTÍNEZ RODRÍGUEZ: Sr. Alcalde, señores concelleiros, moitas grazas en primeiro lugar por ter invitado ao Concello Municipal da Muller a participar neste Pleno que se celebra no día de hoxe.

A interveniente procede a ler a declaración institucional transcrita nos antecedentes deste acordo.

PRESIDENCIA: Moitas grazas Dona Concepción Martínez, agradecemos moito a súa presenza, a súa lectura de bando institucional e damos o noso recoñecemento sumándolle a súa intervención.

A anterior Declaración Institucional enténdese aprobada por asentimento dos membros presentes da Corporación.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3(209).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGAS PREVISTAS NAS LEIS, CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DO ANO 2020. EXPTE. 23574/541 (REXISTRO PLENO 2637/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta do informe da Dirección Superior Contable e Orzamentación co conforme do concelleiro delegado de area, de data 15.10.20, que di o que segue,

“LEXISLACIÓN APLICABLE.-

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.

Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015 do MINH.

Guía trimestral e mensual que se incorpora na plataforma do Ministerio.

INFORME.-

I Ámbito subxectivo

O artigo 2.b) da Lei 3/2004, establece que aos efectos regulados nesta Lei, considérase como: (...) b) Administración, aos entes, organismos e entidades que forman parte do sector público, de acordo co artigo 3 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público.

II.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos, quedando incluídas tamén aqueles pagos que se fan con cargo ao capítulo IV como forma de pago dos bonos polo uso do transporte urbano público colectivo). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, as que teñen causa nunha relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiadora ou da acción de fomento.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores. Así mesmo, quedan excluídas as propostas de pago que fosen obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

Así mesmo, o Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, no seu artigo 5, regula como funcións propias da Tesourería Local:

(...)

c) La elaboración de los informes que determine la normativa sobre morosidad relativa al cumplimiento de los plazos previstos legalmente para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local.

e) La elaboración y acreditación del periodo medio de pago a proveedores de la Entidad Local, otros datos estadísticos e indicadores de gestión que, en cumplimiento de la legislación sobre transparencia y de los objetivos de estabilidad presupuestaria, sostenibilidad financiera, gasto público y morosidad, deban ser suministrados a otras administraciones o publicados en la web u otros medios de comunicación de la Entidad, siempre que se refieran a funciones propias de la tesorería.

III.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP axustándose ao sistema de cálculo previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada Real Decreto 1040/2017), tomando como data de aprobación da conformidade, a conformidade técnica.

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

“1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.

(.....)

2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)”

Do mesmo modo, o artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 9 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que:

“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 210.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo

correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio”.

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a provedores.

Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, dende o rexistro da factura na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón o rexistro automático no rexistro contable de facturas, empezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como das pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútanse «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», ata o seu pago ou ata o último día do período.

En canto ao cómputo dos días de pago ou pendentes de pago aos efectos do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, compútase desde a aprobación da conformidade. Na interpretación da aprobación da conformidade, hai que considerar a conformidade técnica ata o pago ou ata o último día do período de cálculo. Non se pode interpretar outra data do dies a quo, xa que a propia guía do Ministerio, aclara que si non é necesaria a conformidade,

a data de cómputo é dende a recepción da factura no rexistro administrativo. En consecuencia, non se pode interpretar como data de aprobación da conformidade a de aprobación da factura polo órgano competente, xa que de ser esta, quedarían fora do cálculo do PMP, todas as facturas que se atopasen rexistradas e conformadas pendentes de aprobación. Polo tanto, conformaría o Período Medio Pendente de Pago, as facturas aprobadas pendentes de pago ao final do período. Ademais do anterior, para aquelas facturas pagadas no período, a Administración pública podería manipular o PMP, aprobando as facturas cando fose a facer efectivo o pagamento, é dicir, acomodaría a aprobación das mesmas as dispoñibilidades da tesourería.

Sobre a interpretación que se está a facer do cómputo de días e o dies a quo, elevouse consulta informal ao Ministerio de Facenda, cuxa contestación ratifica o criterio aquí amosado.

Salvo casos particulares como a Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato), a Administración ten que facer fronte ao pagamento dentro dos 30 días seguintes á aprobación da factura, ademais, deberá aprobar a mesma dentro dos 30 días seguintes a da súa presentación.

IV.- Estrutura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio(www.minhafp.gob.es/Documentacion/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "

A base de datos que se ten en consideración para a análise que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 635/2014 e Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro para dar a información requirida polo MINHAC en cumprimento da Lei de

morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FAcE ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información está totalmente integrado é garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- Pagamentos realizados no trimestre.
- Intereses de demora pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores.
- Tamén se vai a engadir, a contía dos pagamentos feitos tendo en conta o previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, modificado polo Real Decreto 1040/2017, informando sobre os pagos, e o pendente de pago e o PMP.

V.- Datos correspondentes ao 3º trimestre do ano 2020.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, remítese ao Pleno da Corporación o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 3º trimestre do exercicio 2020 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación (MARCO, CONVENTION BUREAU e FAIMEVI), segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo (Rexistro contable de facturas) e a información remitida das Fundacións Marco, Convention Bureau e FAIMEVI.

Achégase a información que se envía ao Ministerio de Facenda, que se incorpora a páxina web do Concello de Vigo, información económica e o portal de transparencia.

Situación	Entidade Local	X. M. Urbanismo	F. MARCO	C. BUREAU	F.FAIMEVI
Pagos feitos no trimestre					
<i>Dentro do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	1.440	84	41	14	12

Importe dos pagos	30.505.188,58	216.937,79	46.232,99	2.655,19	145,20
<i>Fora do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	5	0	41	0	0
Importe	18.180,23	.00	63.538,99	.00	.00
PMP (período medio de pago do trimestre)	10,32 días	23,09 días	104,6 días	17,36 días	8,75 días
Intereses de demora pagados no trimestre					
Nº de pagos	.00	.00	.00		.00
Importe	.00	.00	.00		.00
Pagos pendentes ao remate do trimestre					
<i>Dentro do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	231	6	30	0	0
Importe dos pagos	3.738.959,44	28.797,72	36.426,63	.00	.00
<i>Fora do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	10	0	51	0	11
Importe	44.505,75	.00	127.051,10	.00	11.454,44
PMPP (Período medio pendente de pago do trimestre)	10,00 días	5,20 días	81,06 días	0,00 días	513,71 días

O "Período medio de pago" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FACe ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

Resumo por trimestres de morosidade, en días

Trimest.	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU		F. FAIMEVI	
	Días		Días		Días		Días		Días	
	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP
Primeiro	16,58	21,18	28,54	12,50	73,10	35,88	16,00	0,00	0,88	330,71
Segundo	12,87	11,40	24,11	6,27	57,98	69,71	14,69	0,00	10,17	421,71
Terceiro	10,32	10,00	23,09	5,20	104,00	81,06	17,36	0,00	8,75	513,71
Cuarto										

En contías e nº de pagos

Trimest.	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU		F. FAIMEVI	
	Importe		Importe		Importe		Importe		Importe	
	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago
Primeiro	31.858.279,62	2.277.430,23	209.611,71	120.799,55	216.482,58	92.589,63	856,53	.00	1.340,83	11.454,44

Nº pagos	1.865	103	86	19	168	63	50	0	14	11
Segundo	27.255.878,49	3.107.590,98	378.550,42	53.331,12	136.912,21	121.930,80	2.172,99	,00	145,20	11.454,44
Nº pagos	1.014	143	77	9	76	59	14	0	12	11
Terceiro	30.523.368,81	3.783.465,19	216.937,79	28.797,72	109.771,98	163.477,73	2.655,19	,00	145,20	11.454,44
Nº pagos	1.445	241	84	6	82	81	14	0	12	11
Cuarto										
Nº pagos										

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desa data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o pago, se disporían de 60 días.

No trimestre dáse cumprimento ao prazo legal de pago

Achégase igualmente os datos dos días de pago tanto en períodos mensuais como en contías en relación co Real Decreto 635/2014.

Días de pago para o grupo de consolidación conformado pola Entidade Local Concello de Vigo, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación MARCO, Fundación, FAIMEVI e Fundación CONVENTION BUREAU

Por días de pago para o grupo de consolidación, conformado polo ratio de pago e o pendente de pago

PMP , Real Decreto 635/2014 modificado polo RD 1040/2017, correspondente ao ano 2020												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maiο	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	16,73	11,85	11,22	8,96	12,33	8,16	7,12	8,86	9,66			
FAIMEVI	216,88	254,92	299,61	330,62	360,36	390,24	421,11	451,98	481,85			
MARCO	88,77	76,78	31,26	45,09	67,79	77,97	74,44	78,79	94,65			
XMU	18,76	6,27	12,25	10,02	16,40	9,93	7,71	16,02	10,47			
V. C.BUR.	,00	24,00	24,00	10,44	13,91	19,73	17,72	10,93	17,62			
PMP Global	17,60	13,08	11,63	9,69	13,42	9,73	8,25	10,57	11,43			

Por contías pagadas e pendentes de pago ao remate do período, ano 2020

Mes	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU		F. FAIMEVI	
	Importe		Importe		Importe		Importe		Importe	
	pagado	pt.pago	pagado	pt.pago	pagado	pt.pago	pagado	pt.pago	pagado	pt.pago
Xaneiro	10.897.421,15	1.852.435,55	117.858,21	27.094,61	24.897,81	93.113,87	327,14	0,00	1.244,03	11.454,44
Febreiro	8.931.103,78	3.164.297,95	2.343,43	73.097,06	161.413,84	34.418,81	172,44	0,00	48,70	11.454,44
Marzo	11.990.236,68	2.255.736,33	89.410,07	120.799,55	30.170,93	92.589,63	356,95	0,00	48,40	11.454,44
Abril	9.603.071,50	2.984.060,20	118.697,41	75.349,56	47.418,96	105.848,77	1.123,31	0,00	48,40	11.454,44
Maiο	9.210.579,92	1.366.622,06	124.402,93	19.277,27	16.724,87	113.757,92	4.895,57	0,00	48,40	11.454,44
Xuño	8.432.448,65	2.863.498,68	135.450,08	53.331,12	72.768,38	121.930,80	500,08	,00	48,40	11.454,44
Xullo	10.432.324,77	3.476.168,11	69.174,34	57.507,96	36.513,56	130.711,01	499,15	,00	48,40	11.454,44
Agosto	10.185.158,02	735.933,07	57.507,96	69.210,01	31.654,61	157.103,56	468,50	461,00	48,40	11.454,44
Setemb.	9.829.043,38	3.227.970,45	90.255,49	28.797,72	51.001,78	163.477,73	1.687,54	,00	48,40	11.454,44
Outubro										
Novemb										
Decemb										
TOTAL	89.511.387,85		805.099,92		472.564,74		10.030,68		1.631,53	

Por contías pagadas e pendentes de pago ao remate do período.

As diferencias entre os pagos tomados en conta pola Lei 3/2004 e o RD 635/2014 coa modificación incorporada polo RD 1040/2017, está nas retencións e pagos parciais, nun caso son tomadas como pagos e noutro non, aínda que, como se pode comprobar a diferenza é de escasa importancia.

En relación co PMP, o RD 1040/2017, incorporou non só variacións no dies a quo, senón na forma de cálculo. O RD 1040/2017, computa desde a data de conformidade da factura ata o pago ou ata o último día do período de análise.

O que poño en coñecemento da Concellaría delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 18.11.20, quedou informada.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

4(210).- DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO, CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DO 2020, ASÍ COMO DO MOVEMENTO DE TESOURERÍA POR OPERACIÓNS ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS . EXPTE. 169/143 (REXISTRO PLENO 2659/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta do informe da Dirección Superior Contable e Orzamentación co conforme do concelleiro delegado de area, de data 26.10.20, que di o que segue,

“Normativa

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Bases de Execución Orzamentaria para o ano 2020.

En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Regra 52 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de Execución Orzamentaria para o ano 2020, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que “Trimestralmente, e artigo 4.2 do RD 128/2018, a Intervención Xeral Municipal ou o Órgano que teña atribuída a función de Contabilidade, remitiralle ao Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao TERCEIRO trimestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables até o 30 de SETEMBRO de 2020.

Estados consolidados

A información orzamentaria a conforma un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.

Xúntase o desenvolvemento da liquidación ao máximo nivel de desagregación, tanto para o estado de gastos como de ingresos.

Tamén forma parte da liquidación ao 30/09/2020, a recadación e pagamentos de corrente e de pechados.

Achégase as anulacións e cancelacións de dereitos de corrente e pechados, así como as devolucións de ingresos.

En canto aos estados que recollen os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítese o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagamentos e saldo final.

Achégase o estado de Remanente de tesourería consolidado.

Remítense igualmente os estados non orzamentarios de tesourería tanto de debedores, acredores e partidas pendentes de aplicación, na que se reflicte a situación inicial, cobros e pagamentos así como a situación final dos estados consolidados

Incorpórase o estado de Tesourería da Entidade e o do Organismo Autónomo e o consolidado.

As modificacións orzamentarias dos estados consolidados.

Resultado orzamentario consolidado.

Outra información:

En relación co estado de situación da débeda financeira bancaria, non se remite información por non existir a esta data operación algunha pendente de amortizar.

A información enviada é comprensiva de todo o desenvolvemento orzamentario tanto de corrente como de pechados.

A mesma será incorporada ao portal de transparencia.”

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 18.11.20, quedou informada.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

5(211).- DAR CONTA DO PLAN ANUAL DE AUDITORÍAS E CONTROL FINANCEIRO DO CONCELLO DE VIGO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2020. EXPTE. 102794/140 (REXISTRO PLENO 2674/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta do Plan Anual de Auditorías e Control Financeiro realizado polo Interventor Xeral con data 10.11.20, que di o que segue,

PLAN ANUAL DE AUDITORÍAS E CONTROL FINANCEIRO DO CONCELLO DE VIGO
CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2020

- I. INTRODUCCIÓN
- II. OBXECTIVOS DO CONTROL FINANCEIRO
- III. RÉXIME XURÍDICO APLICABLE
- IV. ÁMBITO SUBXECTIVO E ALCANCE DO CONTROL FINANCEIRO
 - IV.1. Ámbito subxectivo
 - IV.2. Medios dispoñíbles
- V. ACTUACIÓNS DE CONTROL FINANCEIRO A REALIZAR NO ANO 2020
 - V.1. Control Permanente.
 - V.1.1. Actuacións atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor
 - V.1.2. Actuacións seleccionadas sobre a base dunha análise de riscos
 - Control financeiro posterior mediante técnicas de mostraxe
 - a) ou auditoría dos dereitos e ingresos municipais liquidados nos exercicios 2019 e 2020.

b) Control financeiro das subvencións e axudas públicas

V.2. Auditoría Pública

V.3. Outras actuacións: Auditoría de Sistemas do Rexistro Contable de Facturas; auditoría da conta 413.

VI. EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE AUDITORÍA PÚBLICA

VII. CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE AUDITORÍA PÚBLICA

VIII. DO RESULTADO DO CONTROL FINANCEIRO

IX. DESTINATARIOS DOS INFORMES

I. INTRODUCCIÓN.

O control interno é un concepto que se estende á totalidade da xestión económico-financieira do Concello de Vigo e demais entidades integrantes do sector público local, e a cualificación de interno responde a que é un control exercido pola Intervención Xeral Municipal do Concello de Vigo, que se contrapón ao control externo, que é exercido por órganos independentes daquela, como son o Consello de Contas de Galicia e o Tribunal de Contas do Estado, dependentes do Parlamento de Galicia e das Cortes Xerais, respectivamente.

A función de control interno realizarase na súa tripla acepción de función interventora, función de control financeiro e función de control de eficacia. A función exercerase con plena autonomía respecto dos órganos e entidades municipais e cargos directivos cuxa xestión se fiscalice, tendo completo acceso á contabilidade e a cantos documentos sexan necesarios para o exercicio das súas funcións.

O control financeiro da actividade económico-financieira do sector público local exercerase mediante o exercicio do control permanente e a auditoría pública.

Ambas as modalidades incluírán o control de eficacia, que consistirá en verificar o grao de cumprimento dos obxectivos programados, do custo e rendemento dos servizos de conformidade cos principios de eficiencia, estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira no uso dos recursos públicos locais.

O órgano interventor deberá elaborar un Plan Anual de Control Financeiro que recollerá as actuacións de control permanente e auditoría pública a realizar durante o exercicio. Incluírá todas aquelas actuacións cuxa realización polo órgano interventor derive dunha obrigação legal e as que anualmente se seleccionen sobre a base dunha análise de riscos consistente cos obxectivos que se pretendan conseguir, as prioridades establecidas para cada exercicio e os medios dispoñibles.

II. OBXECTIVOS DO CONTROL FINANCEIRO.

Como temos visto, o control financeiro da actividade económico-financeira do sector público local exercerase mediante o exercicio do control permanente e a auditoría pública.

a) O Control Permanente.

O control permanente exercerase sobre a Entidade Local e os organismos públicos nos que se realice a función interventora con obxecto de comprobar, de forma continua, que o funcionamento da actividade económico-financeira do sector público local axústase ao ordenamento xurídico e aos principios xerais de boa xestión financeira, co fin último de mellorar a xestión no seu aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedemental. A estes efectos, o órgano de control poderá aplicar técnicas de auditoría.

O exercicio do control permanente comprende tanto as actuacións de control atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor, como as actuacións de control que anualmente se inclúan no correspondente Plan Anual de Control Financeiro, seleccionadas sobre a base dunha análise de riscos consistente cos obxectivos que se pretendan conseguir, as prioridades establecidas para cada exercicio e os medios dispoñibles

b) A Auditoría Pública.

A auditoría pública consistirá na verificación, realizada con posterioridade e efectuada de forma sistemática, da actividade económico-financeira do sector público local, mediante a aplicación dos procedementos de revisión selectivos contidos nas normas de auditoría e instrucións que dite a Intervención Xeral da Administración do Estado. A auditoría pública engloba, en particular, as seguintes modalidades:

b.1) A auditoría de contas, que ten por obxecto a verificación relativa a se as contas anuais representan en todos os aspectos significativos a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados da entidade e, no seu caso, a execución do orzamento de acordo coas normas e principios contables e orzamentarios que lle son de aplicación e conteñen a información necesaria para a súa interpretación e comprensión adecuada.

O órgano interventor da Entidade Local realizará anualmente a auditoría das contas anuais de:

- I. Os organismos autónomos locais.
- II. As entidades públicas empresariais locais.
- III. As fundacións do sector público local obrigadas a auditarse pola súa normativa específica.
- IV. Os fondos e os consorcios aos que se refire o artigo 2.2 deste Regulamento.

V. As sociedades mercantís e as fundacións do sector público local non sometidas á obrigaón de auditarse que se incluíron no plan anual de auditorías.

b.2) A auditoría de cumprimento e a auditoría operativa, nas entidades sector público local non sometidas a control permanente, co fin último de mellorar a xestión do sector público local no seu aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedemental.

A auditoría de cumprimento ten como obxecto a verificación de que os actos, operacións e procedementos de xestión económico-financeira desenvolvéronse de conformidade coas normas que lles son de aplicación.

A auditoría operativa ten como obxecto o exame sistemático e obxectivo das operacións e procedementos dunha organización, programa, actividade ou función pública, co obxecto de proporcionar unha valoración independente da súa racionalidade económico-financeira e a súa adecuación aos principios da boa xestión, a fin de detectar as súas posibles deficiencias e propoñer as recomendacións oportunas en orde á corrección daquelas.

III. RÉXIME XURÍDICO APLICABLE.

O control interno da xestión económica financeira das entidades locais atópase regulado fundamentalmente nos artigos 130, 133 e 136 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; nos artigos 213 a 222 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, aprobado mediante Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, coas modificacións introducidas pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local; nos artigos 44 ao 51 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e artigos 41 ao 49 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; así como pola propia normativa do Concello de Vigo, fundamentalmente as Bases de Execución do Orzamento.

Finalmente, o Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en diante RDCI), cuxa aprobación veu cumprir co mandato legal imposto por Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, de desenvolvemento regulamentario dos artigos 213 a 218 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e cuxa entrada en vigor produciuse o 1 de xullo de 2018, segundo establece a súa Disposición Final Segunda, para regular sobre os procedementos de control e metodoloxía de aplicación, co fin de, entre outros obxectivos, lograr un control económico orzamentario máis rigoroso e reforzar o papel da función interventora das Entidades Locais.

O artigo 29.4 do citado RD 424/2017, establece ademais que no exercicio do control financeiro serán de aplicación as normas de control financeiro e auditoría pública vixentes en cada momento para o sector público estatal, como:

- IV. A Resolución de 30 de xullo de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se ditan instrucións para o exercicio do control financeiro permanente.
- V. A Resolución de 30 de xullo de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se ditan instrucións para o exercicio da auditoría pública.
- VI. A Resolución de 1 de setembro de 1998, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se ordena a publicación da Resolución que aproba as Normas de Auditoría do Sector Público.
- VII. A Resolución de 15 de outubro de 2013, do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, pola que se publican as novas Normas Técnicas de Auditoría, resultado da adaptación das Normas Internacionais de Auditoría para a súa aplicación en España (NIA-É).
- VIII. A Resolución de 18 de febreiro de 2014, da Intervención Xeral da Administración do Estado, sobre o proceso de adaptación das Normas de Auditoría do Sector Público ás Normas Internacionais de Auditoría.
- IX. A Instrución 1/2015 da Oficina Nacional de Auditoría para a proposta e seguimento de medidas correctoras e a valoración dos plans de acción.
- X. Outras Circulares, Resolucións, Instrucións ou Notas Técnicas aprobadas pola Intervención Xeral da Administración do Estado, en desenvolvemento do control financeiro e a auditoría pública.

IV. ÁMBITO SUBXECTIVO E ALCANCE DO CONTROL FINANCEIRO.

IV. 1. Ámbito subxectivo.

O control será exercido polos órganos de intervención sobre a totalidade de entidades que conforman o sector público local: a Entidade Local e os organismos autónomos, sociedades mercantís, fundacións, fondos carentes de personalidade xurídica, consorcios e outras entidades, todos eles dependentes ou adscritos ás Entidades Locais.

Resumo das diferentes modalidades de control interno segundo a tipoloxía dos entes que conforman unha entidade local.

Ámbito subxectivo	Modalidade de control interno					
	Función Interventora	Control Financeiro				
		Control Permanente (auditoría)	Conta 413 (1)	Auditoría Pública		
				De contas	Cumprimento	Operativa
Entidade Local principal	Obrigatoria	Obrigatorio	Obrigatoria	Non	Non	Non
Organismos Autónomos Locais	Obrigatoria	Obrigatorio	Non	Obrigatoria	Non	Non
Sociedades Mercantís dependentes obrigadas a auditarse	Non	Non	Non	Obrigatoria	Obrigatoria	Obrigatoria

Sociedades Mercantís dependientes non obrigadas a auditarse	Non	Non	Non	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)
EPEL	Non	Non	Non	Obrigatoria	Obrigatoria	Obrigatoria
Fundacións SPL obrigadas a auditarse	Non	Non	Non	Obrigatoria	Obrigatoria	Obrigatoria
Fundacións SPL non obrigadas a auditarse	Non	Non	Clasificadas AA.PP. non audit. contas	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)
Fondos sin personalidade financiación EL	Non	Non	Non	Obrigatoria	Obrigatoria	Obrigatoria
Consortorios adscritos EL	Réxime de control EL	Réxime de control EL	Non	Obrigatoria	Réxime de control EL	Réxime de control EL
Outras Entidades con participación EL	Non	Non	Clasificadas AA.PP. non audit. contas	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)

(1) A disposición adicional terceira da Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, baixo a rúbrica “Control de entidades de Administraciones Públicas no sujetas a auditoría”, establece que: *“En las entidades de las Administraciones Públicas no sujetas a auditoría de cuentas se efectuarán anualmente los trabajos de control precisos para, mediante técnicas de auditoría, verificar la existencia de obligaciones derivadas de gastos realizados o bienes y servicios recibidos para los que no se ha producido su imputación presupuestaria”*.

No Concello de Vigo, conforman o sector público local aos efectos da realización do control financeiro, o propio Concello de Vigo como entidade local principal, así como as seguintes entidades dependentes:

Tipo entidade	Nome	Clasificación IGAE	Modalidades de control interno
Entidade local principal	Concello de Vigo	AAPP	- Función interventora (réxime xeral) - Control permanente
Organismo Autónomo Local	Xerencia Municipal de Urbanismo	AAPP	- Función interventora (réxime xeral) - Control permanente - Auditoría de contas
Fundación	Marco	AAPP	- Auditoría de contas - Auditoría de cumprimento - Auditoría operativa
Fundación	Agencia Intermunicipal da Enerxía (en extinción)	AAPP	- Auditoría de contas - Auditoría de cumprimento - Auditoría operativa
Fundación	Vigo Convention Bureau	AAPP	- Auditoría de contas - Auditoría de cumprimento - Auditoría operativa
Fundación	Liste-Museo Etnográfico de Vigo	Pendente clasificación	- Auditoría de contas - Auditoría de cumprimento - Auditoría operativa
Fundación	Laxeiro	Pendente clasificación	- Auditoría de contas - Auditoría de cumprimento - Auditoría operativa
Fundación	Vigo en Deporte	Pendente clasificación	- Auditoría de contas - Auditoría de cumprimento - Auditoría operativa

A pesar de que, como dixemos, o RD 424/2017 establece a obrigatoriedade de realizar auditoría de contas nos organismos autónomos locais, a función contable sobre o organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo exercea o propio órgano interventor do Concello, que á vez está obrigado a realizar a auditoría de contas.

Neste caso poderíase dar o suposto de autocontrol, que de acordo coa norma técnica 4.2.2 das Normas de Auditoría do Sector Público, impediría, pola perda total de imparcialidade que isto supón, realizar esta auditoría de contas polo órgano interventor. Tamén o Tribunal de Contas no seu informe do 29 de outubro de 2009 fixa o criterio da imposibilidade legal que se audite a quen está a exercer a función contable. Por este motivo, entendemos que non ten sentido realizar unha auditoría de contas na XMU, cando o órgano encargado da realización desta auditoría no exercicio do control interno é o mesmo que desenvolve a función de contabilidade.

Ningunha das Fundacións que forma parte do Sector Público Local “Concello de Vigo” ten a obriga de someter as súas contas anuais á auditoría externa conforme ao disposto no artigo 25 da Lei 50/2002 de Fundacións, sen prexuízo do que a auditoría pode ser tamén un requisito fixado estatutariamente ou realizarse voluntariamente se así o requiren os seus patróns ou membros da fundación.

Como temos visto, o órgano interventor da Entidade Local realizará anualmente a auditoría das contas anuais das fundacións do sector público local obrigadas a auditarase pola súa normativa específica -no noso caso, ningunha-, así como a daquelas fundacións non sometidas á obriga de auditarase que se incluíron no plan anual de auditorías, polo que, tendo en conta que resulta recomendable auditar periodicamente as contas anuais das fundacións como acto de control e transparencia, realizarase a auditoría de contas das Fundacións locais que se atopan en funcionamento en anos alternos.

Por tal motivo, no ano 2020 estanse a realizar as auditorías das contas do ano 2019 das Fundacións Marco, Liste e Laxeiro, e no ano 2021 realizaranse as auditorías das contas do ano 2020 das Fundacións Vigo Convention Bureau e Vigo en Deporte.

Auditoría de Contas Anuais					
Entidade / Exercicio auditado	2018	2019	2020	2021	2022
Fundación Marco		X		X	
Fundación Vigo Convention Bureau			X		
Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo		X			X
Fundación Laxeiro		X			X
Fundación Vigo en Deporte			X		
Auditoría de Cumprimento					
Entidade / Exercicio auditado	2018	2019	2020	2021	2022
Fundación Marco		X		X	

Fundación Vigo Convention Bureau			X		X
Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo		X		X	
Fundación Laxeiro		X		X	
Fundación Vigo en Deporte			X		X
Auditoría Operativa					
Entidade / Exercicio auditado	2018	2019	2020	2021	2022
Fundación Marco		X			
Fundación Vigo Convention Bureau			X		
Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo		X			
Fundación Laxeiro		X			
Fundación Vigo en Deporte			X		

IV. 2. Medios dispoñibles.

De acordo co Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, o órgano interventor deberá contar cos medios necesarios e suficientes para contar cun modelo de control eficaz. Ante a ausencia de medios técnicos e/ou humanos adecuados para a realización das auditorías públicas, o citado Real Decreto contempla a posibilidade da Entidade Local de contratar para colaborar co órgano interventor a firmas privadas de auditoría que deberán axustarse ás instrucións ditadas polo órgano interventor, a cuxo efecto consignaranse nos orzamentos das Entidades Locais as contías suficientes para responder as necesidades de colaboración. Para iso, deberase proceder a licitar o contrato, mediante o procedemento correspondente e coa antelación suficiente que permita o cumprimento do plan establecido.

Neste sentido, tendo en conta que a Intervención Xeral Municipal non dispón dun Servizo propio ou Oficina de Control Financeiro, nin persoal destinado a esta modalidade de control necesario e preceptivo, dada a escasez de recursos humanos coa que conta na actualidade mesmo para o exercicio da tradicional función interventora¹, normalmente, e coa excepción de determinadas tarefas que poderán ser executadas directamente cos medios dispoñibles, o Concello deberá contratar para colaborar nesta tarefa a firmas privadas de auditoría, que deberán axustarse ás instrucións ditadas polo órgano interventor. Con todo, resulta necesario a creación dun Servizo ou Oficina de Control Financeiro na Intervención Xeral Municipal habida conta do carácter permanente das funcións a desenvolver e a súa transcendencia para garantir un modelo de control eficaz, e para a mellora na xestión e na transparencia.

Por este motivo, o exercicio do control financeiro a realizar durante o exercicio 2020 limitarase ás actuacións que se indican no presente Plan.

¹ A Intervención Xeral Municipal conta unicamente coa adscrición de 2 técnicos superiores do subgrupo A1 -a Interventora Xeral adxunta e a xefa do Servizo de Fiscalización-, ademais do Interventor Xeral, e 2 técnicos medios do subgrupo A2.

V. ACTUACIÓNS DE CONTROL FINANCEIRO A REALIZAR NO ANO 2020.

V. 1. CONTROL PERMANENTE.

V.1.1. ACTUACIÓNS ATRIBUÍDAS NO ORDENAMENTO XURÍDICO AO ÓRGANO INTERVENTOR.

Podemos citar as seguintes actuacións cuxa realización polo órgano interventor deriva dunha obriga legal, agrupadas por Área de control:

Área de estabilidade orzamentaria e endebedamento (TRLRFL; LOEOSF; Orde HAP/2105/2012; RD 1463/2007).

- Avaliación do cumprimento dos obxectivos de estabilidade e do límite de débeda das liñas fundamentais do orzamento.
- Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade e do límite de débeda do proxecto dos orzamentos.
- Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade, regra de gasto e límite de débeda na liquidación dos orzamentos do conxunto das entidades que integran o sector público local e foran clasificadas como AA.PP. pola IGAE.
- Actualización trimestral do informe de intervención sobre cumprimento do obxectivo de estabilidade e límite de débeda; así como unha avaliación do cumprimento da regra de gasto ao peche do exercicio.
- Informe trimestral sobre a execución do plan de axuste.
- Verificación anual do cumprimento dos plans económico-financeiros.
- Verificación do cumprimento do plan económico-financeiro no exercicio anterior e orzamento vixente como requisito previo para a autorización de operacións de endebedamento.
- A emisión de informe previo á concertación ou modificación das operacións de crédito.
- Informe sobre as operacións de crédito a longo prazo dos organismos autónomos e sociedades mercantís.
- Avaliación do cumprimento do principio de prudencia financeira na concertación das operacións de endebedamento.

Área de morosidade e facturación electrónica.

Información mensual relativa ao Período Medio de Pago.

Seguimento do cumprimento do período medio de pago a provedores e formular, de ser o caso, a oportuna comunicación de alerta.

Informe anual no que avaliarase o cumprimento da normativa en materia de morosidade.

Auditoría de sistemas anual para verificar que os correspondentes rexistros contables de facturas cumpren coas condicións de funcionamento previstas na Lei 25/2013 e a súa normativa de desenvolvemento.

Área de orzamentos, contabilidade e control.

- O informe dos proxectos de orzamentos e dos expedientes de modificación destes.
- A emisión de informe previo á aprobación da liquidación do Orzamento.
- Informe da prórroga do orzamento.
- Informe sobre as medidas a adoptar cando na liquidación do orzamento o remanente de tesourería sexa negativo.
- Informe sobre as normas da expedición de pagos a xustificar e anticipos de caixa fixa.
- Informe acerca da consistencia e soporte das proxeccións orzamentarias que conteña a memoria económica dos investimentos financeiramente sustentables financiados co superávit do exercicio precedente, e informe ao Ministerio de Facenda e Administracións públicas dos investimentos executados.
- Informe previo á revogación do acordo de redución de gastos do novo orzamento, adoptado en caso de liquidación do orzamento anterior con remanente de tesourería negativo.
- Informe resumo anual dirixido a a Intervención Xeral da Administración do Estado sobre os resultados do control interno respecto da xestión económica da entidade local.
- Informe ao Pleno de todas as resolucións adoptadas polo Presidente de a Entidade Local contrarios os reparos efectuados polo órgano interventor, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos.
- Informe ao Tribunal de Contas sobre as resolucións e acordos adoptados pola presidencia da Entidade Local e polo Pleno da Corporación contrarios aos reparos formulados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos.
- Informe ao Pleno sobre o resultado do control financeiro.

Área de competencias e servizos (Lei 7/1985 LRBRL modificada pola Lei 27/2013 LRSAL).

- Informe aos convenios de delegación formalizados antes e despois de entrada en vigor da LRSAL (31 de decembro de 2013).
- Informe para o exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas.
- Ditame sobre a procedencia da implantación de novos Servizos ou a reforma dos existentes a efectos da avaliación da repercusión económico-financeira e estabilidade orzamentaria das respectivas propostas.
- Informe do interventor no que valorará a sustentabilidade financeira das propostas para xestionar os servizos públicos de competencia local mediante a forma de Entidade pública empresarial local ou Sociedade mercantil local, cuxo capital social sexa de titularidade pública.
- Informe relativo ao cumprimento dos principios previstos na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira no caso de creación de entes de ámbito territorial inferior ao Municipio, carentes de personalidade xurídica, como forma de organización desconcentrada do mesmo para a administración de núcleos de poboación separados.

- Informe de avaliación da eficiencia económica e a sustentabilidade financeira nos supostos de constitución de consorcios.
- Informe sobre as iniciativas populares, cando estas afecten a dereitos e obrigacións de contido económico do concello.
- Informe de Intervención sobre o exercicio de actividades económicas.
- Informe previo á aprobación do plan de corrección do desequilibrio financeiro das entidades vinculadas ás entidades locais que desenvolvan actividades económicas.
- Informe previo á autorización para destinar o patrimonio municipal do chan para reducir a débeda comercial e financeira.
- Informe de Intervención na determinación nas bases de execución dos criterios dereitos de difícil ou imposible recadación.
- Comunicación ao Ministerio de Facenda do detalle necesario para o mantemento Base de Datos Xeral de Entidades Locais e do Inventario de Entes do Sector Público Local.

Outras actuacións previstas na normativa vixente (RBEL, LXS, RD-Lei 17/2014).

- a. A emisión de informes, ditames e propostas que en materia económico-financiera ou orzamentaria fóronlle solicitadas pola presidencia, por un terzo dos Concelleiros ou Deputados ou cando se trate de materias para as que legalmente se esixa unha maioría especial.
- b. Informe sobre a inexistencia de débedas pendentes de liquidación na cesión gratuíta de bens.
- c. Informe ás bases reguladoras de concesión de subvencións.
- d. Envío de información á Base Nacional de subvencións.
- e. Remisión dos convenios subscritos entre as CCAA e EELL.

V.1.2. ACTUACIÓNS SELECCIONADAS SOBRE A BASE DUNHA ANÁLISE DE RISCOS.

O Plan Anual de Control Financeiro incluírá tamén aquelas actuacións que anualmente se seleccionen sobre a base dunha análise de riscos consistente cos obxectivos que se pretendan conseguir, as prioridades establecidas para cada exercicio e os medios dispoñibles (artigo 31.2 RD 424/2017).

O concepto de risco debe ser entendido como a posibilidade de que se produzan feitos ou circunstancias na xestión sometida a control susceptibles de xerar incumprimentos da normativa aplicable, falta de fiabilidade da información financeira, inadecuada protección dos activos ou falta de eficacia e eficiencia na xestión.

Unha vez identificados os riscos será necesario asignar prioridades para seleccionar as actuacións para realizar. Desta maneira, realizarase unha avaliación para estimar a importancia do risco, utilizando tanto criterios cuantitativos como cualitativos, e atenderase á conveniencia de seleccionar controis con regularidade e rotación, evitando tanto repetir controis en actividades económico-financieras

calificadas sen risco como que se xeren debilidades precisamente pola ausencia reiterada de control.

A estes efectos incorpórase ao presente Plan o oportuno análise de riscos como documento anexo I. Logo desta análise de riscos e tendo en conta as limitacións en canto aos medios dispoñibles, xa que a Intervención Xeral Municipal non conta con persoal adscrito para a realización do control financeiro, procede seleccionar as actuacións seguintes:

A. Control financeiro posterior mediante técnicas de mostraxe ou auditoría dos dereitos e ingresos municipais liquidados no exercicio 2019.

Tendo en conta que o Pleno do Concello de Vigo acordou nas Bases de Execución dos Orzamentos a substitución da fiscalización previa dos dereitos e ingresos da tesourería do Concello de Vigo polo control inherente á toma de razón en contabilidade e o control posterior mediante o exercicio do control financeiro, levarase a cabo o control financeiro dos ingresos liquidados no exercicio 2019 que deron lugar a dereitos recoñecidos na contabilidade de dito exercicio, coa excepción dos actos de ordenación e pago material derivados de devolucións de ingresos indebidos sometidos a fiscalización previa.

Considerando a amplitude e a diversidade dos ingresos xestionados polo Concello de Vigo, así como a súa importancia relativa no conxunto dos ingresos municipais, as actuacións de control realizaranse sobre unha mostraxe dos ingresos liquidados polos seguintes conceptos:

- Imposto sobre Bens Inmóbles
- Imposto sobre Actividades Económicas
- Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica
- Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras
- Imposto sobre Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana
- Taxa pola recollida do lixo
- Taxa por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local
- Ingresos de concesións administrativas

Dado o elevado número e importe das operacións de ingresos que se realizan anualmente, a realización destes traballos será contratada a firmas privadas de auditoría.

B. Control financeiro das subvencións e axudas públicas (artigos 44 a 51 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e artigos 41 ao 49 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia).

O control financeiro de subvencións exercerase, mediante técnicas de mostraxe, respecto de beneficiarios e, no seu caso, entidades colaboradoras por razón das

subvencións concedidas polo Concello de Vigo e pola Xerencia Municipal de Urbanismo durante o exercicio 2019.

O control financeiro de subvencións terá como obxecto verificar:

- a) A adecuada e correcta obtención da subvención por parte do beneficiario.
- b) O cumprimento por parte de beneficiarios e entidades colaboradoras das súas obrigacións na xestión e aplicación da subvención.
- c) A adecuada e correcta xustificación da subvención por parte de beneficiarios e entidades colaboradoras.
- d) A realidade e a regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada por beneficiarios e entidades colaboradoras, foron financiadas coa subvención.
- e) O adecuado e correcto financiamento das actividades subvencionadas.
- f) A existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas á Administración por beneficiarios e entidades colaboradoras e que puidesen afectar ao financiamento das actividades subvencionadas, á adecuada e correcta obtención, utilización, disfrute ou xustificación da subvención, así como á realidade e regularidade das operacións con ela financiadas.

Tendo en conta as diferentes liñas de subvencións convocadas polas diferentes áreas de goberno do Concello de Vigo, así como a súa importancia relativa no conxunto dos gastos desta natureza, as actuacións de control realizaranse sobre unha mostraxe das subvencións concedidas seleccionadas conforme aos seguintes criterios:

1. No xestor de expedientes selecciónanse os expedientes tipo SUBCCC (Subvencións concorrencia competitiva) tramitados polas diferentes áreas xestoras.
2. Seleccionarase unha liña ou convocatoria por cada Área de Goberno xestora de subvencións, procurando seleccionar convocatorias de forma rotatoria dentro de cada Área de Goberno, de modo que non se repita o control da mesma liña en anos sucesivos.
3. Para cada liña seleccionada determínase o importe medio da subvención calculado como o resultado de dividir o importe total da convocatoria entre o número de beneficiarios.
4. Tendo en conta o importe medio determínase o tamaño da mostra conforme á seguinte escala:

Importe medio	% mostra
Inferior a 2.500,00 €	10,00 %
Entre 2.500,00 € e 20.000,00 €	20,00 %
Entre 20.000,01 € e 50.000,00 €	50,00 %
Máis de 50.000,00 €	100,00 %

Así resulta:

Área xestora	Liña	Importe convocatoria (gasto autorizado)	Beneficiarios	Importe medio	% mostra	Tamaño mostra
Desenvolvemento local e emprego	Subvencións para o Fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro	1.000.000,00	72	13.888,89	20 %	14
Benestar Social	Subvencións a entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro, para a realización de actividades na área dos servizos sociais	50.000,00	39	1.282,05	10 %	4
Educación	Bolsas para Estancias Lingüísticas no estranxeiro de alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo para o ano 2018	160.000,00	92	1.739,13	10 %	9
Festas e Turismo	Subvencións para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades socioculturais	100.000,00	53	1.886,79	10 %	5
Participación cidadá	Subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2018	298.000,00	39	7.641,03	20 %	8
Urbanismo	Axudas para a instalación de ascensores, mellora da accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas en edificios residenciais colectivos	50.000,00	12	4.166,67	20 %	2
Total expedientes						42

A realización destes traballos será contratada a firmas privadas de auditoría.

V.2. AUDITORÍA PÚBLICA.

No ano 2020 realizaranse as auditorías das contas do ano 2019 das Fundacións Marco, Liste e Laxeiro, e no ano 2021 realizaranse as auditorías das contas do ano 2020 das Fundacións Vigo Convention Bureau e Vigo en Deporte.

V.3. OUTRAS ACTUACIÓNS.

Ademais, para o completo control da actividade económico financeira da Entidade, este Plan Anual inclúe os seguintes controis complementarios, que ou ben por imperativo legal ou polas necesidades propias da entidade riscos considerouse necesario incluír por esta Intervención:

Auditoría de sistemas do rexistro contable de facturas, inclúese a obrigação imposta polo artigo 12.3 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, de realizar unha auditoría de sistemas anual para comprobar que os rexistros contables de facturas cumpren coas condicións previstas en devandita norma. En relación ao alcance desta auditoría, cabe destacar que se trata dunha auditoría de sistemas encamiñada exclusivamente á validación dos sistemas de información que xestionan os rexistros contables de facturas, sen existir ningunha conexión entre esta auditoría con outros posibles controis englobados en auditorías operativas que verifiquen a veracidade e consistencia de expedientes.

Auditoría da conta 413 no exercicio 2019 e a súa correlación co rexistro de facturas, por aplicación da disposición adicional terceira da Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Durante o presente exercicio, e dada a limitación nos recursos dispoñibles, non se prevé a realización de auditorías operativas ou doutra natureza.

VI. EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE AUDITORÍA PÚBLICA.

As actuacións de auditoría pública someteranse ás normas de auditoría do sector público aprobadas pola Intervención Xeral da Administración do Estado e ás normas técnicas que as desenvolvan, en particular, nos aspectos relativos á execución do traballo, elaboración, contido e presentación dos informes, e colaboración doutros auditores, así como aqueloutros aspectos que se consideren necesarios para asegurar a calidade e homoxeneidade dos traballos de auditoría pública.

O órgano interventor comunicará por escrito o inicio das actuacións ao titular do servizo, órgano, organismo ou entidade auditada. Cando os traballos de auditoría inclúan actuacións a desenvolver dentro do ámbito de actuación doutro órgano de control, comunicarse o inicio das actuacións ao titular do devandito órgano de control.

Así mesmo, naqueles casos en que sexa necesario realizar actuacións noutros servizos, órganos, organismos ou entidades públicas distintas dos que son obxecto da auditoría, comunicarse ao titular do devandito servizo, órgano, organismo ou entidade.

Para a aplicación dos procedementos de auditoría poderán desenvolverse as seguintes actuacións:

- IV. Examinar cuantos documentos e antecedentes de calquera clase afecten directa ou indirectamente á xestión económico financeira do órgano, organismo ou ente auditado.
- V. Requirir tanta información e documentación considérese necesaria para o exercicio da auditoría.
- VI. Solicitar a información fiscal e a información de Seguridade Social dos órganos, organismos e entidades públicas que se considere relevante para os efectos da realización da auditoría.
- VII. Solicitar dos terceiros relacionados co servizo, órgano, organismo ou entidade auditada información sobre operacións realizadas polo mesmo, sobre os saldos contables xerados por estas e sobre os custos, cando estea previsto expresamente no contrato o acceso da administración aos mesmos ou exista un acordo respecto diso co terceiro. As solicitudes efectuaranse a través da entidade auditada salvo que o órgano de control considere que existen razóns que aconsellan a solicitude directa de información.

- VIII. Verificar a seguridade e fiabilidade dos sistemas informáticos que soportan a información económico-financeira e contable.
- IX. Efectuar as comprobacións materiais de calquera clase de activos dos entes auditados, a cuxo fin os auditores terán libre acceso aos mesmos.
- X. Solicitar os asesoramentos e ditames xurídicos e técnicos que sexan necesarios.
- XI. Cantas outras actuacións considérense necesarias para obter evidencia na que soportar as conclusións.

VII. CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE AUDITORÍA PÚBLICA.

Ata que se cree e dote cos medios necesarios e suficientes o Servizo de Control Financeiro da Intervención Xeral Municipal, a Entidade Local deberá contratar para colaborar co órgano interventor a firmas privadas de auditoría que deberán axustarse ás instrucións ditadas polo órgano interventor.

Os auditores serán contratados por un prazo máximo de dous anos, prorrogable nos termos establecidos na lexislación de contratos do sector público, non podendo superarse os oito anos de realización de traballos sobre unha mesma entidade a través de contratacións sucesivas, incluídas as súas correspondentes prórrogas, nin podendo aos devanditos efectos ser contratados para a realización de traballos sobre unha mesma entidade ata transcorridos dous anos desde a finalización do período de oito.

VIII. DO RESULTADO DO CONTROL FINANCEIRO.

O resultado das actuacións de control permanente e de cada unha das auditorías documentarase en informes escritos, nos que se expoñerán de forma clara, obxectiva e ponderada os feitos comprobados, as conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións sobre as actuacións obxecto de control. Así mesmo, indicaranse as deficiencias que deban ser emendadas mediante unha actuación correctora inmediata, debendo verificarse a súa realización nas seguintes actuacións de control.

IX. DESTINATARIOS DOS INFORMES.

Os informes definitivos de control financeiro serán remitidos polo órgano interventor ao xestor directo da actividade económico-financeira controlada e ao Presidente da Entidade Local, así como, a través deste último, ao Pleno para o seu coñecemento. A análise do informe constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria.

A información contable das entidades do sector público local e, no seu caso, os informes de auditoría de contas anuais, deberán publicarse nas sedes electrónicas corporativas.

Esta mesma información deberá remitirse á Intervención Xeral da Administración do Estado, para a súa integración no rexistro de contas anuais do sector público regulado no artigo 136 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, de conformidade coas instrucións que se diten respecto diso.”

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 18.11.20, quedou informada.

DEBATE:

PRESIDENCIA: Imos facer unha intervención conxunta dos puntos 3, 4 e 5. Faremos unha utilización xenerosa do tempo, 5 minutos contados con xenerosidade, ten a palabra o concelleiro de Facenda.

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso neste ano 2020, centramos as actuacións do goberno na atención ás persoas, no corazón da cidade, na alma da cidade para mitigar precisamente eses efectos da pandemia mundial do coronavirus, iso implica que o gasto máis importante, o prioritario, o único importante sexa o gasto social, nun dispositivo sen precedentes, hai que recordar de onde vimos, no ano 2007 cando gobernaban outros o orzamento de Benestar Social era de tan só 4,2 millóns, hoxe estamos en máis de 19 millóns de euros, entón era beneficencia hoxe é Política Social, a política social máis importante desta cidade e tamén de calquera concello, non só de Galicia senón tamén do contexto do estado. Estas actuacións en Política Social durante este época de Pandemia, esta execución atendeu principalmente a 4 eixos fundamentais, en primeiro lugar a atención ás necesidades extraordinarias das persoas e cun dispositivo para persoas sen fogar, coa atención social de urxencia, coa atención social continuada tamén por parte dos servizos municipais e tamén coas axudas de emerxencia, con máis de 1,4 millóns de euros para atender a máis de 10.700 familias, máis de 1.400.000 euros para atender a máis de 10.700 familias neste período de pandemia. Tamén usando os cuidadores de barrio para atender as persoas que así o precisan e tamén para atender ás persoas maiores a través do Servizo de Axuda no Fogar con máis de 1.000 persoas atendidas, o servizo de Teleasistencia prestado tamén directamente

por este Concello e tamén con programas como “Xantar na Casa” pero tamén como se ven de facer referencia atendendo ás mulleres vítimas de violencia de xénero porque na pandemia non se frea lamentablemente esa lacra que é a violencia de xénero polo tanto, tamén houbo que atender a persoas que sufriron violencia de xénero e así temos aloxadas en hostais e hoteis a máis de 30 mulleres vítimas de violencia de xénero neste caso tamén contando coa financiamento do estado, hai que recoñecelo porque é unha das poucas administracións, non así a Xunta de Galicia, unhas das administración que si colabora nesta tarefa. No programa municipal tamén de axudas económicas precisamente para esa mulleres, atendendo a máis de 50 mulleres coas axudas deste Concello tamén na Casa de acollida das persoas maltratadas con 21 persoas e sete fillos, crianzas atendidas tamén nesa casa, polo tanto, atendendo tamén ás persoas que o necesitan e xestionando tal e como digo esa Casas das Mulleres, esa chamada Casa de Acollida de Vítimas de Violencia de Xénero, pero tamén atendendo a cuestións que non faia a Xunta de Galicia, e atendendo fundamentalmente ós estudantes, os rapaces/as desta cidade para que poidan estar seguros neste contexto de xa inicio de curso e xa iniciado o curso coa desinfección dos centros educativos, máis de 50 centros de ensinanzas infantís e primarias desinfectados polo Concello de Vigo, o que supón unha poboación obxectiva de máis de 12.000 persoas, máis de 12.000 rapaces/as desta cidade que acoden ás clases en condicións de seguridade despois de que este Concello cos orzamentos propios desinfecte e limpe e manteña en condicións de seguridade, salubridade, hixiene eses centros sanitarios para que os rapaces/as desta cidade poidan acudir tamén aos seus centros escolares con seguridade.

E o mesmo coas bibliotecas que xestiona este Concello, a biblioteca de Navia e a biblioteca do Mar de Vigo que acollen a centos e centos de persoas neste período de estudo e polo tanto, é importante para nós salvagardar a seguridade e a hixiene das persoas.

Pero esta atención á política social e esta execución relacionada co gasto social, coa política social tampouco descoida outros aspectos como é a economía porque neste trimestre, tan só neste trimestre, pagamos 30 millóns de euros aos nosos provedores nuns prazos que seguen sendo récord polo tanto, seguen sendo extraordinariamente rápidos para evitar as tensións de tesourería das empresas, polo tanto para facer economía para que as empresas non pasen dificultades e, polo tanto, que se manteña o emprego que se manteña a economía e tamén esa

capacidade de gasto, 9 días de pago a provedores no mes de outubro e nunha media de 10 días no terceiro trimestre do ano, como digo con máis de 30 millóns de euros pagados neste trimestre que se suman aos 30 millóns de euros do segundo trimestre, tamén os 30 millóns de euros do primeiro trimestre. Polo tanto, 9 días, 10 días dende o Concello fronte a outros concellos por exemplo, os que apoian o Partido Popular, o de Ourense con 124 días, aí está a diferenza, mentres Vigo paga nunha semana en Ourense hai que esperar case máis de dous meses para cobrar unha factura. Polo tanto, atendendo tamén a economía.

SR. PÉREZ IGLESIAS: E execución orzamentaria é o indicador que da conta do nivel de xestión, da capacidade de xestión dun goberno e en termos políticos da capacidade que ten un goberno de cumprir coa palabra dada. Este nivel de execución orzamentaria case é un nivel de inexecución, é certo que ten un atenuante que dende o BNG recoñecemos que é a singularidade deste exercicio atravesado por unha pandemia que produciu tamén pois algunhas circunstancias imprevistas no que ten que ver coa paralización de prazos, tamén coas dificultades nos procesos de licitación etc, non lle imos reprochar como xa dixen o outro día no Pleno o 13% apenas o 13% de execución do capítulo de investimentos no que vai de exercicio pero si lembrarlle que sistematicamente vostedes deixan 6 de cada 10 euros do capítulo de investimentos sen gastar, son unha máquina de xerar remanentes pero compre tamén subliñar que cada partida que vostedes non executan e cada euro de cartos público das viguesas/es que non destinan ao destino que vostedes mesmos decidiron significa algunha necesidade desta cidade que queda sen atender, invocan permanentemente o seu afán keynesiano e dende logo, Keynes cando falaba de efecto multiplicador do gasto público e do investimento, non se refería ao efecto multiplicador das cifras no papel, senón ao efecto multiplicador precisamente da execución dese gasto público.

Miren, hai un elemento tamén que nos resulta moi preocupante para o BNG e é que non se trata só de inexecución no capítulo VI, teñen algunhas dificultades, un goberno cunha ampla maioría absoluta que goza dunhas condicións para o exercicio das súas funcións que ningún goberno municipal antes na historia democrática de cidade tivo. E aínda así, nestas condicións cun supergobierno, temos algúns datos que nos resultan ao BNG especialmente gráficos da súa incapacidade á hora de xestionar para alén de dotar cada día dalgún título ao ciclo

das noticias. As subvencións destinadas ao pequeno comercio estaban dotadas no ano, neste orzamento do ano 2020, con apenas 50.000 euros, era unha partida ridícula, aínda máis ridícula é a súa execución, cero euros executados, comprometidos. No capítulo social, chama a atención que das axudas destinadas a alugueiro e a alimentos dese 1.550.000 euros que son insuficientes e nos por iso o emendamos so se teñen gastado 11.609 euros, que do proxecto de Vigo inserción laboral dotado con algo máis de 1 millóns de euros non tiñan gastado un só euro, pero algo moi importante neste 25 de novembro, vostedes orzamentaron apenas 13.000 euros que é menos que os gastos de atención protocolarias para as campañas contra a violencia machista, 13.000 euros, gastaron apenas 567 euros, non se trata de compromisos retóricos, as cifras cantan e o que demostra e que este goberno, goberna ben pouco.

SR. PÉREZ CORREA: Evidentemente pola experiencia que temos adquirida nos últimos anos, o orzamento deste Concello non pode ser avaliado exclusivamente cando se presenta, e a intervención que acaba de ter o concelleiro de Facenda parece que nos está falando dun orzamento recen presentado como foi o orzamento que discutimos este mes para o ano 2021, e se nos fala dun orzamento cunha serie de actuacións de carácter político e de carácter inversor que cando imos o que estamos a discutir neste ocasión que é o grado de execución pois nin existe nin se lle espera, vostede falaba dunha maneira moi behemente, supoño porque hoxe é día 25, das políticas activas de materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia machista, e as execucións non só do capítulo de programas senón do capítulo de correccións como poden ser programas de inserción ou como poden ser diferentes programas que están dentro do capítulo de igualdade, teñen unha execución ridícula e aí dende o Plan municipal de igualdade de oportunidades que de 155.000 euros apenas 48.000 euros están executados, salvo que vostedes entendan que a igualdade de oportunidades sexa exclusivamente no mes de decembro, é certo que teñen meses, tres meses apenas para executar este capítulo orzamentaria pero que ademais hai indicadores que vostedes mesmos recollen ou que vostedes mesmos fan alusión ao longo do ano, agora imos discutir 3 documentos normativos que son obrigatorios para este Concello, o Plan anual de auditorías, a propia execución do orzamento ata o día 31 de setembro e efectivamente pois a morosidade e o período medio de pago a provedores que ten este Concello, claro que ano 20 é un ano difícil non só para este Concello para

tódalas administracións, hai administracións que asumiron unha modificación importante do seus recursos cando apareceu a pandemia, este grupo municipal e ademais foi dos “late motiv” durante todo o ano, dicimos que había partidas importantes que vostedes non ían a poder executar e que se fixeran modificacións para podelas empregar en recursos sociais sen necesidade de facer as piruetas e cabriolas que neste propio orzamento pero tamén nas resolucións asinadas por concelleiros hai que facer, hai que sacar cartos das AEFAS para poder pagar ao cofinanciamento absolutamente irregular para nós que obriga a Xunta de Galicia a determinados servizos que antes eran de titularidade autonómica como as garderías, as escolas infantís e os centros de día, e logo temos que coller parte do superávit para tapar ese burato que nos obriga a un pago obrigatorio que ademais agora xudicializado parece ser que vai a ser obrigatorio pagar. Vostedes tiñan capacidade para decidir que os recursos das subvencións ás liñas aéreas non se ían empregar e que polo tanto, podíanse ter deitado durante os meses da pandemia, van para o superávit do ano que ven. As festas de Vigo dixemos que fixeran unha modificación importante desa partida 1.900.000 euros e poder utilizar recursos para outras expresións culturais nun momento que o sector cultural da cidade estaba nunha situación dramática, practicamente 900.000 euros, case un millón quedaron sen executar, obviamente non podíamos aos nenos/as de Vigo a Inglaterra polo tanto sería bo facer unha modificación deses recursos para outro tipo de políticas, quedaron os máis de 2 millóns de euros sen executar e xa sabemos que é un ano difícil pero que vostedes tamén fixeron un plan orzamentario na que vostedes recoñecían, antes da Pandemia, que a execución media ía estar entorno ao 40 ou 50% e que ademais vostedes fan un Plan anual de auditorías na que o propio Interventor recoñece que os tres grandes riscos que ten este Concello é o uso inadecuado excesivo dos contratos menores, non imos a falar deste capítulo maravilloso, falaremos no Nadal e os contratos menores para facer de todo tipo de actividades, a baixa execucións orzamentaria dos investimentos e di que é un risco de grado 12 e a inexistencia de incumprimento dun plan estratéxico de subvencións que para nós é o que motivou que pedíramos durante moitos anos ter unha ordenanza reguladora das subvención públicas, pero este grado baixo de inexecución está no capítulo que son preocupantes como é o capítulo I e vostede dirá non, aínda queda tempo, o capítulo I no anterior exercicio deixou 5 millóns de euros sen executar que poderían ter nalgún momento

solucionado o problema serio de persoal público tanto en pavillóns deportivos como nos propios centro educativos cando había baixas e tiñamos que substituír o persoal que existe. Esta execución tamén ten un problema agravado que son os investimentos, nós denunciámos xa o problema de execución dos investimentos pero o problema é que para executalas vostedes teñen que levalas á Mesa de Contratación e abrir o proceso, non van a chegar a tempo ao mes de decembro porque os que estamos na Mesa seguimos as mesas sabemos perfectamente as dificultades de licitar nun período tan difícil como este, polo tanto, nos gustaría que cada vez que se presenta un orzamento se nos puxera o horizonte de cal vai a ser a execución e senón cambian as partidas a metade de ano que para iso os orzamentos son algo vivo que se pode ir modificando.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: En primeiro lugar, Alcalde agradecerlle a súa palabras sobre Carlos Mantilla no nome da familia, do Partido Popular e do grupo municipal. Sr. Alcalde, este foi o ano dos impostos máis altos da historia, foi o ano no que os vigueses fixeron o maior esforzo da historia pagando impostos, foi o ano dos orzamentos máis altos da historia foi tamén o ano dunha pandemia que aínda mantén ao ralentí á economía e que ten pechada a hostalería. Foi un ano no que este Concello tiña que facer un enorme esforzo precisamente por dúas razóns, porque tiña os medios, porque tiña as maiorías suficiente para adoptar as decisións que fora porque tiña as propostas enriba da mesa, todos aquí propuxemos unhas modificacións orzamentarias que fixeran viable a execución do orzamento que os vigueses estaban pagando e que querían que se fixesen axudas aos sectores económicos, que se fixesen axudas ao comercio e á hostalería, vostede dixo que non, e agora temos aquí o resultado, a execución orzamentaria se desplomou, é autenticamente vergoñento ter que dicirle á xente que temos un orzamento histórico de 295 millóns de euros e que no mes de outubro só tiñamos pagado 135, só tiñamos executado o 46% do orzamento que só lle transferimos ás familias e ás empresas desta cidade o 37% do que estaba orzamentado e que logo o capítulo de investimentos estea por debaixo do 14%.

É brutal o desleixo con que se comportou este goberno, é brutal a oposición que se fixo aquí ás propostas que fixeron outros grupos dándolle as costas á cidade. Non foron quen de asignar recursos suficientes aos sectores que necesitan apoio, non foron quen de manter un ritmo keynesiano si, keynesiano para a galería porque outras administracións ben que executan os investimentos e nós aquí, o noso

capítulo de investimentos, como digo, desplomouse cos efectos di vostede que unha política de investimentos ten un efecto en creación de emprego pois unha política co que fai é non facer investimentos e parar as obras, ten unha efecto demoledor entón sobre o emprego. O goberno recada pero non gasta, Sr. Alcalde, non executan os orzamentos, é unha execución peor que a do ano pasado que tamén foi deleitable, é a peor execución orzamentaria de toda a historia, nun ano no que se necesitaba o apoio decidido e rápido do Concello Plan de dinamización comercial, cero euros executado, Plan de Dinamización Turística pagado cero euros, subvencións ás áreas de rehabilitación de Coia a Santa Calara case 1 millóns de euros, gastado cero, Casco Vello e Vila de bouzas, orzamentados 600.000, gastado cero, Casco Vello de Vigo orzamentado case 2 millóns, gastados menos de 200.000, programa de asfaltado 1.300.000 cero euros, Avenida de Madrid, nada de nada, Serafín Avendaño 270.000 euros, gastado cero, Porta do Sol 2 millóns de euros este ano, gastaron 400.000 euros, moito me parece para o que se fixo aí que non se fixo nada, parques infantís e biosaludables, case 1 millón gastado cero, política social, en política social a diferenza entre ter unha pandemia e non tela é 1.400.000 euros que son as modificacións orzamentarias que trouxo vostede aquí, só fallaría que non gastara 19 millóns, cando tiña que ter gastado 29,5 millóns de euros para poder gastar 100 euros por habitante, emprego Programa EDUSI de inserción laboral orzamentado 1.200.000 gastado 140.000, programa de inserción este nin o vou a mencionar porque en fin, Programa de Vigo inserción laboral orzamentado 1 millóns de euros, gastado cero, educación, cubrición de patios de colexios canto temos falado aquí da cubrición de patios de colexios, orzamentados 750.000 euros, gastado cero; cultura e deportes un páramo de gasto, senón se executa o Orzamento Sr. Alcalde estase tomando o pelo á cidade, se non se executa o orzamento o que facemos aquí é papel mollado, non vale para nada, os vigueses si que pagan, o orzamentos de gastos non se cumpre pero o orzamento de ingresos si, e unha baixa execución nun ano ordinario, é un indicio, é un síntoma de ineficacia pero nun ano como este, unha execución deste tipo é insultante, é unha proba de que vostede vai por un lado e a cidade vai por outro e non se están atendendo as realidades que se están reclamando diariamente por tódolos sectores económicos e por tódolos cidadáns, non lle pode mirar aos ollos aos vigueses/as e dicirlles que está vostede a gastar o que eles ingresan no que eles necesitan.

SR. ANEIROS PEREIRA: Eu lamento esa cegueira non so física senón tamén política que teñen algúns non, porque miren os datos cantan, a 30 de setembro hoxe xa moito máis levamos executados 135 millóns de euros, o repito, 135 millóns de euros. Polo tanto, executando no prioritario, no urxente e senón díganllo ás máis de 10.000 familias que reciben unha axuda por este Concello, e díganlle tamén ás familias que van a ver como a Xunta de Galicia lle quita a Risga a esas familias que percibían a Risga, díganllo, porque nós apoiamos a máis de 10.700 familias, ou díganllo tamén ás máis de 3.000 persoas que reciben axudas de comedor, máis as persoas e os alumnos de FOAMPAS que nós si que apoiamos, a Xunta de Galicia non apoia a FOAMPAS, nós apoiamos aos rapaces/as, as federacións de pais e nais de alumnos que fan un excelente traballo nos colexios. Miren, temos tamén unha tarxeta monedeiro para os rapaces/as coman, temos máis de 50 mulleres lamentablemente, máis de 50 mulleres coas axudas para violencia de xénero, 50 mulleres, díganllo ás 50 mulleres que non se executa o orzamento, ou díganlle tamén as 21 mulleres acollidas na Casa de Acollida que non se executa o orzamento, díganllo, ou díganlle tamén as 26 familias que reciben a atención domiciliaria que non se executa o orzamento, se o orzamento é público, é o orzamento de Vigo, díganlle tamén as máis de 1.000 persoas que reciben axuda no Servizo de Axuda no Fogar, cos orzamentos deste concello, díganllo, onde está que non se executa este orzamento, díganllo a esas persoas porque si as persoas reciben axuda será porque este orzamento se executa porque o concello, porque este Goberno, esta administración si que apoia á xente, si que cumpre cos seus compromisos.

Miren, falaban vostedes de investimentos, os investimentos non hai máis que saír á rúa, se deixan de estar conspirando en mesas camillas e saen á rúa verán que as obras se executan, efectivamente ás veces os prazos son longos, se viran quen asinou a Lei de contratos do sector público, ese goberno do Partido Popular nos impuxo uns prazos excesivamente longos, claro que si, pero se executan, claro non hai máis que saír á rúa, polo tanto, vemos xente na rúa traballando, vemos economía, vemos obras, vemos que se transforma a cidade que se mellora a cidade e que se xera ese tecido produtivo para construír, para fabricar, para instalar e polo tanto, para consumir tamén na cidade polo tanto, apoiando tamén ao tecido produtivo, pero miren, falaban dos impostos, nós reducimos impostos, aprazamos impostos tres veces, a Xunta de Galicia ningunha, tres veces

aprazamos impostos e reducimos impostos tan pronto como nos foi posible, reducimos o lixo un 25% do lixo comercial, reducimos a taxa de Vados para os comercios, tamén un 25%, e reducimos a auga, e a volvemos a reducir, a Xunta de Galicia aínda estamos esperando a que dea unha mísera axuda de 500 euros ao comercio, aínda estamos agardando onde están os recursos que recibe a Xunta de Galicia do Estado para apoiar ao comercio, así que o que vostedes fan señores do Partido Popular chámase filibusterismo político, dito claro, hipocrisía, porque dende esta administración, dende este goberno si que apoiamos á cidade, si que apoiamos ás persoas que o necesitan, máis de 10 millóns de euros só no capítulo IV, pagados polo tanto, en mans dos particulares en mans das empresas, cun capítulo de orzamentos efectivamente ten un marco de referencia inigualable, máis de 50 de millóns de euros en execución neste momento é normal que as porcentaxes varíen pero dígame un só concello de Galicia que teñan 50 millóns en execución neste momento, ningún, xa llo digo eu, ningún só o de vigo, polo tanto, estamos executando o orzamento, claro que é un ano distinto, peculiar pero aínda así insisto 30 de setembro 135 millóns de euros pagados e polo tanto, en mans das empresas, en mans dos particulares, da cidade, facendo economía, facendo que se atendan ás persoas que o necesitan así que executamos o orzamento naquelas áreas que é prioritario executamos.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

6(212).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO EN SOLIDARIEDADE CO POBO SAHARAÚ ANTE O AGRAVAMENTO DA SITUACIÓN NA ZONA DESMILITARIZADA DO SUR DO SÁHARA E A AGRESIÓN MILITAR MARROQUÍ EN GUERGUERAT. REXISTRO PLENO 2700/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de novembro de 2020, número 2700/1101, os concelleiros do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa e Sra. Méndez Fuentes, formulan a seguinte,

“MOCIÓN EN SOLIDARIEDADE CO POBO SAHARAUI ANTE O AGRAVAMENTO DA SITUACIÓN NA ZONA DESMILITARIZADA DO SUR DO SÁHARA E A AGRESIÓN MILITAR MARROQUÍ EN GUERGUERAT.

Vigo ten sido unha das cidades do Estado referencial no tocante a solidariedade co Sáhara Occidental dende hai moitos anos. En Vigo naceu o movemento asociativo de apoio á poboación saharauí desprazada aos campos de refuxiados e a poboación na zona de conflito, Vigo respostou de xeito destacable ás campañas para traer durante os meses de verán a nenos e nenas saharauis e afastalos dun conflito que xa dura demasiado e onde son amplos os incumprimentos de acordos da ONU para buscar unha solución democrática e respetuosa cos Dereitos Humanos como é a celebración dun referendo de autodeterminación que a mesma misión da ONU para o Sáhara Occidental acordara. Sen ir máis lonxe, este ano 2020, a Asociación de Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS) foi unha das entidades galardonada como Viguesa Distinguida que outorga o Concello de Vigo.

A noite do 13 ao 14 de novembro, tropas regulares das Forzas Armadas Reais (FAR) de Marrocos penetraron na zona desmilitarizada do extremo sur do Sáhara para reprimir unha mobilización pacífica de mulleres e homes saharauis en Guerguerat. En realidade, Marrocos vén de realizar tres fendas no muro de máis de 2700 km que construiu hai décadas para realizar unha incursión militar en territorio saharauí coa escusa de dar por rematada a concentración que protestaba polos incumprimentos marroquí no tocante ao paso de Guerguerat e o uso fraudulento de miles de camións entre a franxa que sapara a aduana marroquí e a fronteira con Mauritania, un paso fronteirizo ilegal e que nos últimos meses estaba a ser militarizado polo goberno marroquí, o que xerou a citada protesta pacífica da poboación saharauí ante esta agresión territorial intolerable.

Esta acción militar ilegal e contraria aos acordos da ONU realizada por tropas marroquí foi causante dun intercambio de disparos por primeira vez en décadas entre as forzas da Fronte Polisaria e das FAR de Marrocos. A estas alturas descoñécese o número de vítimas pero é evidente a gravidade dos feitos que poden dar ao traste cun alto o fogo que persistía, non sen complicacións, dende 1991.

Polo exposto, o Grupo Municipal Mixto (Marea de Vigo) presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede os seguintes ACORDOS:

1. Instar ao Goberno do Estado, nas súas múltiples facetas en política exterior, a establecer un traballo diplomático para evitar a guerra sen que signifique a renuncia do pobo saharauí a defender a integridade do seu territorio e os dereitos humanos da poboación afectada pola ocupación marroquí.

2. O Concello de Vigo reforzará a súa solidariedade e compromiso co pobo saharauí especialmente neste momento, reforzando o programa vacacións en paz, por desgraza suspendido pola situación derivada da crise da COVID-19, e sendo unha institución que traballe pola paz e os dereitos humanos no Sáhara Occidental.”

DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: É certo que non é habitual que ao Pleno deste Concello cheguen mocións que toquen aspecto de políticas exterior, e poderán dicir algúns que é unha cuestión secundaria ou que estamos a vivir na situación derivada da pandemia pois que incluso pode ser unha banalidade traer aquí unha cuestión de política exterior e o que Pleno do Concello de Vigo efectivamente está para cuestións de carácter ou alcance local, pero nós queríamos propoñer esta moción de feito, na súa orixe isto non era unha idea de trasladar unha moción senón que buscáramos un mecanismo para ter unha declaración institucional ante os graves sucesos e os incumprimentos dos acordos da ONU por parte de Marrocos nestes días e pola situación que está a vivir o Sahara ocupado despois desta represión violenta, dunha protesta absolutamente pacífica no paso de Guerguerát que ademais ten unhas connotacións importantes para a nosa economía porque entre outras cousas temos un sector pesqueiro, para nós de maneira irregular esta utilizando os caladoiros saharauís que a propia ONU recoñece que son saharauís, as estivo utilizando para facer negocio e utilizan ese paso para que gran parte do polbo que tomamos aquí ou a gran parte do peixe que diariamente ven a moitas lonxas ten unha orixe de caladoiros que son titularidade saharauí e están ocupados por Marrocos, que queremos traer con esta moción? Pois claro que non queremos nin sequera que abramos un debate sobre as diferentes posicións que podemos ter todos/as con respecto e este conflito dende os partido políticos que temos unha tradición histórica de compromiso non só coa situación do refuxiados no Sahara senón coa súa expresión política de liberación nacional que é a Fronte Polisaria, efectivamente é unha moción que nos propón o Bloque que vaimos nesa liña, non temos ningún problema en aceptalas porque existe unha responsabilidade do

gobierno español, evidentemente como antiga colonia, antiga metropolcolonial, polo tanto, con algunha responsabilidade que a propia misión da ONU lle da, ou incluso as responsabilidades que poden ter a nós tamén nos gustaría que moitas veces aparecera que puideran ter o sector pesqueiro galego no espolio dos recursos pesqueiros de Marrocos como vivimos no último Conxemar como se poñía sen ningún tipo de rubor pois como Marroquí o polbo que estaba nun dos stands cando realmente era unha zona recoñecida pola ONU de titularidade saharauí. Pero por que traemos esta moción? Porque esta cidade é unha cidade que ten unha vinculación histórica e importante co conflito do Sahara, si ben no ano 79 un programa que naquela altura desenvolvera o meu partido, o Partido Comunista de España, con Marcos Ana o preso político máis lonxevo nas cárceres franquistas, permitira que no ano 79 por primeira viñeran 100 nenos/as ao conxunto do Estado español, 100 nenos/as que viñan precisamente nos meses de verán, onde no Sahara se alcanza o 50 grados de temperatura e permitían naquela altura nun momento no que había combate importante entre a Fronte a Polisaria e a Forzas Armadas Marroquí, pois os nenos viñan a esta cidade. Un ano despois xa eran moitos máis e xa se creaba, un pouco naquela altura, as primeiras asociacións coa solidariedade co Sahara, aquí creouse nos anos 90 unha asociación moi importante no ano 91, Amigos do Pobo Saharauí da que hoxe herdeira e digna herdeira e ademais Viguesas Distinguida, Sogaps, Sociedade Galega co Sahara que é unha organización que neste Pleno decidimos esta ano que fora Viguesa Distinguida. Sogaps trae miles de nenos a Galicia dende practicamente a existencia de amigos do Sahara no 91, 9.000 nenos/as teñen visitado Galicia, Vigo é unha cidade para nós exemplar que máis de 70 nenos anualmente están acollidos por familias viguesas, xa hai nenos aquí de terceira xeración, hai nenos xa que son netos incluso dos primeiros rapaces que naquela altura viñeron á cidade, e eses nenos de terceira xeración agora mesmo fronte ao silencio internacional xa están mobilizados e moitos deles combatendo porque hai combates no Sahara, nos diariamente temos os partes de combate e das accións militares de Marrocos e as agresións sobre o propio muro da vergoña que Marrocos construíu e son nenos/as que falan galego, son nenos/as que saben onde queda a Gran Vía, son nenos/as obviamente adultos que saben perfectamente onde está Vigo no mapa, polo tanto, queremos que esta moción serva para unha apoio institucional evidente e ademais singularmente que sexa o Concello cabeceira da FEMP o que faga un chamamento a cumprir as resolucións da ONU e un chamamento a solidariedade internacional

cun pobo de máis de 40 anos de ignomimia e de abandono por parte de moitas administracións, incluído o goberno do Estado que terá que tomar unha decisión inmediata sobre esta cuestión.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Este ano cúmprense corenta e cinco dos infames acordos de Madrid, vinte e nove anos dese impas aberto no conflito saharauí após de cesar o fogo acordado en 1991 e durante todo este tempo foron reiterados, son reiterados e graves os incumprimentos dos dereitos humanos por parte de Marrocos na súa constante política de agresión contra o pobo saharauí. É momento dunha posición firme e clara, e nese sentido o BNG facemos unha apelo a chamarlle as cousas polo seu nome e interpelar de maneira directa ós actores que veñen intervir, a principiar polo goberno español nunha posición absolutamente incomprendible, a Unión Europea e a propia organización das Nacións Unidas, dende logo, o Bloque Nacionalista Galego non imos aceptar nunca que os intereses económicos do grande capital español e os intereses estratéxicos do estado na relación con Marrocos acaben por ser cómplices permitindo que se continue a agredir a un pobo indefenso. E nese sentido van as emendas que formulamos dende o BNG á moción da Marea de Vigo que compartimos e que imos apoiar, no sentido de cualificar de ocupación ilexítima, a ocupación de Marrocos do territorio, da República árabe saharauí Democrática diante tamén e denunciando a continúa vulneración dos dereitos políticos e humanos do pobo saharauí esixindo que o goberno español actúe, e que actúe co cese inmediato dos programas de cooperación militar e venda de armas a Marrocos e o anuncio de políticas económicas e comerciais que respecten o dereito dos saharauís/as e dispor dos seus recursos. É momento tamén de que o goberno español e a Unión Europea condenen de maneira clara o ataque Marroquí en Guerguerat porque supón unha fragrante violación do cesar o fogo e que se demanda que a ONU convoque dunha vez o lexítimo referendo da autodeterminación do pobo saharauí e por último, cremos que é momento tamén de dar un paso máis na estrita relación da cidade co pobo do Sahara promovendo un acordo de Irmanamento da nosa cidade con algún asentamento ao municipio saharauí.

SR. GONZÁLEZ CASTILLO: O conflito do Sahara occidental é un dos asuntos de política internacional que desperta o interese constante da opinión política

española, aínda que España renunciou ao territorio en 1935, e deixou de ser potencia administradora a sorte dos saharauís segue importando aos españois como demostra que máis de 4.000 nenos saharauís pasen os veráns con familias españolas, unha desas familias é a nosa, por asumir esforzos na axuda humanitaria. A invasión de territorio do Pobo Marroquí é un claro exemplo internacional de cando os intereses xeoestratéxicos prevalecen sobre os dereitos internacionais. Hai que dicir que ningún país do mundo incluído Francia e Estados Unidos recoñeceu a soberanía de Marrocos sobre o Sahara, os saharauís coa súa resistencia adquiriron un principio do dereito internacional que a eles non se lles aplicou, o Tribunal de Xustiza da Haya do 16 outubro do 1975, emitiu o seu ditame e deu a razón a España e non a Marrocos, é dicir, que o Tribunal da Haya viu a dicir que no momento en que España se fixo presente no territorio a partir de 1884, España chegou a unha serie de acordos cos xefes das tribus saharauís e dixo ademais que nese momento non existía unha dependencia política e administrativa dos xefes saharauís, nin respecto ao Reino de Marrocos nin respecto ao complexo mauritano que daquela non existía, tamén o Alto Tribunal europeo reiterou que o propietario dos recursos do Sahara occidental non é Marrocos senón o pobo saharauí. Apoiamos o dereito de autodeterminación para o Sahara occidental pero puntualizo, que lle corresponde a Marrocos e ó Fronte Polisario e non a España decidir se exerce a través dun referendo ou por outra vía, isto quere dicir que calquera solución debe ser aceptada e negociada entre ambas partes, estamos sempre de acordo coa resolución do Consello de Seguridade de la ONU, nos inclinamos por manter unha neutralidade activa e lograr unha solución conforme resolucíons do Consello de Seguridade e o o dereito internacional e coa responsabilidade histórica de España. Pero hai que ser prudentes en política exterior, os exotismos en política interior se esquecen pero o que se di fora permanece e ten un alto custe en termos políticos, pregunto, é o vicepresidente o Sr. Iglesias quen marca a estratexia de política exterior? Parece que Podemos volve a puntear á Ministra de Asuntos Exteriores, as declaracións sobre o Sahara occidental contraveñen a máis elemental prudencia diplomática, non axuda a gañar a confianza dos nosos aliados ou o respecto dos nosos adversarios, sen ir máis lonxe as crecentes oleadas de pateiras nas nosas costas explican entre outras cousas por que os países que ata a data axudaran a frear a inmigración ilegal, agora decidiron mirar para outro lado, tamén axudaría moito unha sosegada reflexión sobre as consecuencias do que se di e do que se cala, a primeira

asignatura pendente son os temas de seguridade e interior, e se non contas co apoio de Marrocos é imposible o control da inmigración, lle guste ou non dependemos da colaboración co Reino Alauí na cuestión contra o terrorismo. Lamentamos que esta situación estea bloqueada, apoiamos a centralidade do papel da ONU, as partes deben mostrarse flexibles para chegar a unha solución que ambas poidan aceptar. España ven apoiando unha solución política xusta e duradeira e mutuamente aceptable, que prevé a libre autodeterminación do pobo Saharauí occidental no marco das disposicións conforme aos principios e propósitos da carta da ONU. Esta é a postura que recolle en sucesivas resolucións das Nacións Unidas ao respecto, seguir promovendo as relacións entre España e cada un dos países do Magreb é sen dúbida unha prioridade para o noso país e que responde tamén ao desexo conxunto dos países do Magreb. É insultante o comportamento da comunidade internacional fronte aos seus sacrificios e de existencia, o Consello de Seguridade da ONU ten que asumir a súa responsabilidade e poñer fin a esta situación de expansionismo de ocupación, a ONU ten que ser consecuente coas súas propias resolucións, a paciencia pode esgotarse e a comunidade internacional debe actuar.

SR. LÓPEZ FONT: Efectivamente co enunciado que facía en principio o voceiro de Marea é certo que esta é unha moción corresponde ao ámbito de político exterior, inclusive se podería matizar algunha cuestión que me apunto a miña compañeira a Sra. Espinosa de que os temas de pesca son acordos da Unión Europea e polo tanto non son acordos bilaterais do goberno e do estado español, pero indo en concreto á moción é certo que a sociedade viguesa destacou sempre polo seu sentido da solireidade a favor dos dereitos humanos e en contra da guerra, nesta cidade se deron moitas mostras de apoio e grandes manifestacións nese sentido, e é tamén certo que foi co pobo saharauí de forma especial, e interpretamos e estamos convencidos de que a nosa cidade está pola paz, está polo cumprimento de todas aquelas resolucións dos organismos internacionais que teñen que velar por ese cumprimento e é veracidade que entendendo que lle corresponde ao goberno do Estado buscar estas solucións e tamén dende a seguridade de que dende esa instancia se despregaran tódalas accións diplomáticas tendentes a elo. Polo tanto, manifestamos todo o noso apoio a ese desexo de paz, de respecto aos dereitos humanos e de búsqueda de solucións, e en Vigo en relación co pobo

saharauí fomos escenario e testemuñas de acción política concreta, o pasado outubro do ano 2019 se celebrou na nosa cidade a conferencia internacional de cidades solidarias de apoio co pobo saharauí, alí o Alcalde manifestou todo o seu apoio á causa saharauí como o ben facendo de forma reiterada e en todos estes anos, pero si a política do Estado lle corresponde aquí o que nos corresponde é buscar as actuacións humanitarias, o que temos que realizar aquí extendentes a reparar o dolor dos pobos que sofren determinadas situacións e nesa xenuína expresión de solidariedade da nosa sociedade, xa dende hai moitos anos como se indicou, se manifestou co programa de vacacións en paz. Vacacións en Paz deste Concello para os nenos/as saharauís, é o programa de acollida que máis nenos/as ten de toda España e isto hai que resaltalo, e ademais hai que resaltar que a xuízo dos organizadores xa nin sequera se podería abarcar o que se puideran acoller a máis nenos nesta cidade, polo tanto, creo que con ese programa fomos pioneiros e o seguimos sendo, ao menos este goberno dende o primeiro día o mantivo. Si é certo que os protagonistas dende logo son as familias da nosa cidade, esas familias que dende hai anos demostran o mellor de eles mesmos, acollendo durante o verano a nenos/as saharauís que efectivamente gozan dunhas vacacións en paz, que lle serve inclusive en moitas ocasións para solucionar problemas moi básicos de saúde que na súa terra son incapaces pola situación que padecen.

Polo tanto, ese exemplo de solidariedade tamén chega aos fillos das familias acollidas que precisamente senten aos nenos como un máis da familia. E cando falamos cos responsables deste programa vemos os vínculos que se crearon para eles practicamente son seus fillos aínda que son conscientes que a súa familia está ali, por iso vimos desenvolvendo este programa dende hai moitos anos como dicía e que nos nosos trece anos de goberno incrementamos cada vez máis, o que se pide nesta moción nun pronunciamento pola Paz e nun pronunciamento por incrementar este programa nós non só estamos de acordo senón que xa o fixemos no orzamento deste ano, incrementando o programa en 10.000 euros o cal supón un 15% máis que é a maior cantidade da historia que se destinou e inclusive buscando solucións este ano dado que non podían vir os nenos pola situación de COVID-19 pero buscando solucións en alimentos e en medicinas.

Nós apoiamos esta moción tal e como está proposta, o que pasa é que si é certo que non podemos votar a favor da emenda que se propón dende o concelleiro non adscrito porque precisamente por ese enunciado de que non nós corresponde decidir sobre política exterior non podemos poñerlles deberes concretos a ningún

gobierno e polo tanto, pedimos votación separada para votar a favor da moción tal e como está proposta pero en caso de ser aceptada a emenda de adición, votaríamos en contra do último apartado.

SR. PÉREZ CORREA: Que nós estamos acostumados neste Pleno a debater sesudamente mocións de política exterior, non significa que pase no resto do mundo, porque pasa no resto do mundo, calquera orde do día agora neste mes dun pleno dunha gran cidade está moción se debate e creo que dunha maneira máis incluso descarnada do que nós estamos propoñendo aquí, é certo que nós propoñemos e ademais foi remitido aos grupos municipais como posibilidade dunha declaración institucional, nós quixemos obviar algunhas cuestións, claro podíamos meternos en moita fariña, podíamos meternos incluso, eu aí discrepo, creo que o acordo pesqueiro entre a Unión Europea a Marrocos e cando menos surrealista porque a Unión Europea como a ONU non recoñece a soberanía Marroquí sobre o territorio pero o Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea di que veña para adiante o acordo pesqueiro, aí primaron interese económicos sobre unha lóxica internacional e discrepo do Proposto polo Partido Popular, non é unha cuestión de neutralidade, é que o Estado español recoñece a misión da ONU e MINURSO di claramente que ten que celebrarse un referendo de autodeterminación, non lle podemos dar máis largas ás resolucións da ONU que nos interesa como bombardear Yugoslavia si que non hai problema incluso se non pasa ONU e o decide a Otan ata nos vale, pero as cuestións que teñen que ver con misións de paz e misións importantes que ademais levan moitos anos de esforzos diplomáticos e de esforzos diplomáticos nomeadamente do estado español, onde hai moito persoal diplomático traballando nesa misión, pois obviamente non pasaría nada incluso porque pediramos nesta moción e ademais é coherente co que expresamos tódolos grupos que pediramos a celebración inmediata do referendo de autodeterminación que figura nas conclusións da misión de Nacións Unidas. Nós quixemos centralo na vinculación de Vigo e na realidade para nós máis importante que é certo Vigo ten unha vinculación económica importante, que lle pregunten á cooperativa de armadores, nós queríamos centralo nas familias e no que pode axudar este Concello nunha situación tan grave como esta, nós estamos de acordo obviamente dentro da nosa tradición política e da expresión política do que pode ser a nosa declaracións sobre a nosa vinculación co Sahara e a nosa

vinculación coa República Árabe Saharauí e a vinculación co Fronte Polisario estamos por suposto de acordo coas propostas que propón o BNG, se iso vai a ser un óbice para que teñamos aquí unha confrontación pois que se voten tanto os nosos dous puntos que propoñemos na moción como os tres puntos que propón o BNG e que nós estamos de acordo que se incorporen pois que se voten, non temos ningún problema que se vote separadamente por puntos e que solventemos para que haxa por que é tan importante unha moción deste tipo? Porque nós esperamos que a moción aprobada en Vigo sirva tamén para ese esforzo diplomático, da multiplicidade que queremos vela, se lles pode servir ao goberno español ou se lle pode servir aos propios saharauís, pero a nós nos parece que este Pleno ten que posicionarse, aprobar unha moción e non temos ningún problema que se vote separadamente por puntos.

PRESIDENCIA: Entendo que se van votar separadamente os puntos da moción. Entendo que a moción ten dous puntos que viñan recollidos no texto presentado. Se estamos de acordo.

SR. PEREZ IGLESIAS: Serían tres propostas de acordo o punto 3, diante da ocupación ilexítima por parte de Marrocos do territorio da República Árabe Saharauí democrática e de vulneración dos dereitos políticos e humanos do pobo saharauí, exixir do goberno español o ceso inmediato dos programas de cooperación militar e venda de armas a Marrocos e a adopción de políticas económicas e comerciais que respecten o dereito dos saharauís a dispor dos seus recursos no seu territorio.

Punto cuarto, instar ao goberno español e a Unión Europa a condenar o ataque marroquí en Guerguerat por supor un fragrante violación do cesar o fogo por parte de Marrocos así como que o executivo español asuma dunha vez por todas un papel activo promovendo a través da ONU a convocatoria do referendo de autodeterminación do pobo saharauí.

E quinto instar ao goberno municipal a estudar a promoción dun acordo de irmanamento de Vigo con algún asentamento ou municipio saharauí como símbolo do apoio solidario da nosa cidade coa causa do pobo Sahara.

O Concelleiro membro non adscrito, presentou no Rexistro do Pleno o día 23.11.20

(Rex. 2708/1101), a seguinte emenda de engádeda:

“3. Diante da ocupación ilexítima por parte de Marrocos do territorio da República Árabe Saharauí Democrática e da vulneración dos dereitos políticos e humanos do pobo saharauí, esixir do Goberno español o cese inmediato dos programas de cooperación militar e venda de armas a Marrocos e a adopción de políticas económicas e comerciais que respecten o dereito dos e das saharauís a dispor dos seus recursos no seu territorio.

4. Instar ao Goberno español e á Unión Europea a condenar o ataque marroquí en Guerguerat, por supor unha flagrante violación o cesar o fogo por parte de Marrocos, así como que o executivo español asuma dunha vez por todas un papel activo promovendo a través da ONU a convocatoria do referendo de autodeterminación do pobo saharauí.

5. Instar ao Goberno municipal a estudar a promoción dun acordo de irmanamento de Vigo con algún asentamento ou municipio saharauí, como símbolo de apoio solidario da nosa cidade coa causa e o pobo do Sáhara.”

Ao seren aceptada a anterior emenda de engádeda polos relatores da moción, Sr. Pérez Correa e Sra. Méndez Fuentes, o Presidente somete a votación a anterior emenda.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente, tamén se atopa ausente a Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN DA EMENDA: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González e dezoito votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, queda rexeitada a incorporación da emenda de engádeda ao texto da moción.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 19.11.2020 (Rex. Nº 2700/1101), polos concelleiros do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa e Sra. Méndez Funes, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

7(213).- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO A VOLVER AO PACTO CONSTITUCIONAL EN MATERIA EDUCATIVA E A RESPECTAR O DEREITO DAS FAMILIAS A ELIXIR O MODELO EDUCATIVO E CENTRO ESCOLAR PARA OS SEUS FILLOS E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 2703/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de novembro de 2020, número 2703/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A nova lei educativa, a Lei Orgánica de Modificación da Lei Orgánica de Educación (LOMLOE) ou “lei Celaá” foi tramitada polo Goberno de España de costas á comunidade educativa en particular e á sociedade española en xeral:

- Iniciou o seu trámite parlamentario en pleno estado de alarma e o Goberno utilizou a situación de pandemia para acelerar os prazos parlamentarios e furtar o debate que unha lei destas características esixe.
- O proxecto de lei non foi informado polo Consello de Estado nin polo Consello Escolar do Estado.
- Rexeitouse a solicitude do Grupo Popular para que expertos e representantes da comunidade educativa (profesores, pais, alumnos, etc.) informasen e asesorasen á Comisión de Educación e FP do Congreso. Un feito sen precedentes no debate doutras leis educativas.
- A votación de todas as emendas ao articulado e o debate público na Comisión de Educación e Formación Profesional do Congreso desenvolveuse nunha única sesión. Os diferentes grupos parlamentarios tiveron que debater e votar nunha única sesión máis de mil emendas.

A LOMLOE (tanto na súa redacción orixinal como a través das emendas presentadas por PSOE e Podemos en conivencia cos partidos separatistas) supón a ruptura do Pacto Constitucional en materia educativa e suprime as liberdades educativas consagradas no Artigo 27 da Constitución Española e con iso impide ás familias españolas elixir a educación e o centro educativo que queren para os seus fillos.

É preciso tamén manter a viabilidade dos centros de educación especial sen prexuízo dunha educación inclusiva e de garantir o dereito á titulación e habilitación de competencias.

Dende o Partido Popular consideramos a LOMLOE un ataque frontal á nosa democracia e un freo para que o noso sistema educativo alcance os niveis de calidade, equidade e liberdade propios dos sistemas educativos máis modernos e innovadores, aqueles que permitiron avanzar cara a niveis moi importantes de coñecementos e competencias. Por iso o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo, propón ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

- 1.- Instar o Goberno de España a volver ao Pacto Constitucional en materia educativa e a respectar a doutrina constitucional nas súas diferentes sentenzas que garanten o dereito das familias para elixir o modelo educativo e o centro onde escolarizar aos seus fillos, así como a presenza no sistema educativo dos centros de ensino diferenciado como unha opción pedagóxica máis ás que as familias teñen dereito a acceder en condicións de igualdade.
- 2.- Respectar e cumprir o Artigo 27.3 da Constitución que obriga aos poderes públicos a garantir o dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións.
- 3.- Manifestar o apoio do Concello de Vigo aos centros de ensino público, concertado e privado que garanten o dereito a educación na cidade.
- 4.- Estender a gratuidade ás etapas post obrigatorias: Bacharelato e Formación Profesional e configurar a etapa de educación infantil de 0-3 anos como unha etapa voluntaria e gratuíta, garantindo que ningún alumno quede sen escolarizar por razóns socioeconómicas.
- 5.- Garantir a existencia e gratuidade dos centros de educación especial tanto na rede pública como privada concertada como elementos importantes dun modelo educativo especializado e plural que permita elixir as familias a opción máis adecuada aos seus intereses e necesidades.”

DEBATE:

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: A modificación da Lei orgánica de educación, esta modificación que se tramitou de maneira expresa en plena pandemia, de costas á comunidade educativa, tamén de costas á sociedade española, iniciou o seu trámite parlamentario en pleno estado de Alarma e o goberno utilizou a situación de pandemia para acelerar os prazos parlamentarios e furtar o debate, o debate dunha lei importante e dunha lei de calado, unha lei que é un profundo ataque ó sistema educativo, en particular á educación concertada, e que deixa tamén unha situación complicada á educación especial. Este proxecto de Lei non foi informado nin polo Consello de Estado nin polo Consello Escolar do Estado, rexeitouse a solicitude do grupo Popular para que expertos e representantes da comunidade educativa, profesores, pais e alumnos informasen e asesorasen á comisión parlamentaria no Congreso dos Deputados. Isto non ten precedentes en ningunha das tramitacións parlamentarias doutras leis orgánicas de educación, a votación de tódalas emendas ao articulado e o debate público na comisión de Educación se desenvolveu nunha única sesión, e os diferentes grupos parlamentarios tiveron que votar nesa sesión máis de 1.000 emendas, é unha lei aprobada pola porta de atrás, é unha lei aprobada de costas á comunidade educativa, é unha lei que vai a nacer morta, esta lei orgánica está LOMCOE, esta Lei Celá rompe, racha co pacto constitucional en materia educativa, suprime as liberdades educativas do artigo 27 da Constitución porque impide ás familias elixir a educación e o centro educativo que queren para os seus fillos, ataca a liberdade frontalmente, ataca a calidade do sistema, ataca e castiga á escola, á educación concertada. En Vigo nos afectará moi especialmente porque temos moitos centros de ensino concertado e a maior parte da nosa comunidade educativa, dos noso fillos/as pois se educan precisamente en colexios concertados, e tampouco resolve axeitadamente un problema delicado recoñecémolo, un problema delicado, que é o problema da educación das persoas con necesidades especiais, é preciso manter a viabilidade deses centros de educación especial, é preciso facelo pero é preciso tamén manter o equilibrio cunha educación inclusiva e garantir o dereito á titulación e á validación de competencias, a nós nos entristece ter que ver nos medios de comunicación que os centros de educación especial en Vigo vexan inviable a aplicación da Lei Celá, nos entristece, non cremos que sexa o camiño darlle tamén as costas a eles, consideramos que é un ataque frontal á educación. O problema é real, é un problema real en Vigo, é nos aquí o que queremos é un pronunciamento explícito do Pleno sobre se está ou non a favor dese ensino concertado, nós aquí

sabemos cal é a posición de ante man, por suposto, do BNG e de Marea por coherencia política, por traxectoria política e por manifestacións públicas, o que non coñecemos é a opinión do Alcalde que aínda non se manifestou, se estaba a favor da escola concertada ou está a favor desta Lei, gardou un coidadoso e un meditado silencio, por que? Publicamente acude ao ensino concertado, acude ao ensinado concertado de educación diferenciada, di alí aos pais e nais e dille alí aos alumnos/as que están a recibir unha educación excelente, pois hai que dicir tamén con esta lei eses centros de educación diferenciada deixarán de recibir fondos públicos e hai que dicir tamén que se elimina a demanda social como un requisito para ceder, crear e ampliar os colexios concertados, polo cal, queremos saber se o Sr. Caballero está co ensino concertado, co ensino que visita e que alardea diso ou está a favor da Lei e do goberno de Madrid, aquí non caben ambigüidades, queremos saber ata que punto pode chegar a hipocrisía do Alcalde ata que punto pode chegar a súa ambigüidade porque ata o de agora non fixo ningún pronunciamento ao respecto desta Lei e é o momento de facelo, non é ir á clausura dos cursos e dicir que son os mellores do mundo, o momento de facelo é aquí e é agora.

SR. PÉREZ IGLESIAS: En nome do Bloque Nacionalista Galego quero principiar por sinalar que non sabemos si nos gustaría que se clarexara si a omisión nesta moción do argumentario españolista que leva semanas reproducindo dende Génova a respecto da presunta agresión contra a linguas española, é unha omisión involuntaria, un erro material na redacción da moción, se é un acto de rectificación política por parte do Partido Popular en Vigo que lle agradeceríamos ou é simplemente un acto de cinismo porque non son capaces de defender a barbaridade de que o español estea en perigo en ningún territorio. Neste sentido si que lle queremos lembrar ao Partido Popular os ditames reiterados do Consello de Europa onde se lle insta de maneira clara á Xunta de Galicia a que eliminen as limitacións á docencia en galego en tódolos niveis educativos e que fagan públicos os informes de avaliación dos organismos supervisores no ensino, é claro que o problema desta moción é un problema de modelo, e aquí se emoca o dereito as familias a escoller o seu modelo educativo, o que está en discusión se escolle de quen quere escolarizar aso seus fillos/as en centros privados, nalgúns casos que mesmo segregan por xénero desta altura do século XXI, ten que ser ou non

financiada á cargo de recursos públicos ou se ten que equiparar en relación á oferta pública, aquí se desgañitou a voceiro do Partido Popular para cifrar unha diferenza que logo na práctica tampouco hai, en relación á posición que efectivamente adopta o goberno municipal en relación a estes centros, vemos como no portal escolar municipal se anuncian con total alegría a oferta privada ou concertada en igualdade de condicións que a oferta pública nunha cidade onde temos centros cunha evidente falla de matriculación nos centros públicos mentres que os centros privados teñen as súas liñas absolutamente copadas, cheas de alumnado.

A posición do BNG é clara, nós non nos gusta esta reforma por insuficiente pero dende logo non imos avalar unha volta atrás a ese modelo rancio, españolista e privatizador que era a Lei Wert.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Eu tamén serei clara, a educación para os grupos de presión que os señores do Partido Popular representan non é máis que un nicho de mercado que se nutre dun constante proceso de erosión da educación pública que vai regalando máis e máis espazo á privada, iso si, sempre con cartos de tódolos/as, a falacia da liberdade de elección das familias fundamentase nunha idea antidemocrática e é a que asocia a liberdade de elixir coa capacidade de pagar e coa vontade de distinguirse porque os centros concertados, é dicir, subvencionados, teñen a obriga de seren gratuítos nas etapas obrigatorias pero rematan por contar cun dobre financiamento mediante o cobro de cotas e de doazóns e tamén das subvencións públicas como a que leva a cabo o Concello de Vigo cubrindo con cartos públicos os uniformes escolares e con todo isto, os centros privados concertados tampouco chegan a tódalas partes como normalmente din, chegan a onde hai oportunidade de negocio, por iso a súa presenza en áreas rurais e practicamente inexistente e pola contra nas cidades é cada vez máis esmagadora, como no caso de Vigo efectivamente Sr. Marnotes, e non é un negocio recente, e o negocio protexido e auspiciado polos gobernos da dereita que explica o delirante modelo de zonificación de Vigo, así como tamén a escasa oferta de ensino público no centro da cidade, mentres en poucos metros efectivamente tropeizamos con abondosos centros concertados en concreto ademais relixiosos, unha realidade deseñada, é así, para coartar a liberdade e o dereito ao acceso a unha educación pública abocando a moitas familias a matricular a rapazada nos centros concertados, hoxe como sabemos a cidade máis

importante de Galicia é tamén a cidade que ten máis alumnado matriculado na suma de concertada e privada que na pública, triste éxito Sr. Marnotes, triste éxito que vostede apela. A polémica dos centros de educación especial ten a mesma natureza, moitos deses centros teñen concerto e temerosos de que se lles poña minimamente coto e ese negocio contraatacan con argumentos falsos, a Lei di que as administracións educativas continuarán prestando o apoio necesario aos centros de educación especial para que estes, estou citando a lei, ademais de escolarizar ó alumnado que requira unha atención moi especializada, desempeñen tamén a función de centros de referencia e apoio para os centros ordinarios polo tanto, reitero ós grupos de interese aos que vostedes representen, están atacando con argumentos falsos, dende a Marea de Vigo defendemos que deberíamos estar falando do aumento do orzamento da educación pública para poder baixar as ratios e contratar máis profesorado de cara á garantir a excelencia educativa, teríamos que estar a falar de maior investimento tamén para a construción de novos centros públicos, teríamos que estar a falar da saída efectiva da relixión do ámbito da educación obrigatoria e sobre todo teríamos que estar falando da progresiva incorporación dos centros concertados a unha única rede de titularidade e de xestión pública, temas que quedaran efectivamente fora da lei de educación e que nós seguiremos a defender fronte a unha educación privatizada e segregadora, que vostedes defenden está o gran proxecto da educación pública laica, inclusiva, democrática, de calidade e segura de todas e para todas.

SR. GÓMEZ DÍAZ: En primeiro lugar, Sr. Marnotes, lembrarlle que para o goberno do Sr. Caballero tódolos nenos/as desta cidade son iguais, independentemente de onde estuden, e o noso apoio permanente a tódolos colexios tanto públicos como concertados e a proba son os 14 millóns de euros que lle adicamos no orzamento de educación asumindo as nosas competencias e as competencias que vostedes dende a Xunta de Galicia non asumen, en actuacións como cubrición de patios, obras de investimentos en centros escolares, aseos, chan das aulas, pistas polideportivas e un largo etc. de obras de investimento que temos que atender ante a pasividade de abandono da Xunta de Galicia e da educación, proba deste apoio son os programas de educación que temos no Concello e que atenden a tódolos nenos, estuden onde estuden Sr. Marnotes, como o inglés, Vigo Educa, visita Concello, as becas comedor, os ordenadores que se cederon durante a

pandemia para os nenos vulnerables, independentemente do centro onde estudaran e as vaías son o material de separación para os recreos e espazos comúns que tamén se reparte en tódolos centros, esa é a política deste goberno, atender a tódolos/as independentemente de onde estuden, Sr. Marnotes, algún día gustaríame tamén ver que ademais do lazo laranxa leve o lazo verde, non? Que é o que avogamos dende este goberno, dende o goberno do Sr. Caballero que é a defensa do ensino, independentemente de onde se estude, o Sr. Feijóo onte anunciaba os seus orzamentos e volve a esquecer a esta cidade e a educación cun orzamento ridículo para educación e que non contempla nin unha soa obra de investimento para os centros de educación infantil e primaria desta cidade, nin cubrición de patios, nin reformas integrais, nin escolas infantís, nin pistas polideportivas, nos centros desta cidade absolutamente nada, isto si que é hipocrisía, Sr. Marnotes, defenden vostedes a toda educación? Defenden vostedes a educación pública, a concertada e privada? Deféndena toda? Esa é pregunta Sr. Marnotes, falan de consenso deste Lei pois é unha Lei que sae cun amplo consenso con máis de 43.000 achegas recibidas, reunidos con diferentes asociacións, organizacións do mundo educativo, representantes das comunidades autónomas, consellos escolares autonómicos, consello escolar do Estado, en cambio a Lei educativa vixente ata agora, a famosa Lei Wert foi aprobada unicamente cos votos do Partido Popular, esta conta co apoio de máis partidos da cámara. Falan do ensino e da admisión no ensino concertado, hai que tranquilizar as familias desta cidade, nesta cidade non se van ver afectadas as familias en ningún caso, porque o ensino concertado non está en perigo, as familias teñen a liberdade de elección de centro, iso foi e seguirá sendo así, de feito no caso da cidade de Vigo ademais non afecta por non hai listas de agarda co cal non se vai a ver afectado neste punto. Despois falan vostedes de mostrar o apoio deste goberno ao ensino concertado, como lle digo, Sr. Marnotes, o que piden nesta moción nós o facemos, facemos e apoiamos a toda a educación pero ademais de apoialo de boca o facemos con feitos, claro que o manifestamos. Os colexios públicos, concertados e privados acoden ao Alcalde de Vigo para que se atendan as súas demandas ante o abandono da Xunta de Galicia pero tódolos centros educativos, os privados, concertados, os públicos, o Sr. Caballero é o principal interlocutor de tódolos centros educativos desta cidade, pero gustaríame Sr. Marnotes que vostede faga o mesmo pero non de palabra, queremos feitos, pídella ao Sr. Feijóo que mellore os centros educativos, que faga escolas infantís, que cubra patios escolares, que faga

reformas integrais, que rebaixe o prezo das escolas infantís, vostede o Sr. Feijóo van a manifestar o seu apoio a escola pública, concertada e privada desta cidade? ás tres? Teño dúbidas, despois falaban do tema da relixión Sr. Marnotes, o concordato coa Santa Sede de 1979 segue vixente e todos poderán optar á sinatura de relixión sen ningún de inconveniente, a única diferenza é que non van a ter materia espello e que non vai a ser avaliable, esa é a única diferenza e despois falaban da educación especial, este concello apoiou, apoia e seguirá apoiando aos centros de educación especial como sempre, seguiremos no apoio permanente destes centros pero a que LOMLOE eN ningún momento fala de que se vaian a pechar os centros de educación especial, ao contrario e lle leo a disposición adicional 4ª que di claramente “as administracións educativas continuarán prestando o apoio necesario a tódolos centros de educación especial para que estes ademais de escolarizar a alumnos que requiren unha atención moi especializada, desempeñen función de centro de referencia e apoio aos centros ordinarios” o que propón esta lei, por certo, é algo que recollían os propios programas electorais do seu partido, que é seguir avanzando para unha maior inclusión, home, salvo que se esquezan do que poñen no seus programas electorais o que está claro é que o Partido Popular esta instalado nas “fake news”, no escapismo e isto é así, non? Para rematar quero lembrarlle tamén as familias desta cidade que o goberno do Sr. Caballero seguirá atendendo a tódolos nenos/as desta cidade, estuden onde estuden, no Sr. Caballero sempre atoparán un aliado.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: No Sr. Caballero sempre atoparán un aliado pero van a votar en contra dunha moción que defende o ensino concertado, Sr. Pérez Iglesias nos centramos o tiro e falamos do debate que hai na cidade, o ensino concertado está en contra da Lei e a educación especial ten moitas dúbidas de que sexa viable e nós centramos o tiro porque o problema na cidade é ese, e que temos un Alcalde que viu unha cousa pero logo cando vai a Madridponse ao carón do goberno que quere atacar o ensino concertado. Cal é a posición do goberno do Sr. Caballero? Apoiar a Lei Celá? Pois díganllo ao ensino concertado que están a favor da Lei Celá, dígallo ao ensino concertado e sobre todo cando vaian a un centro educativo concertado, non do centro da cidade que eses evidentemente non van a ter problema, o problema o ven a ter os que están na avenida do Aeroporto, quen vai ir alí? Os veciños da avenida do Aeroporto ou en Coruxo onde hai centros tamén,

haberá unha preferencia polos centros públicos, que vai a pasar con eses centros concertados? Ese é o problema, o problema vai a ser ese, non onde hai unha rede de centros públicos e só hai concertados, non, o problema vai a estar onde hai concertados e públicos e hai prazas nos públicos, que vai a pasar aí? Pois vai a ser moi fácil, que non se vai a respectar o dereito das familias a ir a eses centros terán que ir aos centros públicos e eses centros perderán o seu emprego as persoas que traballan alí, iso o sabe todo o mundo nesta cidade no ensino concertado, todo o mundo sabe que colexios son os que van a ter problemas, o que pasa é que ademais de ir a entregar diplomas, hai que falar con eles, o apoio, está moción ten precisamente ese obxecto, poñer de manifesto a incoherencia, a hipocrisía e a ambigüidade, nós falamos de apoios aos colexios concertados e o goberno nos contesta co Sr. Feijóo e a cubrición dos patios dos colexios. Non señor, esta moción o obxecto é estan a favor ou non de manter o “statu quo” do ensino concertado que queda atacado por esta lei, o ensino público por suposto que se defende, por suposto que se defende e o ensino privado tamén, digan se están a favor ou en contra de que os centros que teñen educación diferenciada por sexo que tamén visitan, están vostedes en contra de que sexan subvencionados por fondos públicos, dígano, sexan coherentes, como fan eles, pero non van a votar en contra da moción e logo van ir aí, e nós poñemos de manifesto esa contradición, esa hipocrisía porque hai líderes políticos que son valentes, e que se enfrontan ou matizan á posición do goberno tódolos días, líderes socialistas, o Sr. Caballero, non, xamais porá en cuestión o goberno de Madrid, pero iso si, vai a ir a facerse a foto á concertada e á privada por suposto que si.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente, tamén se atopan ausentes as Sras. Silva Rego e Rodríguez Calviño).

VOTACIÓN: Con catro votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González e vinte votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías

Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 20.11.2020 (Rex. Nº 2703/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

8(214).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A MODIFICAR, DE FORMA URXENTE, A NORMATIVA REGULADORA DA RENDA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA, CO OBXECTO DE FACELA COMPLEMENTARIA E COMPATIBLE CO INGRESO MÍNIMO VITAL. REXISTRO PLENO 2704/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de novembro de 2020, número 2704/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A aprobación por parte do Goberno de España do Ingreso Mínimo Vital supuxo un fito nas políticas de loita contra a pobreza en España, máxime en Comunidades Autónomas como Galicia, na que o 24,3% dos galegos e galegas se atopan en risco de pobreza e o 7,9% é dicir, máis de 200.000 persoas, están en situación de pobreza severa, segundo o índice AROPE. A taxa de risco de pobreza situábase en Galicia, antes da pandemia, no 20%.

O Ingreso Mínimo Vital configúrase por tanto como unha prestación básica que pretende cubrir o risco xeral de pobreza e un mecanismo de garantía de ingresos de ámbito nacional, que terá que ser complementado coas rendas de inserción das respectivas comunidades autónomas.

Con este fin, o lexislador estatal decidiu excluír expresamente do cómputo de ingresos as prestacións autonómicas concedidas en concepto de rendas, configurando o IMV como como unha prestación “solo”, compatible “coas prestacións autonómicas que as comunidades autónomas, no exercicio das súas

competencias estatutarias, podan conceder en concepto de rendas mínimas, tanto en termos de cobertura como de xenerosidade”.

Neste contexto e con estes datos alarmantes de risco de pobreza en Galicia, segue a ter configurada a Renda de Inclusión Social como incompatible co Ingreso Mínimo Vital, o que ten dado como resultado que en apenas 6 meses a Xunta de Galicia lle teña retirado a prestación a máis de 1.000 galegos e galegas.

É dicir, o Goberno de Feijoo non só non complementa -como debería ser a súa obriga - a renda básica do Estado, senón que máis dun 10% dos beneficiarios desta prestación autonómica perderon o seu dereito, co conseguinte aforro económico para a Xunta de Galicia.

É dicir, o Goberno de Feijoo non só non transfire aos Concellos os máis de 23 millóns de euros que ten recibido do Goberno de España para Política Social, senón que, ademais, pretende aforrarse os recursos que destina á xa de por si cativa Renda de Inserción Social.

Todo isto cando a taxa de cobertura da RISGA é unha das máis baixas do Estado. Só un 6,3% das persoas que viven por debaixo do umbral da pobreza acceden a esta prestación do Goberno galego, namentras que a media española sitúase no 8% e en comunidades coma Euskadi ou Navarra a taxa de cobertura achégase ao 70%.

Vigo é a cidade de Galicia que máis perceptores de RISGA ten (2.312), máis do 50% de toda a provincia de Pontevedra; o Concello de Galicia que máis rendas de inserción tramita ao ano (1.180 solicitudes novas no ano 2019) e a administración local que máis proxectos de integración social supervisa.

Neste intre, por mor do desleixo da Xunta de Galicia, os vigueses e as viguesas en vez de beneficiarse da RISGA como unha renda complementaria do Ingreso Mínimo Vital, deben elixir entre unha prestación ou outra, porque o Goberno de Feijoo non foi quen en 6 meses de reformar a normativa reguladora da RISGA para facela compatible e complementaria do Ingreso Mínimo Vital, como debería ser a súa obriga.

Neste contexto de crise sanitaria, social e económica, con milleiros de traballadores e traballadoras abocados a despidos, urxe unha resposta por parte do Goberno de Feijoo. É imprescindible a reformulación da Renda de Inclusión Social de Galicia coa máxima celeridade, para que se convirta

Por todo o antedito, propónse ao Pleno da Excma. Corporación Municipal que adopte o seguinte

ACORDO:

-Instar á Xunta de Galicia a que, de forma urxente, modifique a normativa reguladora da Renda de Inclusión Social de Galicia, co obxecto de facela complementaria e compatible co Ingreso Mínimo Vital, ampliando ademais a súa cobertura.”

DEBATE:

SRA. AGUIAR CASTRO: Aprobación por parte do goberno de España do ingreso mínimo vital supuxo un fito nas políticas de loita contra a pobreza máxime en comunidades autónomas como a de Galicia, con taxas de pobreza preocupantes xa que en Galicia o 24,3% dos galegos/as, é dicir, máis 655.000 persoas se atopan neste momento en risco de pobreza, case o 8% dos cidadáns están en situación de pobreza extrema, o ingreso mínimo vital configurouse como unha prestación básica para loitar contra o risco de pobreza pero pensada e articulada para que fosen as comunidades autónomas as que cumprimentasen este ingreso coas rendas de inclusión social. Así o goberno de España aprobou esta prestación co obxectivo de que fosen as propias comunidades autónomas as que coas súas rendas mínimas fixesen un complemento en conceptos diferentes como o acceso á vivenda, aos itinerarios de inclusión socio-laboral etc. A norma xa foi preclara e claravidente na súa redacción porque Galicia non achegou absolutamente nada en seis meses a través da renda de inclusión social, nin en termos de cobertura nin por suposto en termos de xenerosidade, porque seis meses despois de ter aprobado o ingreso mínimo vital o goberno de España cal é o balance da Xunta de Galicia do Sr. Feijóo pois nin reformulación da Risga, nin renda complementaria, nin nada parecido, simplemente cancelou 1.500 prestacións en 6 meses e segue suma porque xa no propio proxecto de orzamentos da comunidade autónoma de Galicia do 2020-2021 o propio goberno do Sr. Feijóo recoñece que os perceptores da RISGA neste orzamento 2021, serán en torno a 9.000 persoas xa liquidamos a 1.500 persoas polo camiño. Todo isto cando a RISGA xa era un fracaso absoluto de antemán porque ten unha das taxas de cobertura máis baixas do estado, só o 6,7% que viven por debaixo do umbral da pobreza son perceptores da RISGA en Galicia, moi lonxe da media estado que sitúa en torno o 8% e moi lonxe por suposto de comunidades autónomas como país Vasco ou Navarra que se achegan a unha taxa de cobertura de entorno ao 70%, o drama ademais é que os galegos/as accederon de xeito moi limitado ao emprego nos anos de recuperación económica antes do confinamento, se atoparon emprego foi de baixa calidade e en condicións de absoluta precariedade laboral, tan só un 11,5% da poboación menor de 60 anos vivía xa no ano 2019 en fogares con baixa intensidade de emprego, e agora en plena crise sanitaria, económica e social, con milleiros de galegos/as en

ERTES en ERES, mesmo no paro, a Xunta de Galicia non ten presa algunha por facer esta reformulación da renda de inserción social galega para que poida ser un complemento digno para que as familias empobrecidas porque tamén temos unha taxa de traballadores empobrecidos en Galicia sen precedentes, poidan ter un complemento de acceso a unha vivenda digna ou acceso itinerarios de incorporación ao mercado laboral. Máis de 130.000 galegos/as son pobres, é dicir, non poden cubrir as súas necesidades básicas porque máis do 40% do seu precario salario está destinado ao pagamentos dunha vivenda nun mercado inmobiliario especulativo froito das políticas do Partido Popular. Ademais a contía da RISGA é das máis baixas do estado, con apenas 400 euros para unha persoa sen fillos e con recortes sistemáticos ano tras ano, porque hai que dicir que na propia memoria de execución da RISGA que está colgada na páxina da Consellería, xa recoñecen que no ano 2019 só se executaron 53 millóns de euros dos que estaban consignados nos orzamentos. Agora a Xunta de Galicia no seu desleixo pretende levar a RISGA á extinción, leva máis de 6 meses pensando, requetepensando e máis que pensando e mentres tanto a xente máis empobrecida cada día, mentres o tempo corre a favor da Xunta de Galicia e en contra dos cidadás, dende o mes xuño que se puxo en marcha o IMV, a Xunta de Galicia pasou de 10.807 perceptores da RISGA a 9.300, unha caída do 13,4% de perceptores, entre tanto a Xunta de Galicia estase a beneficiar de máis de 600 millóns de transferencia, do goberno de España para loitar contra a pandemia no ámbito da educación, da sanidade, de política social, do que os concellos non temos visto nin un duro, nin un euro e os cidadáns tampouco, non sabemos que está a facer a Xunta de Galicia pero urxe que se reformule a renda mínima autonómica para facela compatible co ingreso mínimo vital, con liñas directas de axudas para o acceso á vivenda, con itinerario de inserción laboral eficaces, urxe un cambio normativo para flexibilizar ademais o criterio da vivenda independente porque saben vostedes moi ben que non se pode cumprir.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O ingreso mínimo vital configúrase como un paliativo de carácter asistencial que non resolve as causas estruturais da pobreza e do empobrecemento, causas que foron agravados pola sucesivas reformas laborais que provocaron a baixada de salarios, a destrución de emprego e a xeneralización da precariedade e da inestabilidade laboral, reformas laborais que a todo isto o novo goberno español de coalición segue sen querer botar a baixo.

Tiña moito ademáis o ingreso mínimo vital de acción propagandística, de acto de medida efectista pois para salientar un perfil social, porque se podería ter optado por outras fórmulas como era apuntalar o financiamento das rendas análogas xa existentes como no caso galego da propia RISGA, non entanto era un avance e respondía a unha evidente necesidade social, o que sucede é que preto de 6 meses dende a súa aprobación no Congreso ás axudas seguen sen chegar a quen as necesita. Dicía a Ministra de Traballo nunha recente entrevista, a Sra. Yolanda Díaz, que o problema é que os novos dereitos tardan, certamente poden tardar o que non tarda son as facturas a pagar, o que non tarda son as necesidades sociais e é que claro que se puxo en marcha unha medida sen dotala dos medios necesarios dende o punto de vista da provisión de recursos para facilitar a súa xestión, para facilitar e axilizar a súa concesión ao contrario e eu quero tamén sinalalo, os esforzos que ten feito por exemplo a Área de Benestar Social deste Concello de Vigo, que si axilizou en todo o que estivo na súa man durante esta etapa de pandemia todo o que eran a adxudicación de recursos económicos para quen máis o necesitaban. Concordamos coa moción no sentido efectivamente de instar a que a Xunta de Galicia avance de maneira áxil e urxente no recoñecemento da RISGA como un ingreso que se poida complementar co ingreso mínimo vital, máis en todo caso formulamos unha emenda no sentido de instar ao goberno español precisamente a adoptar tódalas medidas que foran necesarias para axilizar a tramitación, resolución e o abonamento do ingreso mínimo vital para que deixe de ser un anuncio e se converta nunha realidade palpable.

SR. PÉREZ CORREA: Podemos darlle 50.000 voltas ao ingreso mínimo vital pero o ingreso mínimo vital é a maior e a máis importante acción institucional que ten feito un goberno na historia deste país para sacar a miles de familias dos umbrais da pobreza e ademais faino un goberno de coalición nun momento de crise pandémica mundial con tódolos problemas que deriva isto, e cos orzamentos do Sr. Montoro e claro que hai que corríxilo e para iso hai un proxecto orzamentario este ano que consigna só a Galicia entregas a conta de máis de 7.000 millóns de euros, 600 millóns de euros para políticas en materia de Lei de dependencia que por primeira vez quintuplica os recursos do Ministerio de Traballo e á que o Partido Popular e o BNG decidiron votar que non, polo tanto, non se pode vir aquí a demandar máis recursos para o ingreso mínimo vital cando un proxecto

orxamentario claro e conciso e se decide votar que non argumentando que non hai suficientes quilómetros de estrada ou que non hai suficientes tramos de AVE, iso dende logo para nós é bastante significativo, con este orzamento aprobado, veremos que vota o BNG e veremos que vota o Partido Popular o ingreso mínimo vital se podería axilizar e multiplicar, porque unha das cuestións que vai financiar gran parte dos recursos e ingresos son os fondos europeos fondos estruturais que saen nun programa de reconstrución e aos números o miúdo son absolutamente indiscutibles, o que ten que ver cos inxentes recursos en materia de orzamento que vai a levar o Ministerio de Traballo, o SEPE para tramitar, e ademais claro que está sendo un quebradizo de cabeza, na súa tramitación porque ten que ser as administracións locais as que tramiten e o pagador o instrumento pagador, o goberno central porque a Xunta de Galicia fixo un boicot absoluto ao ingreso mínimo vital, só cando viu que había un colapso derivado de moitos factores, dende a situación de teletraballo da maior parte dos traballadores do SEPE dunha situación financeira difícil porque hai que utilizar moitos recursos para asinalos a outras cuestións máis urxentes por exemplo suspender os cortes de luz e suspender os desafuizamentos e suspender determinados cortes de subministro que financia e sufraga o Estado central. O ingreso mínimo vital o discutiremos aquí dentro dun ano, porque unha vez unha familia opte a ese dereito e eu tramitei bastantes e vin como se lle daba, familias da noite a mañá con dous fillos e unha situación completa teñen 1.000 euros garantidos de por vida, cousa que non ten feito un goberno nin progresista nin medio progresista nin medio pensionista e creo que iso hai que poñelo en valor e en valor no seu momento xusto que será na tramitación e na execución do proxecto orxamentario que está agora mesmo no Congreso dos Deputados.

Nós estamos completamente de acordo con esta moción, porque ademais é ridículo que no proxecto orxamentario da Xunta de Galicia se consigne o mesmo para a mesma partida para a RISGA, 64 millóns de euros que para nós é insuficiente porque os indicadores de pobreza xa eran para que dixéramos hai dous anos, o ano pasado que era insuficiente, 64 millóns de euros como para pensar que non había que incrementar esa partida neste ano, ano 21, porque os indicadores de pobreza creo que calquera persoa que vaia pola rúa ou incluso calquera concelleiro que o paren nalgún momento un veciño vaille a transmitir o mesmo, a incerteza ou incluso situacións económicas nunca vividas de familias que nunca estiveran nos servizos sociais terá a concelleira de servizos sociais os

datos pero ten que haber un motón de nova fichas e novas altas de xente nos servizos sociais municipais que nunca foran usuarios do servizos municipais porque iso é o que palpa con toda normalidade na cidade.

O ingreso mínimo vital é suficiente? Por suposto que non, había recursos para tramitalo? Cos orzamentos do Sr. Montoro era imposible tramitalos, a onde íamos cunha Lei de estabilidade, cun teito de gasto, cuns criterios absolutamente restritivos no gasto, este orzamento é o que permite financiar o ingreso mínimo vital, pero o ridículo é que a Xunta de Galicia é a única comunidade autónoma e a única administración que di que é incompatible, cando está sendo compatible no conxunto do estado, e tamén digo, estando de acordo en que iso ten que ser así, emprazo tamén ao Concello de Vigo a facer o mecanismo para ser compatible as AEFAS co ingreso mínimo vital, que se modifique, que busquemos un mecanismo para que exista esa compatibilidade e que nós podamos tamén dicir que non temos que quitar 800.000 destes recursos con respecto ao ano 20, que é certo que se quitaron, é certo que ademais está sendo para financiar cousas que nos obrigan de maneira inxusta pero que neste ano 21 podamos cando menos, nos obviamente pedíamos incrementar e foi rexeitado polo goberno local, pero cando menos que eses recursos que tiñamos no 20 podelos facer compatibles coas persoas que van a percibir o ingreso mínimo vital a partires deste ano.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Con este tema tan imporante a verdade é que hai bastante demagogia nalgúns argumentos, nalgunhas das frases expostas aquí, vostedes saben canto tempo leva a RISGA funcionando en Galicia, leva 29 anos cunha renda de inserción social de Galicia da que nin hai que facer espaventos, nin máis nin menos, nin está presumindo nin si nin non, o Sr. Feijóo fai as cousas ben, o Sr. Sánchez mellor, o Sr. Pablo Iglesias ten a brillante idea de facer un ingreso mínimo vital, porque a RISGA tódolos galegos deberíamos estar orgullosos leva 29 anos funcionando en Galicia, ademais con diferentes cores, xestionado pola comunidade autónoma, é unha renda de integración social, é dicir, o éxito da RISGA é que diminúa, vostede Sra. Díaz dí, liquidan non sei cantas persoas, hai un orzamento destinando á RISGA que non se move, que se vai adaptando ás necesidades en cada comento, segundo a crise e as necesidades que poidan ter as persoas e as familias e non se liquida a ningún pero o éxito da RISGA é que desapareza, o éxito dunha renda de integración social é que se integre

socialmente ás persoas que a perciben e vostedes queren que se cobre a RISGA, o ingreso mínimo vital, tódalas axudas posible como dixo o Sr. Pérez Correa para que de por vida xa se conte con esa subvención, é importante axudar as familias que o necesitan, importante, que poidan ter compatibilidade coa RISGA e con outro tipo de axudas que xa as hai, pero non deixar á xente cobrando subvencións eternamente por parte das administración para que non poidan integrarse na sociedade. Polo tanto, eu insisto, a Xunta de Galicia solicitou xa en varias ocasións ao goberno central a xestión do ingreso mínimo vital, co fin de evitar solapamentos que poder chegar a beneficiarios e insisto, deste modo canalizar a través da comunidade autónoma tódalas necesidades que poida haber en determinados momentos, como dixen, porque ademais sabemos que os niveis de pobreza son altos e elevados pero van en función tamén das épocas nas que esteamos e podemos ver unha táboa nos últimos 20 ou 25 anos e veremos tamén como son os picos máis altos e máis baixos, agora é verdade que estamos nun momento moi complicado para moitas familias en Vigo. Despois de case 5 meses de entrada en vigor da axuda o goberno central apenas concedeu 5.000 axudas para toda Galicia que son moi lonxe das 40.000 que prometeu, polo tanto, a ver como tamén van xestionando todo este cobro do ingreso mínimo vital porque o 80% das solicitados foron rexeitadas, polo tanto, eu non sei se estas brillantes ideas, insisto, cunha RISGA que levan 29 anos funcionando en Galicia pode ser agora que o goberno central, vir aquí a dicirmos como temos que facer e que canalizar estas rendas de integración social. Como dicían vostedes 65 millóns de euros nos orzamentos da Xunta de Galicia non se toca absolutamente nada, non inflúe o ingreso mínimo vital en que os propios galego poidan ter cubertas esas necesidades, a RISGA tamén non se solapa e é compatible con outras prestacións tamén que pode haber pois de axuda tamén á compra de alimentos, co bono do alugueiro e con axudas que poidan como digo necesitar en determinados momentos as familias, pero o máis importante falaban da reforma laboral e crear emprego e que esas persoas que cobran a RISGA poidan cobrar un soldo, un salario cotizando e integrarse na sociedade, polo tanto, falaban desa maldita reforma laboral, que por certo non derogan como dixo o voceiro do BNG, téñena aí pero hai aplicala e xerar postos de traballo e emprego para ter unha sociedade mellor.

Polo tanto, vostedes falan dun fito do ingreso mínimo vital e o fito foi hai 29 anos, insisto, cando o Sr. Fraga en contra ademais de moitas correntes ademais do seu propio partido, inseriu e ingresou e puxo en marcha en Galicia a renda de inserción

social, a RISGA, ademais que foi eu creo que moi pioneira en toda Europa, por iso eu creo que a pesar de que o ingreso mínimo vital debería aplaudirse, é unha iniciativa como digo que xa dende hai tantos anos, non se pode facer tanta demagogia con iso, e non se pode ademais intentar convencer á sociedade de que cobrar tódalas subvencións posibles que esta ao seu alcance é a mellor solución, creo que non, por suposto que hai que axudalos e a RISGA está garantida para as persoas que o necesitan en Galicia, pero o ingreso mínimo vital tamén, nun caso ou noutro polo tanto, nós como digo queremos que as RISGA se reduzan pero mentres haxa necesidade van a estar a disposición de tódolos galegos e por suposto de tódolos vigueses. Sra. Díaz, non faga vostedes demagogia, non diga que vai todo horrible, que é un desastre porque os orzamentos de política social do Concello de Vigo son 10 millóns por debaixo por exemplo dos orzamentos de política social do Concello de A Coruña, con menos habitantes, se falamos en termos orzamentarios, se falamos en axudas directas á persoas que agora necesitan ter axudas das administracións.

SRA. AGUIAR CASTRO: En primeiro lugar ao concelleiro non adscrito dicirlle que discrepo absolutamente de que o ingreso mínimo vital sexa un acto propagandístico, é un dereito subxectivo, a primeira vez que se consolida unha renda básico como un dereito subxectivo e podo estar con vostede de acordo en que ten algunhas disfuncións que se está traballando para corrixilas pero dende logo non me parece que o apelativo de propagandístico sexa o máis axeitado.

Con respecto á Sra. Egerique en primeiro lugar, clarexarlle Sra. Egerique que me confunde coa Ministra de Traballo, non me chamo Yolanda Díaz, chámome Yolanda Aguiar, de momento aínda estou aquí de concelleira. En segundo lugar, dicirlle que coincido en vostede, si efectivamente, 29 anos da Renda de Inserción Social de Galicia 9.000 usuarios, seis meses de ingreso mínimo vital 8.000 usuarios e perceptores, do ingresos mínimo vital en seis meses en Galicia, en 29 anos en Galicia 9.000 perceptores da Renda Mínima Vital, como xa lle dixen a taxa de cobertura máis baixa de tódalas rendas de inclusión social de España, un 6,7% das persoas que viven por debaixo do umbral da pobreza, 6,7% da poboación galega que está na pobreza extrema, esa é a taxa de cobertura que ten a RISGA de Galicia, volvo a insistirlle en 29 anos 9.000 perceptores, en 6 meses 8.000

perceptores do IMV e efectivamente chegará a 40.000 galegos/as o ingreso mínimo vital.

Mire, o Sr Feijóo non só non complementou o ingreso mínimo vital coa renda de inserción social sumándose por certo ao carro das comunidades gobernadas polo Partido Popular como Madrid ou como Castela- La Mancha que tamén suspenderon as rendas de inserción social, senón que hai outras comunidades autónomas a mai grande parte delas, por certo, gobernadas por partidos progresistas e que si están complementando o ingreso mínimo vital coas rendas de inclusión social, Sra. Egerrique como é o caso de Baleares que non só incrementou senón que chegou incluso a asumir as contías do ingreso mínimo vital coa súa renda de inclusión social, esa é a diferenza entre unha forma de gobernar e outra, lamentablemente. Mire, déixese vostede xa desta política a que están acostumando vostedes aos cidadáns de culpabilizar de todo ao goberno de España, e de responsabilizar de todo aos concellos sen transferir nin un céntimo do que reciben vostedes do goberno de España, por certo, mire, o atrancos que está vivindo o ingreso mínimo vital, porque como tódolos dereitos subxectivos pois teñen o seu tempo de acomodación, eu estou de acordo co concelleiro de Marea que dentro dun ano falaremos do ingreso mínimo vital e do balance, igual que hoxe estamos a falar aquí do balance fracasado absolutamente da renda de inclusión social de Galicia. Pero mire, os atrancos do ingreso mínimo se chama a Xunta do Sr. Feijóo, “los beneficiarios del ingreso mínimo vital no podrán cobrar la RISGA” a Xunta pon pegas á renda mínima do goberno, a Xunta de Galicia se nega a dar datos ao goberno do ingreso mínimo vital, esta é a súa forma de gobernar, a deslealdade institucional absoluta, dígolle, póñanse a traballar e reformen xa a renda de inclusión para que chegue aos galegos/as.

(No momento da votación preside a 3ª Tenente de Alcalde, Sra. Espinosa Mangana por atoparse ausente o Presidente, tamén se atopan ausentes as Sras. Silva Rego e Rodríguez Calviño).

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González,

Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.11.2020 (Rex. Nº 2704/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

9(215).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA Á SINATURA DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE VIGO PARA A CONSTRUCCIÓN E POSTA EN SERVIZO DO INSTITUTO DE NAVIA. REXISTRO PLENO 2705/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de novembro de 2020, número 2705/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estevez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A Xunta de Galicia ven de anunciar o comenzo das obras de urbanización da ampliación de Navia para o vindeiro ano 2021. Como establece o plan parcial da ampliación de Navia aprobada polo pleno do Concello de Vigo, esta actuación permitirá a construción de 1.500 novas vivendas e a chegada de novas familias e nenos a este importante barrio vigués. Cando as familias comencen a residir nestas novas vivendas as deficiencias de dotacións educativas xerarán problemas maiores dos hoxe existentes. Neste senso a asociación de nais e pais do CEIP Rodríguez Castelao de Navia continúan demandando da Xunta de Galicia o cambio da zonificación escolar primando os criterios de proximidade na adscrición de centros, o tempo que demandan a construción urxente dun Instituto en Navia.

Esta demanda de nais e pais foi recollida en moitas das alegacións presentadas o plan parcial de Navia, dado que o incremento de solo residencial no ámbito fará necesario cubrir novas necesidades educativas en un entorno xa deficitario.

O Concello de Vigo, recolleu as demandas da cidadanía e tamén presentou unha alegación o plan parcial demandando o compromiso da Xunta de construción dun Instituto en Navia. A resposta negativa do IGVS, a ausencia de compromiso da Consellería de Educación e a negativa do Presidente da Xunta a asinar un convenio que comprometa a execución do Novo Instituto de Navia levan a grupo municipal socialista no Concello de Vigo a presentar a seguinte moción,

Por todo isto, solicítase á Corporación Municipal adoptar o seguinte

ACORDO:

Instar á Xunta de Galicia a sinatura dun convenio de colaboración co Concello de Vigo para a construción e posta en servizo do Instituto de Navia.

A tal fin, a Xunta de Galicia incorporará esta actuación nos plans de investimento educativo e nos orzamentos autonómicos, de tal xeito que o proxecto construtivo desta dotación pública se inicie en 2021 e a obra comence en 2022 para que esta instalación sexa a primeira licitada, adxudicada e executada do plan parcial de Navia.

O goberno municipal reservará parte da dotación pública municipal do plan parcial de Navia para a execución do instituto en Navia, singularmente a parcela EQ IIIB de 12.576 m², situada a carón da VG20, será cedida inmediatamente a Xunta de Galicia co fin de materializar esta dotación.”

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Eu a verdade é que recoñezo que me gustaría non ter que presentar esta moción, recoñezo que estaría encantada con que a situación fose tan clara que o Instituto de Navia que leva sendo demandado durante tanto tempo polos pais e nais de Navia que teñen que levar aos seus cativos a 10 quilómetros de onde están hoxe, tendo institutos alí ao seu carón e ademais tendo unha ampliación de solo para novas residencias, precisamente a carón das súas portas, teñan que percorrer 10 quilómetros para que os rapaces vaian a continuar os seus estudos obrigatorios e o bacharelato, polo tanto, gustaríame que esa realidade que en algún momento a Xunta de Galicia chegou a Vigo e dixo, si, si, faremos un instituto en Navia, gustaríame que non tiveramos hoxe que estar presentando esta moción, pero a realidade é que na visita recente que o presidente da Xunta de Galicia fixo a Navia para publicitar as obras de urbanización e as obras de

construcións de novas vivendas sometidas a réxime de protección en Navia, polas que os vigueses/as levamos esperando 12 anos, pois nesa visita a verdade é que o instituto de Navia esqueceuse, e claro, ao principio pensábase que era un esquecemento, xa sabemos que non era un esquecemento, que era unha clara intención porque a continuación presentaron os orzamentos da Comunidade Autónoma para o vindeiro ano 2021 e claro, o instituto de Navia nin está nin se lle espera, pola contra, a Xunta de Galicia anuncia que vai a facer un proxecto ó que destina 50.000 euros para facer un instituto nas Travesas. Claro, lembramos que esta foi aquela ocorrencia que tivo a delegada da Xunta de Galicia en Vigo por aquel entón, onde cando foi claro e evidente que a Xunta de Galicia negábase a atender a demanda dos veciños/as de Navia e de todo Vigo, de que os cativos de Navia non tiveran que percorrer 10 quilómetros para ir ao instituto senón que se fixera un instituto en Navia que é preciso xa para as familias que hoxe viven alí, pero sen dúbida vai a ser aínda máis preciso cando 1.600 novas familias cheguen a Navia coa ampliación deste polígono, polo tanto, cada día máis imprescindible a construción dese instituto. Polo tanto, como entendíamos que esa realidade tiña que cumprirse ou sexa si, a Sra. Porro, ante a negativa da Xunta de Galicia tivo a ocorrencia de que un deses edificios do xulgado actual que quedaba en desuso, podíase destinar ao Instituto, claro, a realidade que isto é moi serio, porque a parcela na que, bueno, nun edificio xa anunciaran que ían facer un centro de saúde, é como a lotería, cada día una cousa, pero a ocorrencia dun instituto nesa parcela a verdade que hai pensalo con seriedade e máis aínda coa que está caendo a día de hoxe, en plena pandemia, cando temos absolutamente claro que se algo temos que ter nos centros educativos é espazo, e non espazo só dentro das aulas, senón tamén espazo fora das aulas, para que os rapaces poidan desenvolver a súa actividade docente educativa con normalidade e que é o que nos están ofrecendo? Pois nos están ofrecendo facer un instituto reformando un edificio sen espazo para facer deportes, para saír ao recreo, é dicir, os nenos/as mirarán o verde nunha maceta e dende logo farán non sei o recreo no hall do edificio. O instituto Santo Tomé de Freixeiro, que se construíu en 1970 está ubicado nunha parcela de 8.000 metros cadrados, o instituto que pretender facer nas Travesas está ubicado nunha parcela de 3.500 metros cadrados, 3.800 metros cadrados, polo tanto, non cumpre os requisitos axeitados para poder facelo. Polo tanto, nós o que pedimos nesta moción dunha vez por todas é que a Xunta de

Galicia atenda ás necesidades educativas dos cativos/as de Vigo. Isto significa polo tanto, que a Xunta de Galicia ten que asignar un convenio de colaboración co Concello de Vigo para que cedamos unha parcela xa lle dixemos que parcela, a parcela de uso dotacional que ten máis de 12.000 metros cadrados que está a carón da VG-20, o concello de Vigo comprométese que en canto nos cedan esa parcela inmediatamente a transferiremos á Xunta de Galicia, pero iso si, o que esixe é que no vindeiro ano 2021 se faga o proxecto para este centro educativo e ademais o centro educativo de Navia, este instituto de Navia sexa a primeira instalación e a primeira obra que se licite e se execute, se poña en funcionamento en Navia, na ampliación de Navia, porque as necesidades xa existen hoxe, Navia é un barrio novo onde afortunadamente hai moitos nenos/as que precisan a cubrición das necesidades educativas, polo tanto, o que esiximos é o compromiso da Xunta de Galicia co novo instituto en Navia.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O Bloque Nacionalista Galego concordamos plenamente co sentido desta moción, miren, a semana pasada o presidente da Xunta de Galicia o Sr. Feijóo, fixo unha nova excursión propagandística á nosa cidade e concretamente ao barrio de Navia para presentar o cartel do plan parcial de Navia e desa comparecencia, destas moitas que ultimamente se prodigan na cidade, chamou poderosamente non tanto do que falou senón algo que non dixo, falou dos carrís bicis, falou dos aparcadoiros, falou en detalle das zonas verdes pero nin unha soa palabra do presidente da Xunta de Galicia ao respecto dunha das reivindicacións que durante máis tempo ten esixido a veciñanza de Navia, nin unha soa palabra ao respecto do novo instituto que si durante a campaña electoral das pasadas galegas tiveron o atrevemento cínico mesmo de prometer. Dende o BNG temos que esixir que deixen de castigar ás nenas/os de Navia pero sobre todo que deixen de castigar as nenas/os de Navia escolarizadas na pública, porque aquelas/es que están escolarizados nun coñecido centro privado concertado das inmediacións, saben que ter van ter praza nalgúns dos institutos de Coia ao que están adscritos, iso nos coloca na urxencia de que os vindeiros orzamentos da Xunta de Galicia teñen que ser corrixidos para aprovisionar dos recursos necesarios que permitan que no menor tempo posible e horizonte que traza a moción do grupo Socialista é un horizonte xa bastante xeneroso en termos de xestión, para que no menor tempo posible Navia dispoña do instituto que merece, pero que sobre todo necesita.

Máis tamén é ineludible unha tarefa que vostedes o Partido Popular non quixeron abordar vendo os custes sociais e electorais que tiña o seu proxecto rocambolesco que é a zona de zonificación escolar. Nós tamén lle dicimos que o BNG non lle imos consistir unha nova zonificación escolar para premiar ás empresas amigas dos centros privados concertados, senón precisamente para priorizar e para darlle prevalencia e para apostar decididamente polos centros de ensino público, para deixar de castigar as rapaces/as que van a colexios públicos en beneficio dos colexios privado concertados nunha adscrición que penaliza como no caso de Navia obrigando a ter que transitar preto de 10 quilómetros para cursar secundaria.

SR. PÉREZ CORREA: Unha puntualización, así como hai dous concelleiros que se apeliden Pérez non teño ningún problema que a min se me chame por apelido materno Correa para non equivocarnos, tamén lle pido que cando se dirixan a nós nos chamen, que un día nos chaman Mareas, outro en Marea, isto é Marea de Vigo e se queren incluso Grupo Mixto pero nin En Marea nin Mareas, digo para que conste en acta que as nomenclaturas son as que son.

Unha cuestión sobre esta moción, cando chegou o expediente, a ampliación de finalización dos sucesivos e das últimas fases do antigo PAU de Navia, que efectivamente recolle ademais das ampliacións en torno a vivendas, ás dotacións existe unha clasificación de dotacións, este grupo municipal tanto na Xerencia de Urbanismo como no Pleno dixemos que ás veces funcionamos coa política do medo a dicir que non, porque se dicimos que non a unha cousa da Xunta de Galicia parece que Vigo boicotea á Xunta de Galicia e ten un aproveitamento electoral e viceversa, a Xunta de Galicia e o Partido Popular ten medo dicirlle algunhas cousas que non a Caballero, como por exemplo a ordenación provisional non vaia a pasar que se poida pensar que isto é un boicot á cidade, pois ás veces é bo dicir que non para prever situacións como estas. E había que trasladarlle á Xunta de Galicia que esta moi ben, que hai unha presión, unha necesidade de vivendas con algún tipo de protección pública que temos máis de 5.000 familias no rexistro de demandantes de vivenda e que non ía a ser o Concello de Vigo nin este goberno local o que paralizara o PAU de Navia, a ampliación e finalización por as cuestións relacionadas coas dotacións, pero que era absolutamente central e necesario que antes de que a Xunta de Galicia puidera desenvolver este ámbito, puxeran o

espazo e o lugar de onde se ía a colocar o IES, porque xa bailou ata por catro e cinco ubicacións, agora se ocorre o edificio que vale para todo, efectivamente, vale para un instituto, vale para non sei que, recórdame unha anécdota, o pobo de Ourense dun amigo onde a comunidade de montes tiña cartos para un só edificio, os rapaces querían un club e os vellos querían un tanatorio e un amigo meu decidiu que sexa un tanaclub, pode ser ambivalente, pois a Xunta de Galicia tamén quererá que este edificios sexa polivalente, polo día poida ser colexio e pola noite pois incluso ao mellor se lles ocorre un centro de ocio nocturno e calquera cousa, ridículo, é ridículo que propoñan que hai un edificio aquí que está abandonado e que vale para todo, e que pode ser multifuncional e nos orzamentos se consignan xa 50.0000 euros que entendemos que son o proxecto orzamentario para desenvolver o novo instituto de Vigo nesa ubicación, é un fraude porque ademais é tan fraude que sistematicamente se di que o problema é que o Concello de Vigo non daba un terreo, e é certo que nunca se puxo enriba da mesa, pero dende febreiro deste ano, me ateuño ao expresado polo Alcalde se ofrece unha parcela de 12.000 metros en Navia, pois xa non hai escusa pola Xunta de Galicia para facer un instituto de Navia, a escusa anterior, aquí hai moitos espazos dotacionais curiosamente hai un tamen ao carón do Amor de Dios que nunha eventual ampliación do colexio podería utilizalo, ese si que quedou claro para o que ía ser, porque interesa se nalgún momento o colexio relixioso quere ampliar ademais de que vanlle poñer unha gran zona de aparcadoiro e coa antigo PERI Cruceiro e aí haberá unha zona verde e seguramente será máis fácil aparcar no colexio privado que calquera dos colexios públicos que agora mesmo dentro do polígono, pero a nós nos gustaría naquela altura que estivera grafado e que dixeran exactamente de tódalas parcelas que hai cal ía ser a educativa, agora xa o sabemos e está moción o único que pedíu á Xunta de Galicia é que asinen o convenio, sabemos que os convenios que se asinan neste concello poden ir adiante, poden morrer no tempo, poden ter tódalas dificultades que moitas veces se propoñen, convenios entre dúas administracións en carácter urbanístico que logo non desenvolveremos, temos para parar un tren, pero é que a moción está clara, hai unha parcela, hai unha disposición do goberno local a que esa parcela sexa para o instituto e obviamente o debate aínda que non está resolta a zonificación, todos e cada un dos sectores implicados no deseño educativo ou nos equipamentos escolares desta cidade, xa dixeran que Navia tiña que ter un instituto e non podían estar adscritos a Valladares, iso xa está clarificado, polo tanto, a Xunta de Galicia nin necesita a

zonificación, digo que nin necesita a zonificación por se temos que abrir un debate durante un ano, dous anos sobre zonificación e non o necesita porque tamén decidiu adscribir aos nenos/as de Navia ao instituto de Valladares simplemente colocando na web do instituto de Valladares que a partir de agora os nenos/as de Navia van a Valladares, nin sequera necesitou facer unha modificación da zonificación, isto se pode resolverse maneira executiva inmediata, hai unha parcela que propón o concello de Vigo que a nós parece correcta e a pelota está non tellado do Partido Popular e de ninguén máis.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Que pouco son de fiar, Navia, unha actuación urbanística que é o futuro de Vigo, Vigo creceu cando se fixo Navia, Navia é un éxito, é un investimento da Xunta de Galicia monumental e agora vai haber outro que é a ampliación de Navia e xa estaría en marcha senón fora por este goberno porque aquí utilizaron tódolos trámites do expediente como trabas, lles molesta o investimento da Xunta de Galicia. Primeiro caeu o PXOM por iso non se puido aprobar Navia e se sacaron vostedes da manga a Lei Vigo, non era necesaria a Lei Vigo para aprobar Navia, non era necesario, aprobouse aquí, nun Pleno no que mentres tanto houbo que esperar tódalas declaracións do goberno dicindo que non se aprobaba Navia porque había que soterrar a Vigo-20 cando gobernada o Sr. Rajoy, que non se aprobaba Navia porque había que facer unhas pantallas acústicas alí, iso acabouse xa e logo chegan as eleccións autonómicas e non son quen de aprobar Navia tampouco, teñen que esperar a que haxa as eleccións e vir aquí ao Pleno, si Sra. Caride, vostede tivo o expediente parado ata que foron eleccións autonómicas e non chegou aquí ata o 29 de xullo, enredando cun presunto problema cun instituto que non estaba en condicións a Xunta de Galicia de facer porque vostede non aprobou o Plan Parcial porque non quixo o Alcalde traer aquí o expediente a aprobar. E agora están utilizando isto de novo, están utilizando isto de novo, non teñen vostedes os terreos, póñaos a disposición da Xunta de Galicia, iso é o que teñen que facer, nunca estivemos en contra de facer un instituto en Navia, xamais, e non estamos en contra, nós apoiamos este convenio, imos a votar a favor pero queremos unha cousa, que quede ben claro, porque non nos fíamos, porque vostedes non son de fiar, porque vostedes utilizan calquera escusa para poñer trabas, non quixeron aprobar Navia, lles molesta que se faga a ampliación e o instituto o único que queren do instituto público que o

Alcalde non visitará porque non visita ningún, está máis cómodo indo a visitar centros de ensinanza concertada que centros de ensinanza pública, e logo cando chega o debate se escaquea, o centro educativo de Navia se fará e nós imos a votar a favor deste protocolo pero que quede ben claro que non nos fiamos e sobre todo poñemos unha condición e aí vai a explicación do voto, nos non nos opoñemos ao convenio pero o Concello ten que ceder os terreos e non queremos que utilicen como escusa ningún trámite administrativo ou burocrático porque nos coñecemos o que hai, vostedes queren utilizar este tema para desgastar ao goberno da Xunta de Galicia, vostedes queren utilizar esta tema, lle deron as costas a 1.600 familias que poden ir a vivir aí porque vostedes atrasaron o expediente deliberadamente, o expediente podería estar aprobado hai moitos meses antes de xullo e non quixeron, ou tivo que haber unhas eleccións, gañar o Sr. Feijóo en Galicia, Pontevedra, en Vigo para que se caeran da burra e traer un expediente ao Pleno, gañar, si, gañar, vitoria, se as eleccións autonómicas foran locais nós teríamos 10 concelleiros e vostede 9, iso que pasou en Vigo e ata o 29 de xullo non aprobaron o expediente, non nos fiamos deste goberno, de vostedes, non son de fiar, van a utilizar calquera trámite ou calquera expediente para entorpecer isto, non son de fiar, poñan vostedes a disposición da Xunta de Galicia os terreos e se asinará o convenio, esa é a condición e logo o resto é enredar que é o que levan facendo vostedes durante anos, enredar no tema de Navia, Navia é un éxito, pese o que lles pese, é un éxito, Vigo creceu porque creceu Navia e se Vigo non creceu ata o de agora foi porque o tiveron parado, a Xunta de Galicia non se opón a que se faga un instituto aí, quen se opón son vostedes, que utilizan tódolos trámites do expediente para entorpecer, para facer política, que é o que queren facer aquí, política, nós non nos opoñemos a isto, imos a votar a favor pero que quede claro, hai que xogar coas cartas enriba da mesa e xogar limpo e vostedes aquí xogaron moi sucio.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Sr. Marnotes, xa que vostede ocupa aí o referendario, vostede moito ruído porque fala moi alto, pero poucas noces, porque a realidade é que no novo orzamento do ano 2021 como vostede comprenderá non hai nada do instituto de Navia, eu a verdade é que vostede ten que tomar isto con un pouco de calma e sobre todo ten que documentarse axeitadamente, que ten que ver a ampliación de Navia, o instituto de Navia coa Lei Vigo. Sinceramente creo que vostede ten un lío na cabeza pero ademais lle lembro que o que quixo parar a

ampliación de Navia por mor da anulación do Plan Xeral Municipal de Vigo foi a Xunta de Galicia que enviou a este Concello unha carta pedíndonos e dicíndonos que nos pronunciáramos, sen a nosa opinión podían continuar a tramitación do Plan Parcial, porque na opinión da Xunta de Galicia como se anulara o Plan Xeral tiña que ser anulado o Plan Parcial de Navia, esta resposta do Concello de Vigo foi á volta do correo inmediatamente emitiron unha instrución dicindo como se interpretaba a normativa do ano 93 para permitir que o Plan de Navia continuara adiante, polo tanto, este Concello non entorpeceu, este Concello facilitou, o que leva entorpecendo 12 anos a ampliación de Navia e a Xunta de Galicia, a pesares de que Navia ten en Vigo a maior demanda de vivendas sometida a réxime de protección de toda Galicia, mais de 5.000 demandantes, ten máis demanda Vigo que toda a provincia de A Coruña xunta, e sen embargo a Xunta de Galicia aquí non fai vivenda protexida, e as que fai, 44 fainas porque o Concello de Vigo lles cede unha parcela para poder desenvolver esa actuación, pero isto é o mundo ao revés, Sr. Marnotes, cédanlle vostedes unha parcela á Xunta de Galicia e logo xa asinaremos un convenio, para que? Unha vez que cedamos a parcela se o contido do convenio e o protocolo que o Concello de Vigo enviou é precisamente para dicirlle que cedemos unha parcela para construír un instituto, e a parcela está perfectamente definida no protocolo, parcela EQ3 dotacional de máis de 12.000 metros cadrados, destinados á construción dun instituto e a Xunta de Galicia di que non lle serve, que non lle serve que? Que non quere facer un instituto en Navia, claro, esa é a condición. Polo tanto, o problema fundamental é a ausencia de compromiso claro por parte da Xunta de Galicia, isto é un escándalo, unha vergoña, están enredando co instituto das Travesas, e sabe por que? Para darlle coa porta nas narices tamén á Universidade de Vigo, que foi a que solicitou que ese edificio fora para traer instalacións da universidade de Vigo ao centro da cidade, lle deron coa porta nas narices na Etea que solicitaba a mellora dos institutos docentes investigadores para poder facer un proxecto de futuro e lle dan coa porta nas narices nas Travesas pedíndolle, dicíndolle á Universidade de Vigo que alí non cabe, que van a facer un instituto para que os nenos fagan o recreo nunha maceta, un escándalo, este convenio é moi claro, nós cedemos a parcela, xa dicimos cal e de que tamaño e a Xunta de Galicia que corrixa os seus orzamentos para que no ano 2021 comece este proxecto e a obra.

PRESIDENCIA: Sr. Marnotes, estaba embelesado escoitando á concelleira e entón despisteime. Vostede non pode dicir que non lle deixo rematar sempre, non lle corto. Sr. Marnotes déixolle rematar sempre independentemente do tempo.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente, tamén se atopan ausentes as Sras. Silva Rego e Rodríguez Calviño).

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.11.2020 (Rex. Nº 2705/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

10(216).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A INTRODUCIR NOS ORZAMENTOS DO ANO 2021 UNHA PARTIDA PARA A CREACIÓN DE, POLO MENOS, DÚAS ESCOLAS INFANTÍS, ASUMINDO INTEGRAMENTE O SEU FINANCIAMENTO. REXISTRO PLENO 2706/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de novembro de 2020, número 2706/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gomez Díaz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Nos últimos anos incrementou de forma notable a demanda de prazas públicas en escolas infantís. A conciliación familiar e laboral constitúe unha problemática na

sociedade actual, e un dos elementos fundamentais para facilitala é a oferta de prazas públicas.

A carencia de prazas nos centros de educación infantil é considerado un dos puntos negros da conciliación.

Unha vez máis, a Xunta de Galicia non está a cumprir coas súas obrigas nunha materia tan sensible como é a educación infantil. É o Concello de Vigo o que está a asumir, moi por enriba do que lle corresponde formalmente, o compromiso de dar resposta as necesidades dos vigueses e viguesas nesta materia.

Nesta cidade a última escola infantil que puxo en funcionamento a Xunta de Galicia data do ano 2012. Nese mesmo período de tempo, dende o ano 2012, os gobernos de Abel Caballero, abriron 4 novas escolas infantís municipais, Navia, Mestres Goldar, Tomás Alonso e Casiano Martínez.

Nos últimos anos, incrementou de forma notable a demanda de prazas públicas, e pese a aposta do goberno de Abel Caballero polo aumento da oferta, coa creación nos derradeiros anos das novas escolas infantís, aínda resultan insuficientes.

Este goberno é o único que está apostando pola conciliación e pola creación de novas escolas infantís, ofertando máis prazas que a Xunta de Galicia e creando novas escolas que palien a alta demanda dos vigueses e viguesas, algo que debería asumir a Xunta de Galicia.

O señor Feijoo leva anos prometendo un aumento de prazas en escolas infantís coa creación de novos espazos educativos de 0-3 anos pero a realidade é que, na cidade de Vigo, a Xunta de Galicia, segue a incumprir as súas promesas e segue a estar desaparecida.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

- Instar a Xunta de Galicia a introducir nos orzamentos do ano 2021 unha partida para a creación de polo menos dúas escolas infantís na Cidade de Vigo, asumindo integramente a súa financiación.”

DEBATE:

SR. GÓMEZ DÍAZ: Imos baixar un pouco o ton, Sr. Marnotes para falar de educación pública e dunha situación que estamos a vivir porque á hora de falar de escolas infantís temos que falar de conciliación, a conciliación familiar, persoal e laboral constitúe unha problemática complexa na sociedade actual e un dos recursos para facilitada é a oferta de prazas das escolas infantís. A carencia de prazas nos

centros de educación infantil é considerado un dos puntos negros da conciliación, unha vez máis a Xunta de Galicia e o Sr. Feijóo non está a cumprir coa súas obrigas nunha materia tan sensible como é a educación infantil, nesta cidade a última escola infantil que se puxo en funcionamento por parte da Xunta de Galicia data do ano 2012, nese mesmo período de tempo dende o ano 2012 ata o ano 2020 os gobernos liderados polo Sr. Caballero puxeron en funcionamento 4 novas escolas infantís, Navia, Mestres Goldar, Tomás Alonso, Casiano Martínez e a estas catro escolas temos que engadir as que xa viñan funcionando con anterioridade como Santa Cristina, Atalaya, Santa Marta e Saians, en breve espazo de tempo se inaugurará outra nova escola infantil en Bembrive con 82 novas prazas, e por certo, dúas desas escolas da rede autonómica, as da rúa Palencia e Valadares, está a Xunta de Galicia obrigando a este Concello a pagar máis de 250.000 euros e sen ter xestión das mesmas escolas, pero o que fai o Sr. Feijóo son anuncios, anuncios temos moitos e entón dixeron vou a facer un repaso aos anuncios electorais e ás súas promesas en campaña, fagamos un pequeno repaso, por exemplo, dende o 2011, Diario de Pontevedra, o Sr. Feijóo anuncia creará 1.000 prazas en escolas infantís durante o 2011, 2011 La Voz de Galicia, o Sr. Feijóo promete ampliar en 4.500 prazas de escolas infantís ata 2013, programa electoral do Partido Popular no ano 2012, desenvolvemento do Plan Demográfico, anuncia a posta en marcha de 3.500 novas prazas en escolas infantís, Diario de Ferrol, 2016, o Sr. Feijóo anuncia 2.000 novas prazas públicas de escolas infantís, programa electoral do Sr. Feijóo ano 2016 presentado na cidade de Vigo, o “Sr. Feijóo ha presentado en Vigo su programa electoral en el que ha prometido construir y ampliar dotaciones educativas y construir una nueva escuela infantil, 2016 “Faro de Vigo, 2017, o “Sr. Feijóo promete que no próximo curso non haberá listas de espera nas garderías”, e agora despois de tanta promesa imos á realidade; Atlántico Diario, ano 2018 a Xunta de Galicia deixa sen praza de gardería a máis de 1.200 vigueses que a pediron, La Voz de Galicia, 2019, “más de 1.000 familias de Vigo se quedan sin plaza de una guardería pública” pero agora volvemos ao programa electoral do Sr. Feijóo ao fío dos orzamentos presentados non día de onte, programa electoral do Sr. Feijóo, Galicia, Galicia, Galicia na páxina 109, reforzo da rede de escolas infantís para que Galicia sexa a finais da próxima lexislatura a comunidade autónoma líder en cobertura de prazas públicas, cal é a realidade? Pois a realidade Sr. Marnotes é que nos orzamentos da Xunta de Galicia presentados, onte neste orzamento non se contempla nin un só euro para inversión nos centros de educación pública, eses

que din que defenden pero como lle digo ten que ser con feitos non de boquilla. Despois, non se contempla nin un só euro para a construción dunha soa praza de escola pública infantil, iso si, concelleiros/as do Partido Popular se sumamos tódalas prazas en escolas de educación infantil que prometeu o Sr. Feijóo dende o ano 2012, teríamos prazas para tódolos nenos de Galicia, de Portugal e parte de Europa, e xa para rematar Sr. Marnotes e xa dende a perspectiva da cidade máis poboada de Galicia, da cidade de Vigo, é evidente que hai unha carencia de prazas de educación infantil por parte da Xunta de Galicia, a creación de prazas nos últimos 8 anos foi cero, fronte a 4 novas escolas infantís feitas polos gobernos do Sr. Caballero, este goberno é o único, Sr. Marnotes, que está apostando pola creación de novas escolas infantís que palién esa alta demanda e ademais como lle dicía na anterior moción, apoiando a tódolos/as alumnos/as desta cidade, estuden onde estuden, pero con feitos Sr. Marnotes, non de boquilla o que non podemos chegar aquí é dicir apoiamos á escola pública, queremos facer prazas de educación infantil, feitos e o orzamento da Xunta de Galicia presentado o día de onte é vergoñento para a escola pública desta cidade, e como lle digo, cero prazas de educación infantil, se esa é a aposta do Sr. Feijóo e dos gobernos do Partido Popular pola educación pública desta cidade é unha auténtica vergoña.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Tal e como xa se dixo as escolas infantís de cero a tres anos son fundamentais para facilitar a conciliación familiar e laboral, máis o certo é que as listaxes de admisión das escolas infantís públicas da cidade, as municipais máis tamén as da Xunta de Galicia reflicten unha realidade moi preocupante, 6 de cada 10 solicitudes quedan sen praza. Neste sentido, apoiando o sentido da moción que promove o grupo socialista parécenos algo modesta a petición que se fai á Xunta de Galicia, en todo caso se que quixéramos recordar en termos tamén de coherencia que o Partido Socialista votou en contra no último Pleno da proposta do Bloque Nacionalista Galego de crear tres novas escolas infantís municipais na nosa cidade nos barrios de Balaídos, do Calvario e de Teis. Miren, xa sei que van dicir que non é a súa competencia pero xa sabemos que non podemos contar coa Xunta de Galicia no Partido Popular, tanto é así que hoxe hai na cidade de Vigo máis escolas infantís públicas de titularidade municipal que de titularidade autonómica, 8 fronte a 7. Xa sabemos que os anuncios de novas prazas son como aquel

anuncio reiterado da residencia de maiores de Teis, que levamos dende o ano 2009 a escoitar e a presentar varias veces, carpa incluída nas últimas semanas.

Sabemos todo iso, máis tamén sabemos que as familias viguesas precisan con urxencia a ampliación do número de prazas públicas, e mirenen, non é un problema de recursos porque vostedes nos seus orzamentos municipais para o vindeiro ano, decidiron unicamente co seu voto, destinar 2 millóns case 700.000 euros a subvencionar aeroliñas privadas. E nós o que lle dicimos que con moita menos cantidade diso sería factible poñer en marcha novas escolas infantís municipais, díxenllo no último pleno, en política priorizar é sempre fundamental pero en tempos como este tan complexo a nivel social é irrenunciabile, e temos que atender ás necesidades reais da cidade e estas non pasan por exponsorizar aeroliñas senón por crear máis prazas nas escolas infantís públicas precisamente para facer o que non fai o Xunta de Galicia do Partido Popular.

SR. PÉREZ CORREA: O número de escolas infantís que se abriron nesta cidade, tanto no que se considera as que teñen que ser competencia autonómica como as que poden ser competencia municipal, non hai ningún tipo de incompatibilidade á apertura de escolas infantís municipais, non estamos ante unha cuestión exclusivamente de competencia, entre outras cousas porque na súa orixe nin sequera se adscribían á Consellería de Educación, as escolas infantís, senón que entraban dentro de para nós un entramado bastante discutible que era o Consorcio Galego de Benestar porque dixemos que era unha plataforma previa para a privatización como finalmente aconteceu co sistema de escolas infantís da Galiña Azul, cunha privatización ademais que custou moitos desgustos en canto á calidade do servizo tivemos ultimamente problemas cos alimentos que subministraban aos nenos/as, toda esa casuística que sabemos, polo tanto, o Concello de Vigo dentro das súas competencias pode desenvolver unha rede de escolas infantís municipais e ademais agora con máis motivo hai que facelo, porque temos unha sentenza xudicial que nos di que temos independentemente que as faga xuntas, imos que ter que pagar unha parte o Concello de Vigo, pois case prefiro que sexan nosas do Concello e non depender da arbitrariedade dos criterios da Xunta de Galicia en materia de educación infantil, vimos de vivir un conflito laboral importante en moitas escolas infantís privadas pero tamén nas escolas infantís dependentes neste caso da Xunta de Galicia e obviamente por convenio laboral tamén das que son municipais. Polo tanto, se imos a ter que

cofinancialas comeceamos a crear a nosa nova rede que por certo leva anos sen ampliarse, é certo que se fixeron algunhas pero levamos dende o ano 2012, dende ese momento en que se considera que co superávit ou co remanente de tesourería non se pode construír unha escola infantil porque non se considera un investimento financeiramente sostible, pois temos o problema de que se queremos facer escolas infantís o que temos que facer é inicialmente consignalo no orzamento como investimento e vostedes poden priorizar que nos 51 millóns de euros que ten agora mesmo de investimento directo o orzamento do ano 2020, entre 51 millóns de euros poderían ter consignado algunha escola infantil como fan outros concellos, e isto foi ademais un motivo de fricción entre o goberno da Sra. Carmena en Madrid e o Ministro o Sr. Montoro que lle custou a cabeza ao meu amigo o Sr. Sánchez Mato porque decidiu que quería utilizar e superar o Teito de Gasto porque tiñan que crear unha rede de servizos sociais e de escolas infantís en Madrid, e foi sesgado, por incluso cunha política moi belixerante por parte do Ministro o Sr. Montoro porque como ía gastar Madrid 300 millóns de euros dos seus 1.000 millóns de euros, bueno, vostedes agora tiñan un instrumento que era o remanente e dio o propio informe do Interventor, vostedes podían ter utilizado o remanente, 33 millóns de euros, case nada, sen tocar ao orzamento do ano 2021 e priorizando tódalas cousas que sei que o Sr. Caballero e ao seu equipo de goberno lle gustan, e sen entrar nesa discusión que é unha discusión que levamos 5 anos e que non damos resolto, pero co remanente que eran uns cartos inesperados vostedes poderían ter dotado cando menos dunha escola infantil polos barrios máis populosos desta cidade e decidiron outras cuestións que discutimos aquí no Pleno, á oposición lle dixemos que fallaban prazas educativos si só lle demandamos á Xunta de Galicia deixamos a educación de 0 a 3 anos desamparada porque xa sabemos cal vai a ser o mecanismo de resposta da Xunta de Galicia con respecto á educación infantil e con respecto a esta cidade, e ademais agora cunha lei absolutamente infame que nos obriga a pagar parte dese servizo, pois fagámolo nós, prioricemos e comeceamos por varias cuestións porque temos unha seria diferenciación entre as escolas da Xunta de Galicia e as do concello, incluso en canto a prezos e polo tanto, é bo que nós dende o punto de vista da autonomía local poidamos ter a nosa propia rede e decidir bonificacións moito máis amplas das que propón a Xunta de Galicia, e ademais por que é urxente? Porque hai que desdobrar máis aulas, o número de ratios vai a cambiar

na educación infantil de 0 a tres anos, os nenos non poderán estar comendo nas mesmas quenda ou un número tan amplo de nenos/as nas aulas e imos ter que crear esa rede, e hai moitos concellos que no orzamento do ano 2021 xa están a poñer a construción de centros de día e escolas infantís e non pasa nada, non se cae o mundo, se non nos gastamos 2 millóns de euros en modificar a Praza Elíptica que eu non vexo que por aí estean a caer preduscos, nin haxa cortocircuitos se tocas unha farola, e non nos gastemos 2 millóns de euros niso e gastémolos nunha escola infantil ou creemos convenios coa Xunta de Galicia para cofinancialos que tamén é unha opción que están facendo moitos concellos.

SRA. LÓPEZ ROMÁN: Lle informo Sr. Gómez porque eu non sei onde leu vostedes os orzamentos galegos, pero o goberno galego ten previsto nos orzamentos unha partida para iniciar un centro interxeracional que se situará na actual estación de autobuses e que dotará á cidade de Vigo dun centro de día con 80 prazas para persoas maiores, dunha escola infantil de ata 82 prazas e de oficinas para técnicos de servizos sociais. O orzamento total para a construción será de 4,7 millóns de euros e o seu funcionamento anual supora 1,4 millóns de euros cada ano, e eu lle pregunto, en que estudo se basea vostede para falar de ao menos dúas escolas infantís? Me gustaría que de existir ese estudo o presentase aquí, que avalase a necesidade de ao menos de dúas escolas infantís e os terreos onde estarían ubicadas, porque vostede podería ter pedido 4 ou 5, da igual o número, aquí o importante é entorpecer e se tan importante é para vostede a creación dunha nova escola por que vostede non dotou unha nova escola cos remanentes, permítame dicirlle que teño a sensación que este goberno non se está dando conta que estamos ante unha crise sanitaria e que ao mellor os orzamentos do ano 2021 teñen que estar destinados ás persoas, axudas directas ás familias, á hostalería, ás empresas, ao comercio porque o punto no que se atopa Vigo moitas familias se atopan nos seus domicilios por ERTE, por paro e moitos deles nin se propoñen levar aos seus fillos ás escolas porque non teñen traballo. Así mesmo me imaxino que vostede está decatado que no ano 2019 foi o segundo ano con menos nacementos deste século en Vigo, á xente moza vaise a municipios veciños onde a vivenda é máis barata. Ano 2009 nenos de 0 a 3, 10.549, dez anos despois 8.607 pero aínda así a Xunta de Galicia aposta por Vigo e para os anos vindeiros xa fixo os estudos pertinentes para a boa ubicación que terá o centro interxeneracional.

Por outra banda, en tódolos concellos de Vigo se cofinancia a construción das escolas infantís cunha cantidade próxima á terceira parte do investimento, por que se está a solicitar o 100%? a Xunta de Galicia ofrece 689 prazas públicas, e 2.617 prazas financiadas polo goberno galego, Vigo ofrece nas escolas municipais 315 prazas, valore vostede a diferenza, a Xunta de Galicia está comprometida para que os cidadáns de Vigo gocen duns servizos de primeira calidade, o Concello de Vigo ata o momento non demostrou ter ese compromiso, non me faga lembrar que o Concello de Vigo non está pagando nin un euro polas escolas infantís da rúa Palencia, nin Valadares, me imaxino que será coñecedor que debido a ese incumprimento as escolas infantís municipais non se poden beneficiar da gratuidade do segundo fillo e sucesivo, ao redor de 150 familias serán privadas desta medida por o noso Concello non estar ao día cos pagos, paguen a débeda, ofrezan terreos, acheguen estudos, non se pasen todo o día criticando a boa xestión que fai a Xunta de Galicia sen que exista un criterio sólido de construción. Dito isto, nos imos a abster no voto porque dende o Partido Popular de Vigo xa está incluído dentro dos orzamentos do ano 2021 a creación de prazas novas de escolas infantís.

Finalmente, permítame indicarlle que a base na construción de escolas infantís novas ten que ser como lle dixen antes coherente tras un estudo, dubido que o Concello de Vigo fixera o estudo correspondente para a ubicación das novas escolas e se o teñen, por favor, fágonolo saber.

SR. GÓMEZ DÍAZ: En primeiro lugar, a Sra. López Román fixo a multiplicación do pan e dos peixes, de repente ten a Xunta de Galicia máis prazas de educación infantil na cidade que o Concello, falso, 620 prazas ten o Concello e 580 ten a Xunta de Galicia, ese é o dato. Despois un respecto aos funcionarios desta casa, en concreto aos de Área de Educación que fan un estudo pertinente tamén para saber o número de prazas que se precisan nesta cidade nestes momentos, poderíamos facer máis escolas evidentemente, pero é que levan prometidas miles, miles e miles de prazas e ata o día de hoxe 0 prazas nos últimos 8 anos, esa, como lle dicía é a aposta da Xunta de Galicia pola educación e polas escolas, agora, anotamos outra nova escola, xa agora poden vir os nenos do continente americano, xa podemos inscribir a todos con tódalas promesas que fixo o Sr. Feijóo en canto as escolas infantís desta cidade, xa temos prazas para todos.

Despois a verdade que di que non estamos a pagar as escolas infantís da rúas Palencia e Valadares, eu creo que non se decatou de que as liquidacións están ao día, que se está a pagar e fala da gratuidade do segundo fillo, lle recomendaría que espere porque ao mellor ten novas, porque creo que está bastante pouco informada deste tema, entón, primeiro este Concello está a pagar ás escolas infantís da rúa Palencia e Valadares e o que debería de facer antes de vir a un Pleno é informarse e vir cos datos reais, o que non pode é chegar aquí a este Pleno a difamar e a dicir que non se está a pagar, eu non sei de verdade de onde sacou a información, eu de verdade con todo o respecto que veña a este Pleno a dicir que a Xunta de Galicia ten máis prazas de escolas infantís que o Concello e que o Concello non está ao día do pago das escolas da rúa Palencia e de Valadares, é unha difamación, entón pediríalle que para outro Pleno veña un pouco máis informada para non dar estes datos erróneos que o único que buscan é xerar o de sempre, “fake news” e falsidades que é o que acaba de facer hoxe neste Pleno, así que respecto aos técnicos deste Concello, respecto a este Pleno e por favor, un pouco de criterio e de saber estar, non é moito máis, porque creo que non se pode difamar desta maneira.

Despois xa para rematar Sr. Pérez Iglesias, eu estou de acordo en que fan falla máis prazas de educación infantil nesta cidade pero entenderá que o lexítimo é que este goberno local tamén lle reclame á administración competente que faga esa aposta, cando este goberno nos últimos 8 anos fixo 4 escolas infantís en zonas que eran necesarias, creo que é lexítimo que lle pidamos á administración competente que exerza as súas competencias.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente, tamén se atopan ausentes as Sras. Silva Rego e Rodríguez Calviño).

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa

e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.11.2020 (Rex. Nº 2706/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gomez Diaz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

11(217).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A INCREMENTAR O FONDO PREVISTO PARA AXUDAS Á HOSTALERÍA, COMO CONSECUENCIA DA SITUACIÓN DE PECHE POLA COVID19. REXISTRO PLENO 2707/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de novembro de 2020, número 2707/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Goberno do Estado español veu adoptando diversas medidas económicas de apoio para facer fronte aos efectos que o COVID19 ten sobre as persoas máis afectadas polos efectos da pandemia e, por extensión, sobre os sectores que así o precisan.

Estas medidas económicas de apoio se adoptan, ademáis, respetando a estrutura competencial do Estado autonómico que diseñou a nosa Constitución de 1978, de xeito que se transfiren os créditos ás Comunidades Autónomas -que son quenes teñen as competencias en materia sanitaria, social, educativa, de comercio e de políticas activas de emprego- para que sexan estas Administracións intermedias as que canalicen, á súa vez, os recursos hacia os cidadáns -nos casos de axudas directas- ou hacia as Administracións máis cercanas ás persoas: os Concellos.

Así, en primeiro lugar, se creou un Fondo Social Extraordinario para os Servizos Sociais de Base de 300 millóns de euros para apoiar ás familias en tarefas de coidados. Se trata de protexer ás persoas máis vulnerables: persoas de idade avanzada, dependentes, persoas sen fogar, familias monoparentais e outros. O

Decreto Lei permitía que as Comunidades Autónomas transferisen ás Corporacións Locais fondos para reforzar os servizos de proximidade de carácter domiciliario, reforzar a teleasistencia domiciliaria, prestar servizos de rehabilitación a domicilio, reforzar os dispositivos de atención a persoas sen fogar ou adquirir medios de prevención.

Deste Fondo de 300 millóns, Galicia recibiu 17.010.652 euros sen que a principal cidade da Comunidade Autónoma por poboación e área de influencia recibise unha achega extraordinaria da Xunta para paliar os efectos da Pandemia. É máis, a Xunta de Galicia incrementou o número de horas que debe prestar obrigatoriamente o Concello pero sin incrementar a financiación do custo por hora. Ademais dos 17 millóns de euros, Galicia tamén recibiu a parte proporcional dos 25.000.000 de euros que se transferiron ás Comunidades Autónomas para gastos de comedor nos Colexios.

Pero e que, en segundo lugar, tamén se creou un Fondo Extraordinario de 16.000 millóns. Este Fondo supón a maior transferencia de recursos do Goberno central ás CCAA ao marxen do sistema de financiación e que, ademais, ten a consideración de non reembolsable posto que non o terán que devolver e tampouco pagarán intereses.

Este Fondo COVID está formado por varios tramos. Un para sanidade, outro para educación e outro para paliar os efectos sobre as actividades económicas. Do primeiro tramo, xa foron abonados 6.000 millóns de euros ás Comunidades Autónomas e neste mes de novembro se transferirán 3.000 millóns máis para gasto sanitario. O segundo tramo está asociado á educación e xa foi transferido por un importe de 2.000 millóns de euros. O terceiro tramo, de 5.000 millóns de euros, aportará recursos adicionais ás Comunidades Autónomas e, polo tanto, Galicia tamén recibirá importantes recursos adicionais.

Por todo isto, solicítase á Corporación Municipal adoptar o seguinte

ACORDO:

- Instar á Xunta de Galicia a incrementar o fondo previsto para axudas á hostalería, como consecuencia da situación de peche por COVID, ata como mínimo 75 millóns de euros.”

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Traemos unha moción moi concreta en apoio dun sector económico que como consecuencia das decisións que se tomaron certamente está sendo gravemente afectado. Dende o inicio da pandemia as actuacións de carácter económico se tomaron dende o goberno central, se tomaron moitas pero a máis importante e creo que hoxe hai que facer mención a ela, é a relativa aos ERTes, a

diferencia da crise económica anterior, permitiron manter a estrutura de emprego e en consecuencia das empresas, o sistema seguido polo goberno central foi crear un fluxo de fondos de transvase de partidas do estado ás comunidades autónomas, precisamente por entender que son as comunidades autónomas quen ten as competencias, os distintos aspectos nos que se produciron estas transferencias son coñecidos, servizos sociais, educación, sectores de menor actividade económica, hostalaría e demais, outras comunidades autónomas, non así a Xunta de Galicia, transferiron aos concellos precisamente como primeiro elemento de actuación da crise, gobernos do Partido Popular de comunidades autónomas han revertido nos concellos esas cantidades, como digo non foi o caso da Xunta de Galicia que brilou pola súa ausencia e que hoxe na cidade de Vigo o resultante é cero euros de ter recibido para actuar en concreto. A afectación aos sectores tivo aspectos xerais e outros específicos pero como dicía hoxe a situación da hostalaría é unha situación grave que require de actuacións concretas e inmediatas, a decisión sanitaria de pechar a hostalaría por parte da Xunta de Galicia e por un prazo de 4 meses nunca foi cuestionada por este goberno, por este Alcalde como ningunha das decisións sanitarias pero é certo que supuxo un duro revés e non nos imos a cansar de dicilo neste Pleno, é o momento de asumir as competencias de cada un, e o artigo 30 do estatuto de autonomía é moi claro, a proba de que se debe asumir competencias por cada administración é precisamente o que fan os concellos, o que fai o Concello de Vigo, ningunha das nosas competencias as eludimos ou as trasladamos, e a xunta de Galicia si, e neste peche de hostalaría non tivo a previsión de acompañar a decisión sanitaria coa decisión económica que se debería de ter tomado. E tivo que reunir ao sector, é certo, é a mellor proba de que lle corresponde pero chegou mal e tarde e é claramente insuficiente, se pode entender, concelleiros/as do Partido Popular que coa partida de escasamente 1 millóns de euros se pode resarcir á hostalaría de todo Vigo da situación na que están, para nada e en absoluto, pero por contra este goberno municipal, Alcalde, si adoptou medidas de carácter inmediato, actuando dentro das nosas competencias, coa exención de tributos que suporán para os negocios que teñen que estar pechados máis de 1 millón de euros, é dicir, máis de todo o que pretende achegar á Xunta de Galicia, o sector da hostalaría como creador de emprego e dinamizador da vida social, foi prioritario nas decisións deste goberno, fomos sempre da man goberno e sector da hostalaría e o Alcalde o

outro día dicía que hoxe a cidade está triste e é certo, porque achega moita dinamización este sector da hostalería, nós hai 13 anos iniciamos un proceso de humanizacións que favoreceron claramente á hostalería, detrás de cada unha das mais de mil rúas humanizadas están os negocios de hostalaría, pero tamén creamos no seu momento, os primeiros unha taxa cero para as terrazas e isto si que é inxección económica, non polo feito de que se veña facendo dende hai 8 anos, non polo feito de que supuxera máis de 25 millóns de euros para o sector hai que deixar de telo en conta, porque fago a seguinte reflexión, si mantivésemos a taxa e incentivésemos aos negocios de hostalaría con 3 millóns de euros que se diría? Que é unha magnífica idea? Pois precisamente foi a que se puxo en marcha para incentivar a eses negocios, é evidente que dende a creación daquela taxa cero nas terrazas, exemplo para toda España, o sector da hostalaría creceu e lle deu moito a esta cidade.

SR. PÉREZ IGLESIAS: É claro que a partida de apenas 30 millóns de euros prometida pola Xunta de Galicia do Partido Popular é abertamente insuficiente, radicalmente insuficiente e é moi probable que non sexa nin capaz nesa partida, de asegurar esa contía mínima de 2.000 por axuda e é por iso que o BNG defendemos onte mesmo no Parlamento Galego a través da nosa deputada viguesa Carmela González, un plan integral de rescate para sectores como a hostalaría que estivese dotado como mínimo de 200 millóns de euros, polo tanto, é evidente a coincidencia co sentido da moción do grupo Socialista ao respecto de que é imprescindible incrementar os recursos que quere poñer sobre a mesa o goberno galego, a Xunta de Galicia, do Partido Popular.

Dito isto, temos que lamentar nisto, ao fío tamén reflexión que fixemos nalgunhas outras mocións neste mesmo Pleno, a falla de coherencia ao respecto das posicións dos políticos, mirenen, vostedes de 50.000 euros que tiñan aprovisionados para axudas ao comercio este ano, executaron cero, neste ano, en ano de pandemia. Vostedes dixeron que non á proposta do BNG de destinar dos remanentes deste Concello 10 millóns de euros para axudas ao sector comercial e á hostalería e 2 millóns de euros máis para unha campaña de promoción do consumo de carácter local no sector comercial no pequeno e mediano comercio e tamén na hostalaría, vostedes non atenderon ata hoxe ningunha das peticións desesperadas que se trasladaron por parte dos diferentes colectivos e asociacións de comerciantes, con convocaron nin tan sequera a mesa local de comercio.

Miren, as persianas non se van volver levantar con boas palabras, nin responsabilizando a outra administración, nin denunciando a non competencia da Xunta de Galicia, que non a ten, é incompetente politicamente á hora de abondar esta situación por falla de vontade política. As persianas van volver abrise se dende tódalas administracións se arrimar o ombreiro, dende logo o marco competencial será o mesmo para Vigo que en A Coruña, que en Lugo onde os gobernos presididos por alcaldes do Partido Socialista non tiveron reparos en axudar á súa hostalaría e ao seu comercio local.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Efectivamente nós tamén concordamos en que a Xunta de Galicia debe incrementar decididamente e ten que facer efectivas ademais as axudas á hostalaría como consecuencia da situación que estamos a vivir, estamos loxicamente de acordo e votaremos a favor desta moción, non obstante fronte á reiterada negativa do goberno local á hora de executar axudas ao comercio e á hostalería locais, nada nin ninguén impedía ao goberno de Vigo destinar gran parte dos remanentes e tamén do orzamento do 2021 á creación de axudas ao sector do comercio e da hostalería como tamén ao sector cultural ou a evitar a quebra da oferta de actividades das asociacións veciñais. Este grupo municipal ven advertindo da necesidade de apoiar con recursos ao comercio e á hostalaría locais dende abril, cando trouxemos a este Pleno unha moción instando ao Concello a aprobar un programa de reconstrución económica social na nosa cidade por mor da crise da COVID-19, e volvemos a insistir no mes de xuño cunha moción que instaba ao Pleno do Concello a solicitar de xeito urxente axudas para o sector do comercio e da hostalería locais, ante o inicio inminente da campaña de verán e unha vez máis, hai un mes, o 26 de outubro, rexistramos unha moción urxente reclamando medidas para paliar os efectos da declaración do estado de Alarma en Vigo, nomeadamente para o comercio e a hostalería locais, en novembro, é dicir, hai poucas semanas, volvimos destacar esta necesidade tanto na nosa proposta sobre o destino dos remanentes de Tesourería como na emenda á totalidade do proxecto orzamentario para o 2021, solicitamos liñas de axuda ao comercio local e autónomos, liñas de axudas específicas ao sector hostaleiro, unha campaña de impulso do comercio de proximidade, unha campaña de modernización TIC no comercio local, un plan de emprego de formación no comercio local e na hostalería. Centrándonos no que os ocupa propuxemos na liña do que tamén

fixeron efectivamente outros concellos de diversos signos, axudas directas á hostalaría análogas ás axudas ao comercio local, máis evidentemente tendo en conta o peche cando menos dun mes neste sector, polo tanto, as cantidades destinadas ao pago de alugueiro e de custos fixos de negocios deberían ser maiores, propuxemos pois, lembro unha axuda non inferior a 2.000 euros por negocio que se complementaríase loxicamente coas que deben executar outras administracións nomeadamente por suposto á Xunta de Galicia. A carón disto non debemos esquecer outras actuacións necesarias á hora de fortalecer o sector, un plan de emprego e formación no comercio e hostalaría, é fundamental e especialmente cando é moi probable que novos modos de traballo e de atención ao público viñesen para quedar, e tamén o deseño, en diálogo cos representantes do sector, de campañas públicas que poidan ser de utilidade, dinamización cultural e artística nas rúas, axudas de promoción e publicitaria, concursos gastronómicos, rutas gastronómicas na propia cidade entre outras, en definitiva como xa dixemos dende o grupo municipal da Marea de Vigo en distintos e reiterados momentos dende o inicio desta crise, á marxe da actuación do Concello de Vigo como a administración máis próxima e tamén como cidade motor de Galicia é ampla e a súa activación só depende da vontade política do goberno local, sen que isto negue como é evidente a necesaria actuación e competencia da Xunta de Galicia, polo cal votaremos a favor desta moción.

SR. GONZÁLEZ CASTILLO: Vostede Sr. Font, fala moito e quen moito fala moito fire pero no seu caso ademais vostede cree que os demais cremos todo o que vostede di, todo, iso é o que o que vostede cree pero claro Sr. Font iso non é así, sabe por que? Porque sabemos ler, os cidadáns desta cidade sabemos ler e por iso non cremos todo canto di, porque vostede di cousas que non son certas, vostede co seu populismo quere enganar a toda unha cidade, pero como pode vostede crer que van a enganar a todo o mundo sempre? Mire vostede volve detallar o artigo 2, do Real Decreto Lei 22/2020 de 16 de decembro, onde se establece a que van destinadas as partidas que é como as comunidades autónomas han de facer uso deses cartos e a Xunta de Galicia Sr. Font fai uso desas axudas tal e como se dispón porque do contrario, repito, estaría conculcando a lexislación vixente, lle leo un resumo, “del tramo I de 6.000 millones se dispone su distribución del siguiente modo, 35% destino a la protección de la salud, 30% destino a pacientes que han procesado ingreso e UCI, 10% destinado a pruebas y las cuantías que recibe las

comunidades autónomas estarán en función del número de casos certificados”, como en Galicia a pandemia nos afectou menos porque a Xunta de Galicia sempre tomou as medidas con rapidez e eficacia, pois o goberno do Partido Socialista Obrero Español e seus socios comunistas e independentistas castigan á Xunta de Galicia por ter feito os deberes, non se ría Sr. Losada, a última partida deste tramo tampouco vai destinada á hostalaría, que ten na nosa cidade un peso específico moi alto e que perderon os catro meses de actividade turística, esa partida, a última dun 25% tamén está destinada á incidencia na pandemia, como non pode ser doutra maneira, non criticamos aquilo que vai destinado á saúde das persoas, iso Sr. Alcalde, señores concelleiros do PSOE, nunca nos oirán criticar a protección da saúde das persoas, do segundo tramo de 3.000 millóns máis do mesmo e aplaudimos como non pode ser doutra maneira, 45% repartidos entre sete grupo de idade tamén destinados á saúde, 25% destinados a pacientes que precisaron internamento e ingreso en UCI, 10% destinado ao diagnóstico do COVID-19 mediante probas PCR, 20% a pacientes que precisaron UCI, etc., lean o Real Decreto Lei antes de dicir cousas contra o goberno da Xunta de Galicia que carecen de fundamento, non hai ningunha partida da hostalería, non hai ningunha, así que non utilicemos as institucións para xerar desinformación e menos vostedes que limitan a liberdade de expresión presumindo así de atallar os bulos, usen dunha vez as ducias e ducias de millóns e dos 5.000 millóns de fondos para os concellos que, a Xunta de Galicia arbitrou axudas á hostalería e ao pequeno comercio, aos autónomos e vostedes deberían facer o mesmo, presentan vostedes unha moción pedindo 65 millóns de euros cando a Xunta de Galicia mobiliza máis de 100, é que non se decatán, o Concello de Vigo nin un euro, non esnaquicen a hostalaría e o comercio de proximidade, como fan tódolos días, hai moita xente tras a hostalaría e o comercio, miren vostedes os prezos da pesca, caeron ata o punto de non resultar rendible a súa captura e iso é de Vigo ao peche deste día, a xente non sae e non compra no comercio de proximidade, axudas, a ver se lles cae a cara de vergoña, home. A Coruña 7,4 millóns de euros en subvencións a traballadores autónomos e empresas da cidade, Lugo, 4 millóns de euros á autónomos e empresas, Ourense 2.000 euros a cada traballador autónomo, Deputación de Ourense 8,2 millóns, Santiago de Compostela en colaboración coa Deputación 3 millóns, Ferrol, Pontevedra 1.200.000, Vigo cero euros e non calquera cero, cero patatero.

SR. LÓPEZ FONT: Ríame porque dicía o Sr. González Castillo de saber ler e da capacidade de ler, pois certamente agora si que teño que poñer en dúbida a súa capacidade de ler, a teño que poñer en dúbida porque non se leu nin o estatuto de autonomía nin se leu os reais decretos polos que os fondos se transfiren ás comunidades autónomas e isto certamente é preocupante e a vostede en concreto é ao que se lle debería de caer a cara de vergoña de non defender ao sector da hostalería, a vostedes concelleiros/as do Partido Popular é aos que se lles debería de caer a cara de vergoña de non apoiar a este sector da hostalería porque miren, falando en concreto, por cada euro que pon o goberno da Xunta de Galicia a regañadentes, este goberno municipal con datos achega 5 millóns de euros ao sector da hostalería, hai tres millóns de euros directamente ao sector da hostalería, mire, Sr. González Castillo, había unhas liquidacións de terrazas antes de que o Alcalde tomase a decisión, tómese a molestia de ver aquelas liquidacións, pregúntelle a aqueles que pagaban esas liquidacións e pregúntelle o que pagan hoxe, iso é unha axuda directa, vostede non fixo o exercicio que eu lle propoñía anteriormente de que se nós en vez de eximir desas taxas destinásemos directamente 3 millóns de euros, polo tanto, a cifra na que se estima realmente o que se achega ao sector da hostalería é 5 millóns de euros, e lle corresponde polo artigo 30, Sr. González Castillo, vaia á librería, cómprese o libro do Estatuto de Autonomía e léao. Mire, a Xunta de Galicia percibiu fondos por tódolos concepto dende o inicio da pandemia, se dixó neste Pleno, neste Concello non se recibiu nin un só euro, e voulle a dicir que o último decreto de transferencia de fondos ás comunidades autónomas é por actividade económica menor, actividade económica menor, Sr. González Castillo, eu comprendo que a vostede é moi posible que lle resulte moi difícil entender o que eu digo pero debería de intentar entendelo para poder dirixirse neste Pleno como se dirixiu. Mire, a realidade é que este goberno está ao carón da hostalería, que estivo, que estivo en promoción económica en FITUR, no Nadal, en Illas Cíes, estivemos da man permanentemente, facemos aquí un recoñecemento, a Xunta de Galicia ten competencias pero algo máis, inclusive dos seus propios fondos debería de apoiar ao sector da hostalería e polo que vostede dixó se comproba claramente que lle denegan ese apoio, así lle vai ao Partido Popular.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente, tamén se atopan ausentes as Sras. Silva Rego e Rodríguez Calviño).

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.11.2020 (Rex. Nº 2707/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

12(218).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DENDE O 20.10 AO 18.11.20. EXPTE. 908/1102 (REXISTRO PLENO 2698/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía (do 20.10 ao 18.11.20) incluídas no expediente 908/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

13(219).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS DENDE O 20.10 AO 18.11.20. EXPTE. 909/1102 (REXISTRO PLENO 2699/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados (do 20.10 ao 18.11.20) incluídas no expediente 909/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

MOCIÓNS.

14(220).- MOCIÓN DO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO SOBRE MEDIDAS DE APOIO MUNICIPAL AO TECIDO CULTURAL DA CIDADE FRONTE AOS EFECTOS DERIVADOS DA CRISE DA COVID19. REXISTRO PLENO 2701/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de novembro de 2020, número 2701/1101, o concelleiro membro Non Adscrito, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

SOBRE MEDIDAS DE APOIO MUNICIPAL AO TECIDO CULTURAL DA CIDADE FRONTE AOS EFECTOS DERIVADOS DA CRISE DA COVID19

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“Os efectos da crise derivada da pandemia do coronavirus están a se traducir en importantes prexuízos e dificultades para o tecido e a industria cultural da nosa cidade. O pasado 29 de abril, o Pleno do Concello de Vigo aprobaba, sen ningún voto en contra, unha moción promovida polo Bloque Nacionalista Galego sobre medidas extraordinarias de apoio e impulso ao tecido cultural a consecuencia da Covid19.

Nesa moción sostíñase que era necesario, senón mesmamente vital, que as diferentes administracións públicas actuasen para apuntalar a actividade cultural da nosa cidade “nun momento no que o seu tecido asociativo e profesional enfrontan riscos que poden ser letais”. Advertíase, xa daquela, de que este importante sector, que é estratéxico para unha cidade moderna e referencial como Vigo, estaba inmerso na loita pola súa propia supervivencia.

No entanto, o Goberno municipal non executou practicamente ningunha das medidas recollidas nesa moción. Unha inacción que deixou á intemperie ao sector que viu como nestes meses o impacto das restricións sociosanitarias agravaba a súa situación até o punto de inviabilizar en grande medida o desenvolvemento da súa actividade e colocando a un número importante de colectivos, profesionais e empresas dedicadas á creación e dinamización cultural ao borde do colapso.

É claro que as medidas de restrición de aforos e as esixencias preventivas, malia estaren xustificadas en termos sociosanitarios, golpearon cunha dureza descomunal un sector que xa atravesaba dificultades previas. A non realización de espectáculos, a imposibilidade de desenvolver accións formativas ou obradoiros, os atrancos loxísticos para a creación cultural, non só constitúen un problema social na medida en que merman o acceso a un ben indispensábel e de primeira necesidade, a cultura, senón que se traducen nun gravísimo problema económico e laboral.

Á inacción municipal engádese a deliberada omisión da Xunta de Galiza e tamén do Goberno do Estado, que nestes meses críticos non atenderon as reivindicacións do sector cultural.

Pequenas e medianas empresas, cooperativas, agrupacións artísticas, asociacións de diverso tipo, artistas e creadoras, fican nunha situación absolutamente límite que require do despregamento urxente de medidas específicas de apoio municipal, que evite a definitiva desertización do tecido cultural de Vigo.

Polo que, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

Instar o Goberno municipal a deseñar de maneira participativa e executar coa máxima urxencia un Programa Extraordinario de Apoio á Actividade Cultural, co obxecto de reducir o impacto da crise do coronavirus, considerando entre outras iniciativas as seguintes:

- 1 Evitar a cancelación de actuacións e eventos culturais organizados polo Concello de Vigo, despregando as medidas necesarias para dotalas das máximas garantías preventivas e sanitarias, e no caso de non poder ser executados seguir a optar preferentemente polo seu adiamento e reprogramación posibilitando o anticipo de cachés.
- 2 Priorizar o tecido cultural propio da cidade e a promoción da lingua galega na contratación municipal.

- 3 Habilitar plataformas dixitais que permitan albergar unha programación cultural municipal coa participación remunerada das compañías, grupos e agrupacións locais das diferentes disciplinas artísticas así como para a difusión da creación audiovisual.
- 4 Habilitar desde a Rede Museística da Cidade unha “Sala Expositiva Virtual” que impulse a participación das e dos creadores locais.
- 5 Reforzar os servizos bibliotecarios da cidade e optando, de maneira preferente e a través de cláusulas sociais, polas librarías da cidade como provedores de novos exemplares.
- 6 Creación dunha plataforma para a comercialización en liña de artesanía, obras de arte e libros, poñéndoa ao servizo das creadoras e creadores locais e das librarías da cidade.
- 7 Poñer en marcha unha liña de microcréditos municipais, sen xuros e coas máximas facilidades de devolución destinado a axentes culturais.
- 8 Habilitar unha liña específica e extraordinaria de axudas municipais en apoio das entidades culturais e industria cultural da cidade.
- 9 Promover o desenvolvemento de sinerxías entre o tecido cultural, o pequeno comercio e a hostalaría, no deseño da programación de actividades fomentando a cultura de/na rúa e descentralizada nos barrios e parroquias.
- 10** Estudar a creación dun Bono Cultural Municipal, destinado a facilitar o acceso social subvencionado ás diferentes manifestacións culturais.”

DEBATE:

SR. PÉREZ IGLESIAS: O pasado 29 de abril este mesmo Pleno aprobaba sen ningún voto en contra unha moción do Bloque Nacionalista Galego onde xa reclamábamos medidas urxentes, extraordinarias de apoio e impulso ao tecido cultural da nosa cidade consecuencia da COVID-19, dende aquela infelizmente ningunha, ou practicamente ningunha das medidas recollidas nesa moción se ten executado agás a reprogramación dalgúns dos eventos que xa estaban previamente contratados polo Concello de Vigo, e é por iso que diante da situación límite, absolutamente límite, do tecido e da industria cultural da nosa cidade temos que volver traer aquí un decálogo con 10 liñas de actuación concretas que entendemos permitirían evitar que se sega avanzando no proceso de desertización do tecido cultural, unha actividade que é esencial porque a cultura é un ben indispensable e porque a cultura é un elemento central na organización social, miren, sen cultura

non hai cidadanía e sen cidadanía non pode haber cidade. A situación que atravesan moitas empresas, cooperativas, agrupacións artísticas e tamén os colectivos implicados na acción cultural e nomeadamente no movemento veciñal é crítica polo efecto das restricións sanitarias, polas limitacións na súa actividade e é momento de implementar medidas concretas para apuntalar este sector, non é hora de destinar 325.000 euros de cartos públicos en favor da igrexa católica para que nos instalen un mamotreto de Sagrado Corazón de Xesús enriba dunha capela, é momento de apuntalar e abrigara o tecido cultural da cidade con medidas como o anticipo de cachés, como a priorización do tecido cultural na programación, como que se poñan en marcha plataformas dixitais que permitan o desenvolvemento da actividade cultural cando non se dan as condicións para executalo de carácter presencial, se reforce os servizos bibliotecarios apostando nas librerías desta cidade, que poña en marcha esa plataforma prometida para a comercialización en liña tamén de produtos culturais e tamén medidas de carácter financeiro como axudas específicas, microcréditos ou tamén o desenvolvemento a ter en conta á cultura no apoio ao sector comercial e á hostalería.

PRESIDENCIA: Como saben ás 12 horas hai un minuto de silencio en toda España, nós quedan aproximadamente 6 minutos non sei se esperamos, temos a intervención. Pois primeiro a intervención.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Dende o 4 de abril, cando o grupo municipal da Marea de Vigo trasladamos ao goberno local unha batería de propostas para protexer e promover o sector cultural de Vigo fronte a crise da COVID-19, xa moi patente nas nosas vidas, xa dende entón vimos reivindicando a necesidade de activar un plan de rescate dos traballadores/as culturais, un plan que implique modificar as prioridades orzamentarias na área de cultura e que bote man dun mecanismo moi pouco empregado por este goberno local, a concorrência competitiva, unha vía que semella especialmente a caída ademais diante da crise derivada da pandemia por dous principios que a caracterizan, axilidade e transparencia, unha convocatoria destas características podería publicarse o vindeiro mes, de resolverse nos primeiros días do ano 2021, a través dun procedemento anticipado de gasto, o goberno municipal deber liberar orzamentos de programacións que no vindeiro ano non serán previsiblemente operativas, o modelo de exhibición ten que

reformularse, non se pode pola mera costume seguir gastando nos mesmos programas de sempre porque o contexto xa non é o mesmo e polo que parece non o vai ser ao longo de moitos meses por moito que a situación mellore gracias a necesaria implantación progresiva da vacina, como xa dixemos había unha oportunidade no debate sobre o destino dos remanentes acumulados nos anos anteriores, e propuxemos un plan de axudas ao sector cultural da cidade, non foi escoitado pero segue sendo necesario rescatar ao sector, acompañalo e desburocratizar na medida posible o apoio económico simplificando o acceso a axudas sen cuestionar por suposto, principios como o de igualdade e de transparencia como digo, por exemplo incorporando elementos como pago anticipado das subvencións co obxectivo de axilizar os cobros, como propuxemos tamén en abril, e no futuro temos que ser capaces de adiantarnos, atender ás novas necesidades, combinando ferramentas de apoio baseadas como digo na concorrência e na contratación directa o que simplifica enormemente, tanto dende a perspectiva de quen é contratado como de quen contrata. Tamén é preciso o fomento das actividades culturais no exterior para desenvolver en zonas verdes da cidade e tecer tamén comunidade, é dicir, que creadoras/es fagan cultura inseridos nos barrios e nas parroquias, nos centros educativos e tamén nos centros culturais, a cultura democrática, a cultura que tece rede de proximidade ten unha oportunidade neste intre se os gobernos favorecen o traballo dos creadores/as nos barrios coa participación do comercio local pero tamén coa aproximación dos colectivos máis vulnerables, e por suposto compre ter en conta a necesidade de adaptación das empresas á nova realidade da distribución dixital como é o acceso a través de streaming e superando como xa sinalamos en repetidas ocasións propostas nocivas que pretenden ou que pretendan que os creadores/as locais produzan gratuitamente, e en definitiva Vigo precisa dun poder que non entenda a cultura como propaganda e que non precise evitar a crítica por lixeira que esta sexa dos colaboradores externos e dos creadores/as da cidade.

PRESIDENCIA: Imos a gardar un minuto e pouco para as 12 da maña conxuntamente con todo o país para facer este minuto de silencio en contra da violencia de xénero, das políticas machistas e calquera tipo de violencia.

Gárdase un minuto de silencio en memoria das vítimas de violencia de xénero.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Presenta o Bloque Nacionalista Galego unha moción solicitando un programa extraordinario de apoio á actividade cultural con 10 puntos cos que estamos absolutamente de acordo, xa ven de lonxe que a petición por parte deste grupo municipal dun gran programa, un gran plan municipal cultural ambicioso e apostar máis polo talento, pola creatividade, polo movemento cultural desta cidade, pois xa ven de lonxe como digo, a falla de sensibilidade pola cultura por parte do Sr. Caballero no noso criterio, foi sempre un gran clamor e agora pola situación do COVID-19 pois veuse agravaba porque a única importancia que o Sr. Caballero lle da a cultura, xa o dixemos en varias ocasións, é para darse importancia así mesmo, ese é o erro que comete permanentemente este Alcalde, este goberno municipal. O maior agravio e ataque do Sr. Caballero que lle fai á cultura en Vigo e ao seu patrimonio, por citar algo, o edificio Agarimo desmantelado e usurpado a reforma da Casa do Patín que da pena vela e o derrubado do edificio San José de Cluny na Gran Vía e o esnaquizo e atentado total á Gran Vía con ese armatoste, como dixemos é un Alcalde que cremos que non respecta a Vigo, á historia, cultura, o patrimonio, todo ten que ser un fío condutor e nós apoiamos este programa xeral ambicioso, un plan cultural para Vigo, unicamente para Vigo, ademais moi local que como di el moi viguista.

Punto por punto, sempre con criterios sanitarios por diante, nós cremos que si é posible desenvolver actividades coas máximas garantías, si é verdade que dependerá tamén da alerta e da situación con relación ao COVID-19 na que se atope a cidade de Vigo pero sería bo que no Nadal se lle dera pois algún pulo a diferentes axentes culturais e actividades e pequenas empresas, industrias culturais locais que poidan facer actividades, que poidan así ter algo de oxixeno tamén financiado polo Concello de Vigo.

No segundo punto priorizar o tecido cultural propio é fundamental, nós sempre dixemos cando o Sr. Caballero facía de teloneiro nos concertos de Castrelos que era moito máis útil, produtivo, bo e satisfactorio para todos que foran os grupos de Vigo os teloneiros dos concertos de Castrelos polo tanto, nós apostamos totalmente pola creación local, polo talento vigués e ademais pola idiosincrasia desta cidade sempre tivo unha maneira moi peculiar de facer as cousas e nós queremos que iso se poida manter no tempo.

E no terceiro punto, no primeiro confinamento no mes de febreiro nos xa pedimos que se habilitaran plataformas dixitais para moitos sectores por moi importante tamén de corte cultural o outro día no Parlamento de Galicia, na Comisión de Reactivación do COVID-19 o representante dos guionistas falaba de que a través de Facebook no primeiro confinamento foi quen de difundir actividades culturais e iso pois tamén fixo que se coñecesen por plataformas ademais de acceso moi práctico de moita xente, moi accesibles e ademais gratuítas para que tamén os artistas poidan difundir os seus traballos, isto enriquece á cidade pódese facer no ámbito local, unha sala expositiva virtual, boa idea tamén, creo que nalgúnhas webs dos museos algo se pode observar pero estaría ben que incluso pois puideramos facer algunha web vinar, debates, pois algunha actividade que se facía no seu día tamén no museo Marco e que quizais polo tema da COVID-19 presencialmente non se pode facer, estaría moi ben que houbera unha plataforma cultural onde se puidera intervir e participar.

Bibliotecas, da pena esta cidade, vostede falaba creo que o Sr. Aneiros falou no primeiro momento da biblioteca de Navia e biblioteca do Mar de Vigo, son salas de lectura, non son bibliotecas en si, non pode vostede vender biblioteca como unha sala de lectura e nós cremos ademais que cumpre o expediente pero que non son bibliotecas vivas como pode ser a Neira Vilas, como pode ser a Xan Compañel, ademais cando hai actividade e cando hai volume, cando hai produtos culturais, a xente vai, hai demanda, quero dicir non son, non quedarían no esquecemento, eu lembro cando inauguramos a biblioteca Neira Vilas no ano 2012, houbo un proxecto ambicioso de facer esas bibliotecas de barrio e non están feitas, é unha opción, eu creo que fundamental e necesaria para esta cidade con toda a dispersión xeográfica que temos, polo tanto, e creo que vostede en caso de rede de bibliotecas nada de nada, polo tanto, para nós este punto quinto é moi importante para desenvolver unha rede municipal de bibliotecas en Vigo.

Plataformas, punto sexto, para a comercialización da artesanía, positivo tamén, insisto que tamén nós propuxemos no primeiro confinamento, plataformas ademais de ámbito local incluso para a distribución, para a venda e para coñecemento incluso para publicidade do comercio local e por suposto neste caso de artesanía de produtos vigueses. Microcréditos municipais, outra medida necesaria, falabamos agora de axudas tamén á hostalería por parte do Concello, ten que haber un canal de axudas, ademais tamén falaba a Sra. Méndez, por concorrència competitiva aos produtos, ás industrias locais de cultura para que se

dinamice todo o mundo cultural e o tecido de diferentes disciplinas ademais nesta cidade. O punto oito vai na liña parecida ao punto anterior. Simplemente que apoiaremos esta moción e ademais parécenos moi oportuna.

SR. LOSADA ÁLVAREZ: A primeira cuestión, a maior parte dos puntos propostos polo Sr. Pérez Iglesias esixen fundamentalmente orzamentos, eu lamento moito a emenda de devolución do BNG no Congreso dos Deputados aos orzamentos do goberno de España porque probablemente como todos sabemos na arquitectura institucional do estado ese fluxo de arriba a abaixo permitiría que uns orzamentos que non serían os do Sr. Montoro senón que serán os que se aprobarán felizmente sen a colaboración do Bloque Nacionalista Galego, dispoñer tódalas administracións dos fondos necesarios para levar adiante estas políticas, no ámbito cultural ou en calquera outro ámbito, polo tanto, creo que esa reflexión, o Bloque Nacionalista Galego debería de facela de maneira pois relevante e dende logo a min como concelleiro de Cultura me afecta moito e me sorprende ese dobre discurso por dicilo dalgunha maneira, logo dúas observacións sobre os outros grupos, no caso Sra. Méndez, mire, un manifesto asinado tamén por vostede que presentado a este concelleiro hai dous meses, púxenme en contacto ese mesmo día coa persoa que aparecía como contacto e non volvíñ a ter noticias dos abaixo asinantes, entón leccións de participación, transversalidade, etc., as xustas, insisto, o mesmo día que entrou polo Rexistro do Concello chamei a esa persoa, por certo, unha conservación extremadamente amable e sen ningún problema, lle dixen que propuxeran a quen recibía e levo dous meses esperando a recibir, por certo, a maior parte das cousas que aparecen nese manifesto estanse facendo. E no caso da Sra. Egerique a verdade é que xa a pirueta definitiva, mire, Sra. Egerique, o Partido Popular cando fala de cultura o que ten que facer é contar a Xunta de Galicia que deixe de apoiar exclusivamente ao Xacobeo e que deixe de discriminar ás institucións culturais da cidade de Vigo fronte ás institucións culturais doutras cidade de Galicia nomeadamente A Coruña e Santiago de Compostela, iso é o que ten que facer o Partido Popular de Vigo, tan comprometido co tecido cultural da cidade porque eu creo que geta hai que procurar ter a imprescindible pero non máis.

Ben, volvemos ao Sr. Pérez Iglesias, mire, a vantaxe das actividades culturais é que vendo a páxina web e as axendas culturais do Concello se poden ver, por suposto

hai criterios diferentes, eu lle agradezo moito a definición que nos deu de cultura e de cidadanía, botei de menos dende un partido nacionalista o concepto de cosmopolitismo que eu creo imprescindible e que por certo non aparece en absoluto na súa iniciativa, eu creo que hai que defender por suposto o propio sempre, pero non vaia ser que acabemos pechados literalmente na cabaña, eu dende logo non quero nin comparto. A Cultura neste caso no Concello de Vigo, un equipo de goberno transversal eu quero citar aquí ámbitos de goberno que dunha maneira ou outra colaboraron coa produción, exhibición e coa xestión da cultura durante este período de pandemia, ao mellor esquézome dalgún pero verá vostede que están practicamente tódalas concellerías, está por suposto a de cultura, pero está tamén festas, está igualdade, está participación cidadá, está educación, está mesmo medio ambiente, está normalización lingüística, está xuventude, está comercio, está turismo, está patrimonio e mesmo está administración electrónica, está todo o goberno e volvo a repetir, basta con ver as axendas culturais desta cidade e comparalas con axendas culturais doutras cidades a única que é comparable en tamaño probablemente é A Coruña pero dende logo eu lle pedía ao Sr. Pérez Iglesias, sen acritude, que a comparara coa axenda cultural dunha cidade próxima moi querida para o Bloque Nacionalista Galego, e creo que aí poderíamos falar de política cultural sen ningunha dúbida. Se mantiveron tódalas actividades programadas, se reprogramaron, cun esforzo enorme e por certo quero agradecer o traballo dos empregados municipais polo menos do servizo de cultura é de museos, do que eu son concelleiro. Se distribuíron esas actividades por todo o territorio do Concello, en parroquias, en barrios, se multiplicaron as actividades, vostedes poden negar o evidente, pero se multiplicaron as actividades, reivindicó as redes sociais gratuítas, estamos cuestionando YouTube? Cal foi esa obsesión contra o Programa Confinarte, permitiu exactamente que moitos creadores foran coñecidos, e de feito, moitos actuaron despois en programas culturais do Concello, pois claro que é unha plataforma gratuíta, como outras moitas e por certo, voluntaria, como seguro que vostede ben sabe.

Polo tanto, Sr. Pérez Iglesias nós imos votar en contra desta iniciativa, volvo a repetir tanto en termos de calidade como cantidade estamos satisfeitos do que se ten realizado, por suposto que se podería mellorar.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Moi difícil ten que ter o concelleiro o Sr. Losada a defensa da súa acción cando ten que traer o debate dos orzamentos do Estado que trae dúas

partidas moi importantes en cultura, a achega ao Marco que o BNG vai a reclamar que se incremente, e unha partida insuficiente para a biblioteca do Estado, que mal ten que ver o balance para facer esta intervención, se quere falar de orzamentos falamos das emendas que o grupo Socialista rexeitou no debate orzamentario e sobre os orzamentos municipais moitas delas adicadas por exemplo, á creación de novas bibliotecas de reforzo da rede museística ou actuacións como o Arquivo Pacheco que dan vergoña pola inacción deste goberno. Mire, cosmopolitismo, ía dicir paletismo, cosmopolitismo non é renunciar do propio, eh! Esa é unha visión absolutamente paleta das cuestións e se quere algo de cosmopolitismo dende logo que si lle convido a dar un paseo cando se poida e senón virtual polo curto lugar e así saberá o que é facer política cultural de verdade nesa cidade que quería mencionar que é a cidade de Pontevedra. O único que fixo a concellería de Cultura no que vai de crise foi poñer en marcha, aí si que tiveron axilidade, para subvencionar o 90% dos cachés do terraceo, aí houbo axilidade, vontade, disposición porque efectivamente esa era a única actividade que ían desenvolver.

Por último, miren, o do Partido Popular agradecerlle o seu apoio, en todo caso lamentar que esta moción tamén se debe en grande medida a que a política cultural da Xunta de Galicia segue reducida unicamente ao Xacobeo.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente, tamén se atopan ausentes as Sras. Silva Rego e Rodríguez Calviño).

VOTACIÓN: Con sete votos a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 20.11.2020 (Rex. Nº 2701/1101), polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

15(221).- ROGO FORMULADO POLO CONCELEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, SR. PÉREZ IGLESIAS, REFERENTE A QUE SE GARANTA POR PARTE DA CONSELLERÍA DE SANIDADE UNHA ATENCIÓN DE CALIDADE DOS PACIENTES ADSCRITOS A POVISA.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O rogo é que o goberno municipal se dirixa formalmente á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia para esixir que se garanta unha atención de calidade cos mesmos ratios de persoal que no conxunto da rede público á cota de pacientes do SERGAS adscrito a POVISA e que se actúe diante das denuncias do Comité de Empresa da falla de medios e eivas organizativas fronte da COVID-19 nese centro médico.

PRESIDENTE: Tomamos nota do seu rogo.

16(222).- ROGO FORMULADO POLA CONCELEIRA DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SRA. MÉNDEZ FUENTES, REFERENTE Á CREACIÓN DUNHA REDE MUNICIPAL DE BIBLIOTECAS.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Que se redacte o proxecto dunha rede municipal de bibliotecas que garanta unha biblioteca municipal por cada distrito da cidade e que converta en bibliotecas reais tódalas salas de estudo municipais existentes.

PRESIDENTE: Tomamos nota do seu rogo.

17(223).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. MARNOTES GONZÁLEZ, REFERENTE Á APERTURA DOS XIMNASIOS DO PAVILLÓN CARME E DO BERBÉS.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: O noso rogo é que se abran ao público a utilización das 700 familias que utilizan os ximnasios dos pavillóns do Carmen e do Berbés.

PRESIDENTE: Tomamos nota do seu rogo.

.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

18(224).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, SR. PÉREZ IGLESIAS, REFERENTE Á PETICIÓN DOS VECIÑOS DE TEIS SOBRE A REFORMA DOS PASOS ELEVADOS DA AP-9.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Cando ten pensando o Alcalde atender á petición da veciñanza de Teis que hoxe mesmo volveu concentrarse ás portas deste Concello para que se dirixa de inmediato ao Ministerio de Transportes para esixir o amaño da reforma dos pasos elevados da AP-9 do Camiño da Xorsa e da Trapa.

PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito.

19(225).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SR. PÉREZ CORREA, REFERENTE Á DISPOSICIÓN DOS SONÓMETROS DO CONCELLO DE VIGO.

SR. PÉREZ CORREA: Que se nos informe se é certo como algún Policía Local lle está trasladando aos veciños que solicitan medicións que tódolos sonómetros dispoñibles do Concello están agora mesmo en Madrid calibrando e non temos ningún sonómetro para o tema dos decibelios nalgunhas zonas de obras da cidade.

PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e quince minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.